

ACTA DA REUNIÓN ORDINARIA DA COMISIÓN INFORMATIVA DE RÉXIME INTERIOR, ECONOMÍA, FACENDA E AXENDA DIXITAL DO DÍA 23 DE ABRIL DE 2021.

PRESIDENTE:

D. CARLOS LÓPEZ FONT.

VOGAIS:

D.SANTOS HÉCTOR RODRÍGUEZ DÍAZ.
DONA ANA MARÍA MEJÍAS SACALUGA.
D. GORKA GÓMEZ DÍAZ.
DONA NOEMÍ OUTEDA PROL.
DONA RAQUEL GIRÁLDEZ ARMAS.
DONA OLGA MARÍA GARCÍA BALLESTEROS.
D. GREGORIO AGÍS GÓMEZ.
D. JOSÉ ALFONSO MARNOTES GONZÁLEZ.
D. JORGE CUBELA LÓPEZ.
D. MIGUEL DOMÍNGUEZ ALFONSO.
DONA MARÍA PAZ LAGO MARTÍNEZ.
DON IGNACIO MARIL PARDO.
D. JOSÉ CARLOS LÓPEZ CAMPOS.
D. JAVIER TOURÍS ROMERO.
D. XOSÉ CESÁREO MOSQUERA LORENZO.
DONA MARÍA ORTEGA IÑARREA.

A través dunha reunión programada de forma telemática na plataforma ZOOM, por medio de videoconferencia, sendo as 12:00 horas do día 23 de abril de 2021 asisten, baixo a Presidencia de D. Carlos López Font Presidente da Comisión Informativa de Réxime Interior, Economía, Facenda e Axenda Dixital, as deputadas e deputados que ó marxe se sinalan, membros de dita Comisión, de acordo coa correspondente Orde do Día.

Asisten o Sr. Interventor, Don Antonio Graña Gómez e tamén

o Sr. Secretario, D. Carlos Cuadrado Romay.

Actúa como Secretario, por delegación do Sr. Secretario Xeral, Don José Antonio Gulías Varela, Técnico de Xestión do Servizo de Contratación, Facenda e Patrimonio.

Aberta a sesión, adoptáronse os seguintes acordos:

- 1. APROBACIÓN, SE PROCEDE, DA ACTA DA REUNIÓN ORDINARIA DA COMISIÓN INFORMATIVA DE RÉXIME INTERIOR, ECONOMÍA, FACENDA E AXENDA DIXITAL, DO DÍA 18 DE MARZO DE 2021.**

Sometido a votación o asunto, apróbanse por unanimidade a acta da reunión ordinaria da Comisión Informativa de Réxime Interior, Economía, Facenda e Axenda Dixital, do día 18 de marzo de 2021.



2. DELEGACIÓN DE COMPETENCIAS DO CONCELLO DE TOMIÑO NA DEPUTACIÓN DE PONTEVEDRA PARA DESENVOLVER A FACULTADE DE LIQUIDACIÓN PREVIA A PRIMEIRA MATRICULACIÓN DO IMPOSTO SOBRE VEHÍCULOS DE TRACCIÓN MECÁNICA.

O Presidente da Comisión somete a debate a proposta de acordo asinada pola directora de xestión de servizos do ORAL con data 19 de abril de 2021 en relación coa delegación de competencias do Concello de Tomiño na Deputación de Pontevedra para desenvolver a facultade de liquidación previa a primeira matriculación do imposto sobre vehículos de tracción mecánica, cuxo contido é o seguinte:

“O Pleno do Concello de Tomiño na sesión que tivo lugar o día 08 de marzo de 2021 acordou delegar na Deputación Provincial de Pontevedra as facultades de liquidación previa á primeira matriculación do imposto sobre vehículos de tracción mecánica (Altas IVTM).

O artigo 7 do Real decreto lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, de acordo co establecido nos artigos 106.3 da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das Bases de Réxime Local, prevé que as entidades locais poidan delegar as facultades de xestión, liquidación, inspección e recadación dos seus tributos e demais ingresos de dereito público nas entidades locais en cuxo territorio estean integradas, mediante acordos plenarios de delegación e aceptación e a súa posterior publicación nos boletíns oficiais da provincia e da comunidade autónoma.

Vistos os informes favorables das xefaturas de servizo do órgano de xestión ORAL e informado favorablemente pola Intervención.

Vista a proposta de acordo da Directora de servizos do ORAL, no exercicio das competencias que ten asignadas, recollidas na base 7-bis da disposición adicional V das bases de execución do orzamento da Deputación de Pontevedra, tomadas en acordo plenario de data 25 de maio de 2018 (BOPPO núm. 128 de 4 de xullo de 2018) e a Resolución da presidenta nº 24866 de data 27 de decembro de 2018.

En base ao exposto o Pleno, de conformidade co ditame da Comisión Informativa de Réxime Interior, Economía, Facenda e Axenda Dixital acorda:

PROPOSTA DE ACORDO

PRIMEIRO.- *Aceptase a delegación efectuada por acordo do Pleno municipal do Concello de Tomiño, adoptado na sesión que tivo lugar o 08 de marzo de 2021, nos seguintes termos:*



Engadir expresamente dentro da competencia xa delegada de xestión do IVTM efectuada por acordo plenario de data 18/10/1995 en favor da Deputación Provincial de Pontevedra - ORAL, a facultade de liquidación previa á primeira matriculación (Altas IVTM)

SEGUNDO.- A delegación da xestión do IVTM nos termos anteditos sométese ás condicións establecidas na Ordenanza reguladora da taxa pola prestación de servizos, aprobada polo Pleno da Deputación Provincial, a Ordenanza fiscal xeral do órgano de xestión tributaria e recadación de recursos locais (ORAL) aprobada polo Pleno da Deputación Provincial, e demais disposicións de pertinente aplicación ou, no seu caso, a normativa que por imperativo legal ou por razóns organizativas a substitúa.

Do mesmo xeito, esta delegación queda sometida aos requisitos de confidencialidade e de protección de datos establecidos no Regulamento 2016/679 (UE) xeral de Protección de Datos Persoais e da Lei Orgánica 3/2018, do 5 de decembro, de Protección de Datos Persoais e garantía dos dereitos dixitais, en idénticos termos aos establecidos nos convenios ou acordos de delegación en materia de xestión tributaria e recadatoria na Deputación de Pontevedra - ORAL

O Concello terá a consideración de responsable do tratamento, conforme ao establecido no artigo 24 do Regulamento 2016/679 (UE) xeral de Protección de Datos Persoais, así como no artigo 28 da Lei Orgánica 3/2018, do 5 de decembro, de Protección de Datos Persoais e garantía dos dereitos dixitais, e no resto de normativa vixente na materia, polo que deberá dar cumprimento ás obrigas contidas na normativa sobre protección de datos, especialmente o referido ao deber de información na recollida dos datos persoais.

A Deputación Provincial de Pontevedra - ORAL terá a consideración de encargado de tratamento, conforme ao establecido no artigo 28 do Regulamento 2016/679 (UE) xeral de Protección de Datos Persoais, así como no artigo 33 da Lei Orgánica 3/2018, do 5 de decembro, de Protección de Datos Persoais e garantía dos dereitos dixitais, e no resto de normativa vixente na materia, polo que deberá dar cumprimento, ás obrigas incluídas nas mencionadas normativas, esixindo idéntico compromiso do persoal ao seu servizo.

En consecuencia, o acceso a datos de carácter persoal no marco deste acordo realízase co único fin de permitir unha adecuada prestación dos servizos e non se considerará como unha cesión ou comunicación de datos.

TERCEIRO.- A delegación entrará en vigor unha vez aceptada polo Pleno da Deputación Provincial de Pontevedra e previa a publicación da mesma nos termos establecidos na normativa en vigor. Posto que esta delegación engádese



dentro da competencia xa delegada de xestión do IVTM terá o mesmo prazo de vixencia que esta.

CUARTO.- Facultase á Presidencia para a sinatura da documentación que sexa necesaria para a execución do presente acordo.”

Unha vez debatido o asunto e segundo o establecido nos artigos 32 da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, 52 do Regulamento orgánico da Deputación de Pontevedra e 126 do Real Decreto 2568/1986, de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais, sométese a votación a proposta de acordo, obtendo o seguinte resultado:

- 1. Votos a favor: (17)**, sendo oito (8) do grupo provincial do PSG-PSOE, sete (7) do grupo provincial do Partido Popular e dous (2) do grupo provincial do BNG.
- 2. Votos en contra: (0)**, ningún.
- 3. Abstencións: (0)**, ningunha.

A Comisión Informativa de Réxime Interior, Economía, Facenda e Axenda Dixital ditamina a proposta de acordo do asunto relativo á delegación de competencias do Concello de Tomiño na Deputación de Pontevedra para desenvolver a facultade de liquidación previa a primeira matriculación do imposto sobre vehículos de tracción mecánicasos votos a favor das Deputadas e Deputados dos grupos provinciais do PSG-PSOE, do Partido Popular e do BNG.

3. DELEGACIÓN DE COMPETENCIAS DO CONCELLO DE SANXENXO NA DEPUTACIÓN DE PONTEVEDRA PARA DESENVOLVER A FACULTADE DE LIQUIDACIÓN PREVIA A PRIMEIRA MATRICULACIÓN DO IMPOSTO SOBRE VEHÍCULOS DE TRACCIÓN MECÁNICA.

O Presidente da Comisión somete a debate a proposta de acordo asinada pola directora de xestión de servizos do ORAL con data 19 de abril de 2021 en relación coa delegación de competencias do Concello de Sanxenxo na Deputación de Pontevedra para desenvolver a facultade de liquidación previa a



primeira matriculación do imposto sobre vehículos de tracción mecánica, cuxo contido é o seguinte:

“O Pleno do Concello de Sanxenxo na sesión que tivo lugar o día 29 de marzo de 2021 acordou delegar na Deputación Provincial de Pontevedra as facultades de liquidación previa á primeira matriculación do imposto sobre vehículos de tracción mecánica (Altas IVTM).

O artigo 7 do Real decreto lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, de acordo co establecido nos artigos 106.3 da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das Bases de Réxime Local, prevé que as entidades locais poidan delegar as facultades de xestión, liquidación, inspección e recadación dos seus tributos e demais ingresos de dereito público nas entidades locais en cuxo territorio estean integradas, mediante acordos plenarios de delegación e aceptación e a súa posterior publicación nos boletíns oficiais da provincia e da comunidade autónoma.

Vistos os informes favorables das xefaturas de servizo do órgano de xestión ORAL e informado favorablemente pola Intervención.

Vista a proposta de acordo da Directora de servizos do ORAL, no exercicio das competencias que ten asignadas, recollidas na base 7-bis da disposición adicional V das bases de execución do orzamento da Deputación de Pontevedra, tomadas en acordo plenario de data 25 de maio de 2018 (BOPPO núm. 128 de 4 de xullo de 2018) e a Resolución da presidenta nº 24866 de data 27 de decembro de 2018.

En base ao exposto o Pleno, de conformidade co ditame da Comisión Informativa de Réxime Interior, Economía, Facenda e Axenda Dixital acorda:

PROPOSTA DE ACORDO

PRIMEIRO.- Aceptase a delegación efectuada por acordo do Pleno municipal do Concello de Sanxenxo, adoptado na sesión que tivo lugar o 29 de marzo de 2021, nos seguintes termos:

Engadir expresamente dentro da competencia xa delegada de xestión do IVTM efectuada por acordo plenario de data 25/09/92. en favor da Deputación Provincial de Pontevedra - ORAL, a facultade de liquidación previa á primeira matriculación. (Altas IVTM)

SEGUNDO.- A delegación da xestión do IVTM nos termos anteditos sométese ás condicións establecidas na Ordenanza reguladora da taxa pola prestación de servizos, aprobada polo Pleno da Deputación Provincial, a Ordenanza fiscal xeral do órgano de xestión tributaria e recadación de recursos locais (ORAL)



aprobada polo Pleno da Deputación Provincial, e demais disposicións de pertinente aplicación ou, no seu caso, a normativa que por imperativo legal ou por razóns organizativas a substitúa.

Do mesmo xeito, esta delegación queda sometida aos requisitos de confidencialidade e de protección de datos establecidos no Regulamento 2016/679 (UE) xeral de Protección de Datos Persoais e da Lei Orgánica 3/2018, do 5 de decembro, de Protección de Datos Persoais e garantía dos dereitos dixitais, en idénticos termos aos establecidos nos convenios ou acordos de delegación en materia de xestión tributaria e recadatoria na Deputación de Pontevedra - ORAL

O Concello terá a consideración de responsable do tratamento, conforme ao establecido no artigo 24 do Regulamento 2016/679 (UE) xeral de Protección de Datos Persoais, así como no artigo 28 da Lei Orgánica 3/2018, do 5 de decembro, de Protección de Datos Persoais e garantía dos dereitos dixitais, e no resto de normativa vixente na materia, polo que deberá dar cumprimento ás obrigas contidas na normativa sobre protección de datos, especialmente o referido ao deber de información na recollida dos datos persoais.

A Deputación Provincial de Pontevedra - ORAL terá a consideración de encargado de tratamento, conforme ao establecido no artigo 28 do Regulamento 2016/679 (UE) xeral de Protección de Datos Persoais, así como no artigo 33 da Lei Orgánica 3/2018, do 5 de decembro, de Protección de Datos Persoais e garantía dos dereitos dixitais, e no resto de normativa vixente na materia, polo que deberá dar cumprimento, ás obrigas incluídas nas mencionadas normativas, esixindo idéntico compromiso do persoal ao seu servizo.

En consecuencia, o acceso a datos de carácter persoal no marco deste acordo realízase co único fin de permitir unha adecuada prestación dos servizos e non se considerará como unha cesión ou comunicación de datos.

TERCEIRO.- A delegación entrará en vigor unha vez aceptada polo Pleno da Deputación Provincial de Pontevedra e previa a publicación da mesma nos termos establecidos na normativa en vigor. Posto que esta delegación engádese dentro da competencia xa delegada de xestión do IVTM terá o mesmo prazo de vixencia que esta.

CUARTO.- Facultase á Presidencia para a sinatura da documentación que sexa necesaria para a execución do presente acordo.”

Unha vez debatido o asunto e segundo o establecido nos artigos 32 da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, 52 do Regulamento orgánico da Deputación de Pontevedra e 126 do Real Decreto 2568/1986, de 28



de novembro, polo que se aproba o Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais, sométese a votación a proposta de acordo, obtendo o seguinte resultado:

1. **Votos a favor: (17)**, sendo oito (8) do grupo provincial do PSG-PSOE, sete (7) do grupo provincial do Partido Popular e dous (2) do grupo provincial do BNG.
2. **Votos en contra: (0)**, ningún.
3. **Abstencións: (0)**, ningunha.

A Comisión Informativa de Réxime Interior, Economía, Facenda e Axenda Dixital ditamina a proposta de acordo do asunto relativo á delegación de competencias do Concello de Sanxenxo na Deputación de Pontevedra para desenvolver a facultade de liquidación previa a primeira matriculación do imposto sobre vehículos de tracción mecánica, cos votos a favor das Deputadas e Deputados dos grupos provinciais do PSG-PSOE, do Partido Popular e do BNG.

4. **DELEGACIÓN DOS CONCELLOS DE BAIONA, CALDAS DE REIS, CAMBADOS, CANGAS, CAÑIZA (A), CATOIRA, CUNTIS, ESTRADA (A), FORCAREI, GONDOMAR, ILLA DE AROUSA (A), GROVE (O), LALÍN, MEAÑO, MOAÑA, MONDARIZ, MONDARIZ BALNEARIO, MOS, NEVES (AS), PONTE CALDELAS, PORRIÑO (O), ROSAL (O), SALCEDA DE CASELAS, SALVATERRA DE MIÑO, SILLEDA, SOUTOMAIOR, TOMIÑO, TUI, VALGA E VILANOVA DE AROUSA DAS COMPETENCIAS PROPIAS DA FASE INSTRUTORA DO PROCEDEMENTO SANCIONADOR NAS MULTAS DE TRÁFICO NA DEPUTACIÓN DE PONTEVEDRA.**

O Presidente da Comisión somete a debate a proposta de acordo asinada pola directora de xestión de servizos do ORAL con data 19 de abril de 2021 en relación coa delegación dos concellos de Baiona, Caldas de Reis, Cambados, Cangas, Cañiza (A), Catoira, Cuntis, Estrada (A), Forcarei, Gondomar, Illa de Arousa (A), Grove (O), Lalín, Meaño, Moaña, Mondariz, Mondariz Balneario, Mos, Neves (As), Ponte Caldelas, Porriño (O), Rosal (O), Salceda de Caselas, Salvaterra de Miño, Silleda, Soutomaior, Tomiño, Tui, Valga e Vilanova de Arousa das competencias propias da fase instrutora do procedemento



sancionador nas multas de tráfico na Deputación de Pontevedra, cuxo contido é o seguinte:

“Os Pleno dos concellos de Baiona, Caldas De Reis, Cambados, Cangas, Cañiza (A), Catoira, Cuntis, Estrada (A), Forcarei, Gondomar, Illa de Arousa (A), Grove (O), Lalín, Meaño, Moaña, Mondariz, Mondariz Balneario, Mos, Neves (As), Ponte Caldelas, Porriño (O), Rosal (O), Salceda de Caselas, Salvaterra de Miño, Silleda, Soutomaior, Tomiño, Tui, Valga e Vilanova de Arousa delegaron as competencias propias da fase instrutora do procedemento sancionador nas multas de tráfico, nas datas que se indican no seguinte cadro:

CADRO 1

Concello Delegante	Data Acordo	Concello Delegante	Data Acordo	Concello Delegante	Data Acordo
Baiona	08/04/2021	Grove, O	29/03/2021	Porriño, O	24/02/2021
Caldas de Reis	25/03/2021	Illa de Arousa, A	30/03/2021	Rosal, O	25/03/2021
Cambados	25/03/2021	Lalín	05/03/2021	Salceda de Caselas	15/04/2021
Cangas	25/03/2021	Meaño	26/03/2021	Salvaterra de Miño	29/03/2021
Cañiza, A	15/04/2021	Moaña	25/03/2021	Silleda	25/03/2021
Catoira	22/02/2021	Mondariz	19/02/2021	Soutomaior	25/03/2021
Cuntis	08/04/2021	Mondariz Balneario	25/02/2021	Tomiño	08/03/2021
Estrada, A	04/03/2021	Mos	29/03/2021	Tui	25/03/2021
Forcarei	18/03/2021	Neves, As	02/03/2021	Valga	26/02/2021
Gondomar	25/02/2021	Ponte Caldelas	04/03/2021	Vilanova de Arousa	12/04/2021

A devandita delegación realízase en base ao establecido na Lei 40/2015, de 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público, Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, Real Decreto Lexislativo 6/2015, de 30 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei sobre tráfico, circulación de vehículos a motor e seguridade vial (art. 84.2 e 84.4), Real Decreto 320/1994, de 25 de febreiro, polo que se aproba o Regulamento de procedemento sancionador en materia de tráfico, circulación de vehículos a motor e seguridade vial (art. 15.3); e resultando de aplicación, así mesmo, o previsto no Regulamento de prestación do servizo de colaboración no procedemento sancionador en materia de tráfico del ORAL da Deputación Provincial de Pontevedra, publicado no BOPP de 30 de xaneiro de 2020; Ordenanza reguladora da taxa por prestación de servizos aprobada polo Pleno da Deputación Provincial en data 31/10/2014; Ordenanza fiscal xeral do órgano de xestión tributaria e recadación de recursos locais (ORAL) aprobada polo Pleno da Deputación Provincial en data 22/02/2013 e demais lexislación de pertinente aplicación

Vistos os informes favorables das xefaturas de servizo do órgano de xestión ORAL e informado favorablemente pola Intervención.



Vista a proposta de acordo da Directora de servizos do ORAL, no exercicio das competencias que ten asignadas, recollidas na base 7-bis da disposición adicional V das bases de execución do orzamento da Deputación de Pontevedra, tomadas en acordo plenario de data 8 de xaneiro de 2021 (BOPPo núm. 5, de 11 de xaneiro de 2021) e a Resolución da presidenta nº 24866 de data 27 de decembro de 2018.

En base ao exposto o Pleno, de conformidade co ditame da Comisión Informativa de Réxime Interior, Economía, Facenda e Axenda Dixital acorda:

PROPOSTA DE ACORDO

PRIMEIRO.- Aceptar as delegacións efectuadas polo Plenos dos concellos de Baiona, Caldas De Reis, Cambados, Cangas, Cañiza (A), Catoira, Cuntis, Estrada (A), Forcarei, Gondomar, Illa de Arousa (A), Grove (O), Lalín, Meaño, Moaña, Mondariz, Mondariz Balneario, Mos, Neves (As), Ponte Caldelas, Porriño (O), Rosal (O), Salceda de Caselas, Salvaterra de Miño, Silleda, Soutomaior, Tomiño, Tui, Valga e Vilanova de Arousa das competencias propias da fase instrutora do procedemento sancionador nas multas de tráfico.

SEGUNDO.- CONDICIÓN ECONÓMICAS.

A presente delegación ven a complementar a acordada polos respectivos Plenos dos concellos delegantes e aceptada polo Pleno da Deputación Provincial de Pontevedra nas datas que se sinalan no cadro 2, e que tiña por obxecto a delegación da recadación voluntaria e executiva das multas de tráfico e a colaboración na tramitación dos expedientes sancionadores en materia de multas de tráfico, dende o comezo do procedemento sancionador co boletín de denuncia ata o inicio do proceso recadatorio. Quedando deste xeito delegadas as facultades de xestión integral das multas de tráfico na Deputación de Pontevedra-ORAL.

Por conseguinte, as condicións económicas serán as contidas nos acordos de delegación ás que este novo acordo complementa.

CADRO 2

Concello Delegante	Acordo Municipal	Pleno Provincial	Concello Delegante	Acordo Municipal	Pleno Provincial
Baiona	06/10/2011	28/10/2011	Mondariz	26/08/2006	28/02/2007
Caldas de Reis	25/02/2005	25/05/2005	Mondariz Balneario	29/10/2015	29/12/2015
Cambados	31/08/2006	28/02/2007	Mos	26/05/2005 e 30/03/2006	26/07/2006
Cangas	29/07/2011	30/09/2011	Neves, As	24/11/2014	27/02/2015
Cañiza, A	31/10/2005	25/01/2006	Ponte Caldelas	21/07/2011	25/11/2011
Catoira	30/11/2015	29/01/2016	Porriño, O	24/06/2004	28/07/2004
Cuntis	29/02/2008	26/09/2008	Rosal, O	01/12/2007	27/06/2008



Estrada, A	01/12/2011 e 12/01/2012	27/01/2012	Salceda de Caselas	26/10/2007	25/01/2008
Forcarei	15/10/2015 Res. Alcaldía 24/10/2019	29/11/2019	Salvaterra de Miño	26/02/2008	26/09/2008
Gondomar	20/01/2006	26/04/2006	Silleda	25/05/2006	26/07/2006
Grove, O	31/07/2017	26/07/2019	Soutomaior	25/10/2007	29/02/2008
Illa de Arousa, A	30/03/2009	30/04/2009	Tomíño	03/01/2006	22/02/2006
Lalin	30/05/2006	26/07/2006	Tui	29/12/2009	26/02/2010
Meaño	11/06/2018	04/03/2019	Valga	19/03/2018	14/09/2018
Moaña	26/03/2015	29/05/2015	Vilanova de Arousa	03/11/2005	22/02/2006

TERCEIRO.- PRAZO DE VIXENCIA E ENTRADA EN VIGOR

Esta delegación das competencias propias da fase instrutora terá tamén a mesma vixencia que a delegación previa da recadación voluntaria e executiva das multas de tráfico e a colaboración na tramitación dos expedientes sancionadores en materia de multas de tráfico (cadro 2), posto que como xa indicamos ambas son complementarias.

O contido deste acordo, entrará en vigor unha vez aceptado polo Pleno da Deputación de Pontevedra e publicado en extracto no Boletín Oficial da Provincia, non sendo necesaria a publicación no Diario Oficial de Galicia, ao non ser obxecto de delegación materia tributaria e, polo tanto, non aplicarse o art. 7.2 do RDL 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei reguladora das facendas locais.

Á entrada en vigor do acordo quedarán sen efecto os acordos adoptados con anterioridade sobre a mesma materia e que sexan de vixencia incompatible.

CUARTO.- FACULTADES DA PRESIDENCIA

Facúltase á Presidencia para a sinatura da documentación que sexa necesaria para a execución do presente acordo.”

Unha vez debatido o asunto e segundo o establecido nos artigos 32 da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, 52 do Regulamento orgánico da Deputación de Pontevedra e 126 do Real Decreto 2568/1986, de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais, sométese a votación a proposta de acordo, obtendo o seguinte resultado:

- 1. Votos a favor: (17)**, sendo oito (8) do grupo provincial do PSG-PSOE, sete (7) do grupo provincial do Partido Popular e dous (2) do grupo provincial do



BNG.

2. Votos en contra: (0), ningún.

3. Abstencións: (0), ningunha.

A Comisión Informativa de Réxime Interior, Economía, Facenda e Axenda Dixital ditamina a proposta de acordo do asunto relativo á delegación dos concellos de Baiona, Caldas de Reis, Cambados, Cangas, Cañiza (A), Catoira, Cuntis, Estrada (A), Forcarei, Gondomar, Illa de Arousa (A), Grove (O), Lalín, Meaño, Moaña, Mondariz, Mondariz Balneario, Mos, Neves (As), Ponte Caldelas, Porriño (O), Rosal (O), Salceda de Caselas, Salvaterra de Miño, Silleda, Soutomaior, Tomiño, Tui, Valga e Vilanova de Arousa das competencias propias da fase instrutora do procedemento sancionador nas multas de tráfico na Deputación de Pontevedra, cos votos a favor das Deputadas e Deputados dos grupos provinciais do PSG-PSOE, do Partido Popular e do BNG.

5. APROBACIÓN INICIAL DO REGULAMENTO DE ORGANIZACIÓN E FUNCIONAMENTO DA ESCOLA INFANTIL 0-3 ANOS PRÍNCIPE FELIPE DA DEPUTACIÓN DE PONTEVEDRA.

O Presidente da Comisión somete a debate a proposta de acordo asinada pola Técnica en administración xeral e a Xefa de Xestión e Administración do Centro Príncipe Felipe con data 19 de abril de 2021 en relación coa aprobación inicial do regulamento de organización e funcionamento da Escola Infantil 0-3 anos Príncipe Felipe da Deputación de Pontevedra, cuxo contido é o seguinte:

“Visto o informe- proposta emitido pola Dirección do Centro Príncipe Felipe co visto e praxe da Deputada Delegada asinado electrónicamente con data de 23 de marzo de 2021, co seguinte tenor literal:

“ANTECEDENTES

Primeiro.- A Deputación de Pontevedra é titular da escola infantil 0-3 Príncipe Felipe, inscrita no Rexistro Único de Entidades Prestadoras de Servizos Sociais (RUEPSS) da Consellería de Política Social co número E1340C002

Esta escola infantil, de titularidade provincial, cumpre os requisitos establecidos no Decreto 254/2011, do 23 de decembro, polo que se regula o réxime de



registro, autorización, acreditación e inspección de servicios sociais en Galicia e mais no Decreto 329/2005, do 28 de xullo, polo que se regulan os centros de menores e os centros de atención á infancia.

Segundo.- A Escola Infantil do Centro Príncipe Felipe non conta cun regulamento propio ou marco normativo e unicamente se regula a través do previsto nos pregos que rexeron a contratación da xestión do servizo que se presta actualmente, o cal, finaliza no ano 2021.

Terceiro.- Na actualidade o servizo ten unha elevada demanda por parte da cidadanía, de feito, a media de ocupación nos últimos anos acadou unha porcentaxe en torno ao 80%, excluído o ano 2020 e inicio de 2021 que acadou unha ocupación torno ao 50%, como consecuencia da situación ocasionada pola COVID-19, tanto pola incerteza dos usuarios como pola aplicación de medidas extraordinarias esixidas pola Consellería competente.

Tendo en conta que segue existindo unha elevada demanda de usuarios, a Institución Provincial considera axeitado prolongar no tempo a prestación do devandito servizo á cidadanía, e a fin de cumprir este obxectivo, actualmente estase a tramitar o correspondente procedemento de contratación mediante o cal se adxudicará novamente a prestación do servizo, así como as correspondentes bases de admisión dos usuarios.

Cuarto.- No contexto exposto e a fin de velar polo bo funcionamento do servizo e facilitar a convivencia na comunidade educativa, é preciso establecer un marco normativo o cal regule a organización e funcionamento da Escola infantil.

LEXISLACIÓN APLICABLE

- Art. 312, 285.1 in fine y 284.2 da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, de 26 de febreiro de 2014 (en diante LCSP).



- *Art. 55 do Real Decreto Legislativo 781/1986, de 18 de abril, polo que se aproba o texto refundido das disposicións legais vixentes en materia de Réxime Local (en diante RDL 781/86).*
- *Art. 4.1 e 84 da Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases de Réxime Local (en diante LBRL).*
- *Art. 5 do Decreto de 17 de xuño de 1955 polo que se aproba o Regulamento de Servicios das Corporacións Locais (en diante RSCL)*
- *Bases de execución do vixente orzamento provincial e demais normativa que sexa de aplicación.*

FUNDAMENTOS TÉCNICOS E XURÍDICOS

I.- Os artigos 312, 285.1 in fine e 284.2 da LCSP, establecen que é necesario aprobar o réxime xurídico da actividade que se exerce na Escola Infantil, a fin de declarar expresamente que a devandita actividade é asumida pola institución provincial como propia, así como determinar o alcance das prestacións a favor dos administrados e regular os aspectos de carácter xurídico, económico e administrativos relativos a prestación do servizo.

II.- En cumprimento do exposto, elabórase o Regulamento de Organización e Funcionamento da Escola Infantil 0-3 anos Príncipe Felipe (ROF Escola Infantil), o cal, para a súa elaboración, tívose en conta a lexislación vixente que é de aplicación nesta materia.

IV.- O ROF Escola Infantil é un conxunto de normas que regulan o funcionamento da Escola e das actividades e servizos que se prestan, garantindo a convivencia do mesmo e procurando cumprir cos obxectivos fixados. A súa aprobación o constituirá nun elemento fundamental de referencia que permitirá a mellora constante das relacións entre a súa dirección, os pais, nais ou titores/as, as



persoas que exercen a labor educativa e a administración titular, así como o establecemento das condicións de acceso e procedemento de adxudicación de prazas dos seus usuarios e condicións de usos, dereitos e deberes da súa comunidade.

V.- O dito regulamento, ademais de cumprir cos preceptos legais vixentes na actualidade, sen entrar en contradición co establecido na lexislación vixente, é un documento técnico para a organización e funcionamento da Escola Infantil, polo que, non contén cuestións de carácter económico. A súa finalidade e a de permitir, conforme o proxecto socioeducativo existente na actualidade no Centro Príncipe Felipe, estruturar e organizar a Escola para responder á demanda da cidadanía na prestación dese servizo, establecendo tanto a coordinación interna como a externa.

PROPOSTA

En base ao anteriormente exposto, o Centro Príncipe Felipe, co visto e prace da deputada delegada de Área, propoñen ao Pleno da Deputación Provincial de Pontevedra, previo ditame da Comisión Informativa de Economía Facenda e Réxime Interno:

A aprobación do Regulamento de Organización e Funcionamento da Escola Infantil 0-3 anos Príncipe Felipe da Deputación de Pontevedra.”

Visto que en aplicación do principio de transparencia na elaboración do Regulamento posibilitouse o acceso universal e sinxelo aos documentos propios do seu proceso de elaboración, realizándose durante un prazo de sete días hábiles, dende o 18 ao 29 de marzo de 2021, unha consulta pública a través do portal web da Deputación de Pontevedra para recoller a opinión das e dos suxeitos e das organizacións máis representativas potencialmente afectadas pola súa elaboración, dando cumprimento ao establecido no artigo 133 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas (LPACAP) sen que se rexistrase ningunha aportación,



tal e como acreditan os informes emitidos ao respecto e que figuran no expediente.

Visto o informe de impacto de xénero positivo emitido pola xefa do servizo de Igualdade da Deputación de Pontevedra, asinado electrónicamente con data de 31 de marzo de 2021, solicita e incorporado ao expediente en cumprimento do artigo 19 da Lei Orgánica 3/2007, de 22 de marzo, para a igualdade efectiva de mulleres e homes así como segundo o previsto no seu artigo 15, mediante o cal determina a obriga para os poderes públicos e as Administracións públicas de integrar o principio de igualdade de trato e oportunidades entre mulleres e homes en todas as súas actuacións de forma transversal, e que o que deben facer é integrar de forma activa “na definición e presupostación de políticas públicas en todos os ámbitos e no desenvolvemento do conxunto de todas as súas actividades”.

Visto o informe do 06 de abril de 2021 emitido conxuntamente polo Vicesecretario e polo Secretario Xeral no que conclúe “Segundo o exposto, e sen prexuízo do precisado ao longo do informe:

1.- Considérase que, de constar identificados posibles interesados, procedería a notificación aos mesmos do prazo de exposición pública logo da aprobación inicial, co fin de que podan efectuar, se o estiman, as alegacións ou suxestións que teñan por ben. Aludimos a posibles asociacións de nais e pais (de existir), de formadores, etc. e, nomeadamente, ao órgano competente da Consellería de Política Social para a autorización deste tipo de establecementos.

2.- Debería motivarse cunha mínima base a procedencia da regulación que se propón, facendo xustificación puntual dos principios que precisa o art. 129 da Lei 39/2015, e coa incorporación do necesario preámbulo ao Regulamento.

3.- Respecto do contido do borrador presentado, remitímonos ao apartado 3 deste informe e ás diferentes consideracións que no mesmo se sinalan. Especialmente, e sen prexuízo, reitérase, do dito:



- O Regulamento parece estar construído en torno á xestión indirecta do servizo. Propónse que se prevean as diferentes posibilidades segundo se expuxo mais, de pretendese esta única forma de xestión habería de xustificarse no expediente que é a forma máis sostible e eficiente (art. 85.2 LBRL).

- O sinalado respecto do art. 13 e o certificado ex LO 1/1996.

- Estímase que os arts 29 e ss en tanto deseñan o procedemento de admisión, deberían ser rectificadas corrixindo as mencións enunciadas no apartado 3 o) deste informe. Neste sentido e así mesmo, estímase necesaria a determinación xeral e ponderada dos criterios de admisión no propio regulamento, así como un procedemento xeral (en boa parte xa contemplado), relegando ás correspondentes bases a concreción e xustificación de tales criterios, segundo o explicado.

- O establecemento dun réxime sancionador, de así preverse (e desde logo resultaría desexable, unha norma sen coercibilidade perde efectividade) non cabe nos instrumentos aos que se efectúan remisións, salvo que se trate doutro regulamento, o que parecería contrario aos principios da tramitación administrativa.

As bases de admisión, pois, estímase deberían adaptarse ao exposto (partir dos criterios de admisión debidamente ponderados polo Regulamento; non contemplar réxime sancionador...)

4.- Respecto do procedemento de tramitación remitímonos ao sinalado no apartado 2 deste informe. De terse efectuado alegacións ou suxestións na consulta previa, ou segundo o alcance do informe de impacto de xénero solicitado, procedería novo informe de Secretaría.

En consecuencia, e con independencia de que moitas das consideracións se efectúan como meras propostas, existen aspectos que deben de ser corrixidos antes de continuar coa tramitación do expediente.”



Resultando que en consecuencia ao exposto pola Secretaría Xeral, o Centro Xestor incorpora ao texto do Regulamento todas as consideracións e observacións efectuadas no informe.

Vista a dilixencia de fiscalizado e conforme do 19 de abril de 2021, asinada pola Intervención da Deputación de Pontevedra.

Considerando o disposto nos artigos 33.2.b) e 49 da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, a competencia para aprobar o presente Regulamento atribúeselle ó Pleno.

O Pleno, de conformidade co ditame favorable da Comisión Informativa de Réxime Interior, Economía, Facenda e Axenda Dixital, acorda:

Primeiro.- *A aprobación inicial do Regulamento de Organización e Funcionamento da Escola Infantil 0-3 anos Príncipe Felipe da Deputación de Pontevedra, cuxo texto é o seguinte:*

REGULAMENTO DA ORGANIZACIÓN E FUNCIONAMENTO DA ESCOLA INFANTIL DE PRÍNCIPE FELIPE

PREÁMBULO

CAPÍTULO I: OBXECTO E ÁMBITO DE APLICACIÓN

CAPÍTULO II: ESTRUTURA PEDAGÓXICA

CAPÍTULO III: RECURSOS DA ESCOLA

CAPÍTULO IV: RELACIÓNS ESCOLA-FAMILIA

CAPÍTULO V: ALIMENTACIÓN

CAPÍTULO VI: O PROCEDIMENTO DE INGRESO E A ADXUDICACIÓN DE PRAZAS

CAPÍTULO VII: REXISTRO DE ALTAS E BAIXAS

CAPÍTULO VIII: DEREITOS E DEBERES

CAPÍTULO IX: RÉXIME SANCIONADOR

DISPOSICIÓN ADICIONAL PRIMEIRA

DISPOSICIÓN ADICIONAL SEGUNDA

DISPOSICIÓN FINAIS



PREÁMBULO

I

A Constitución Española de 27 de decembro de 1978, recolle no seu art. 137 que o Estado se organiza territorialmente en Municipios, Provincias e Comunidades Autónomas, e que todas estas entidades gozan de autonomía para a xestión dos seus respectivos intereses.

A Provincia, como entidade local, ten recoñecida a súa personalidade xurídica propia no art. 141 da Carta Magna, así como no art. 6.1 da Carta Europea da Autonomía Local, feita en Estrasburgo o 15 de outubro de 1985, ratificada por España por Instrumento de 20 de xaneiro de 1988.

A Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das Bases do réxime local, preceptúa no seu art. 4.1 que as Deputacións, na súa calidade de Administracións públicas de carácter territorial, ostentan entre outras as potestades regulamentarias dentro da esfera das súas competencias.

II

A Disposición adicional primeira da Lei 5/2014, do 27 de maio, de medidas urxentes derivadas da entrada en vigor da Lei 27/2013, do 27 de decembro, de racionalización e sustentabilidade da Administración local, establece as competencias atribuídas ás entidades locais pola lexislación autonómica anterior á entrada en vigor da Lei 27/2013, do 27 de decembro, de racionalización e sustentabilidade da Administración local, continuarán exercéndoas elas, rexéndose pola indicada lexislación ou, de ser o caso, polo dereito estatal aplicable como supletorio, e sen prexuízo do disposto sobre a asunción pola Comunidade Autónoma das competencias relativas á educación, saúde e servizos sociais.

III

A Deputación de Pontevedra, con anterioridade á entrada en vigor da Lei 27/2013, do 27 de decembro, de racionalización e sustentabilidade da Administración Local, é titular da escola infantil 0-3 Príncipe Felipe, inscrita no Rexistro Único de Entidades Prestadoras de Servizos Sociais (RUEPSS) da Consellería de Política Social co número E1340C002.

A natureza da prestación fai necesario aprobar o réxime xurídico da actividade que se exerce na Escola Infantil, a fin de declarar expresamente que a devandita actividade é asumida pola institución provincial como propia, ademais de determinar o alcance das prestacións a favor dos administrados e regular os aspectos de carácter xurídico, económico e administrativos relativos a prestación do servizo.

IV



En exercicio da potestade regulamentaria, a Deputación Provincial de Pontevedra elabora o Regulamento de Organización e Funcionamento da Escola Infantil 0-3 anos Príncipe Felipe (ROF Escola Infantil), articulado como un conxunto de normas que regulan o funcionamento da Escola e das actividades e servizos que se prestan, garantindo a convivencia do mesmo e procurando cumprir cos obxectivos fixados. A súa aprobación o constituirá nun elemento fundamental de referencia que permitirá a mellora constante das relacións entre a súa dirección, os pais, nais ou titores/as, as persoas que exercen a labor educativa e a administración titular, así como o establecemento das condicións de acceso e procedemento de adxudicación de prazas dos seus usuarios e condicións de usos, dereitos e deberes da súa comunidade.

V

O obxecto desta norma é regular a organización e funcionamento da Escola Infantil 0-3 anos de Centro Príncipe Felipe na Deputación de Pontevedra, permitindo a mellora constante das relacións entre a dirección da Escola, os pais, nais ou titores, os/as educadores/as e a administración titular do centro, así como o procedemento de adxudicación de prazas e as condicións de uso.

Dentro do sistema de fontes, e como norma regulamentaria local, este Regulamento atópase supeditado á lexislación básica do Estado en materia de réxime local e ás disposicións con rango de Lei da Comunidade Autónoma de Galicia; con carácter supletorio, en todo o non disposto no presente Regulamento e na normativa antedita, rexerá a lexislación non básica do Estado que resulte de aplicación.

VI

O Regulamento estrutúrase en nove capítulos relativos ao ámbito de aplicación, a estrutura pedagóxica, recursos da Escola, as relacións da Escola coas familias, a alimentación, o procedemento de ingresos, rexistros de altas e baixas, os dereitos e deberes tanto dos usuarios, como das familias e do persoal que presta o servizo na escola. No último capítulo recóllese o réxime sancionador.



O texto completase con dúas disposicións adicionais, a primeira establece que o regulamento se completa cos documentos necesarios que conforman a prestación do servizo, que son as Bases reguladoras do réxime de admisión de usuarios na Escola Infantil e co Acordo regulador de prezos públicos pola prestación do servizo da Escola Infantil que estea en vigor en cada curso ademais do disposto na normativa ditada pola Consellería competente da Administración Autonómica.

A disposición adicional segunda faculta a entidade titular, ou persoa en quen delegue, para ditar cantas disposicións sexan precisas para o desenvolvemento do presente regulamento.

Finalmente, o regulamento contén cinco disposicións finais que regulan a aprobación do presente texto normativo, a xerarquía da norma e efectividade, as posibles modificacións e a súa entrada en vigor.

CAPÍTULO I: OBXECTO E ÁMBITO DE APLICACIÓN

Artigo 1º. Obxecto

O obxecto do presente documento é establecer a organización e funcionamento da Escola Infantil 0-3 anos de Centro Príncipe Felipe na Deputación de Pontevedra, permitindo a mellora constante das relacións entre a dirección da Escola, os pais, nais ou titores, os/as educadores/as e a administración titular do centro, así como o procedemento de adxudicación de prazas e as condicións de uso.

A prestación do servizo realizarase de acordo coas modalidades previstas no artigo 85 da Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases de Réxime Local, se ben as formas de xestión indirecta serán as establecidas na actual Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público. Poderá prestarse, así mesmo, das formas que puideran estar previstas pola normativa específica que lles puidera ser de aplicación.

Artigo 2º. Ámbito de aplicación



Constitúe o ámbito de aplicación do presente documento a Escola Infantil 0-3 Príncipe Felipe da Deputación de Pontevedra, inscrita no Rexistro Único de Entidades Prestadoras de Servizos Sociais (RUEPSS) da Consellería de Política Social co número E1340C002, que se configura como un centro diúrno de carácter educativo/asistencial e dirixido a poboación infantil de 0 a 3 anos.

A escola infantil, de titularidade provincial, cumpre os requisitos establecidos no Decreto 254/2011, do 23 de decembro, polo que se regula o réxime de rexistro, autorización, acreditación e inspección de servizos sociais en Galicia e mais no Decreto 329/2005, do 28 de xullo, polo que se regulan os centros de menores e os centros de atención á infancia.

Artigo 3º. Datos identificativos

A Escola Infantil 0-3 anos está situada na Avenida de Montecelo, nº 16, 36161 – Pontevedra. A entidade titular da Escola Infantil é a Deputación de Pontevedra, sita na Avenida Montero Ríos, s/n 36071 Pontevedra, polo que a representante legal é a Presidencia.

A xestión indirecta da Escola Infantil realizarase pola empresa que resulte adxudicataria no procedemento de contratación correspondente, sendo esta a persoa responsable e a dirección xerente da mesma, e sen prexuízo da titularidade da competencia e das facultades de control e supervisión, e demais establecidas. Deste modo, a xestión desenvolverase segundo o previsto pola lexislación contractual administrativa e restante de aplicación.

Artigo 4º. Funcións

A Escola Infantil provincial cumpre unha función eminentemente social e educativa, proporcionándolles aos seus usuarios unha atención integral sen distinción de raza, sexo ou condición social, a través dun programa global que garanta o pleno desenvolvemento físico intelectual, afectivo, social e ético dos nenos e as nenas.

O centro cooperará estreitamente cos pais, nais, ou titores legais co fin de facilitar a conciliación da vida familiar e laboral e conseguir a mellor integración entre o centro e as familias. Así mesmo, o centro manterá un estreito contacto coa Institución Provincial para servir de nexo en proxectos e actividades comúns



que se desenvolvan entre a Escola Infantil e a Deputación de Pontevedra. A cordialidade das relacións Escola-Familia e a confianza mutua entre os pais/nais e profesorado é importante en calquera etapa educativa, pero a repercusión que terá este factor no comportamento dos nenos quizais sexan máis notorias na etapa infantil.

CAPÍTULO II: ESTRUCTURA PEDAGÓXICA

Artigo 5º. Proxecto educativo

A metodoloxía para a procura dos valores que se pretenden acadar deberán reflectirse no Proxecto Educativo de xestión do centro anual da Escola Infantil provincial, elaborado a para a prestación do servizo. Dito proxecto adaptarase ao disposto pola normativa de aplicación.

De optarse pola xestión indirecta do centro os obxectivos do Proxecto educativo, que haberá de ser elaborado pola empresa adxudicataria, deberán estar en consonancia co previsto no Proxecto Socioeducativo da Deputación de Pontevedra (publicado na web www.depo.gal). O dito proxecto concretará a programación anual da escola. Os cambios ou modificacións do mesmo deberanse remitir ao Centro Príncipe Felipe da Deputación de Pontevedra.

No caso de optar por outra modalidade de xestión distinto ao mencionado no parágrafo anterior, o Proxecto Educativo será aprobado pola Deputación (tras informe do seu servizo e polo órgano provincial competente). De igual modo aprobarase calquera modificación do mesmo.

Artigo 6º. Obxectivos

A Escola Infantil terá como obxectivos específicos os que se recollen a continuación:

- *Facilitar o desenvolvemento integral dos nenos e nenas, a aprendizaxe das habilidades cognitivas e creativas dos mesmos.*
- *Favorecer a conciliación da vida laboral e familiar.*
- *Impulsar unha educación que promova a adquisición de valores, actitudes e comportamentos igualitarios.*
- *Facilitar a adquisición de hábitos de consumo que repercutan na conservación do medio.*
- *Fomentar hábitos alimenticios saudables e hábitos de hixiene, favorecer o seu desenvolvemento individual e de grupo nas actitudes e nas actividades diarias.*
- *Respectar a singularidade e diversidade de cada neno e nena.*



- *Posibilitar a integración progresiva dos nenos e nenas na cultura do seu ámbito.*
- *Facilitar a integración dos nenos con necesidades educativas especiais.*

Artigo 7º. Fomento da igualdade dos nenos e das nenas

O centro programará actividades para promover a igualdade entre os nenos e nenas e evitar os comportamentos e as actividades discriminatorias por razón de sexo. As ditas actividades reflectiranse nos proxectos educativos e curriculares. O centro prestará especial atención ao fomento da interculturalidade como instrumento de superación das desigualdades, inxustizas, prexuizos e racismo, organizando para isto diversas actividades nas que dar a coñecer as diferentes culturas representadas no propio centro.

Artigo 8º. A lingua

En canto ao uso da lingua galega nas tarefas educativas, cumprirase o establecido no artigo 5 do Decreto 79/2010, do 20 de maio, para o plurilingüístico no ensino non universitario de Galicia.

Igualmente, en cumprimento do disposto no Regulamento para un uso inclusivo das linguaxes na Deputación de Pontevedra (BOPPO número 229, de 29 de novembro de 2017), mediante o emprego dunha linguaxe oral, escrita e iconográfica incluínte e exenta de sexismo que promova a igualdade efectiva entre mulleres e homes, en toda a documentación, publicidade, imaxe ou material que se xere con motivo da prestación do servizo por unha empresa ou entidade adxudicataria, esta deberá empregar un uso non sexista da linguaxe, evitar calquera imaxe discriminatoria das mulleres ou estereotipos sexistas e fomentar unha imaxe con valores de igualdade, presenza equilibrada, diversidade, corresponsabilidade e pluralidade de roles e identidades de xénero.

Artigo 9º. Promoción da integración

O centro promoverá a integración dos nenos e nenas con necesidades educativas especiais. A admisión dos nenos e nenas con necesidades educativas especiais dependerá dos recursos existentes na Escola Infantil (persoal, espazo, etc.) e das características concretas do neno ou nena.



CAPÍTULO III: RECURSOS DA ESCOLA

Artigo 10º. Recursos materiais: á organización da aula

O criterio de agrupamento será o do ano de nacemento dos nenos, agrupar atendendo á idade cronolóxica ofrece un criterio obxectivo e libre de discriminacións.

Co fin de garantir unhas relacións individualizadas e personalizadas entre todos os membros que compoñen o centro, e tendo en conta os recursos humanos, espaciais e materiais dispoñibles, estímase como capacidade máxima do centro un total de 115 prazas para nenos e nenas ata 3 anos, ofertando grupos para todas as idades.

A ratio de cada grupo establecerase en función da idade dos nenos segundo o establecido pola normativa vixente de xeito que nas aulas de 0-1 anos estarán 1 educador/a por cada 8 nenos/as, nas aulas de 1-2 estarán 1 educador/a por cada 13 nenos/as e nas aulas de 2-3 anos estarán un educador/a por cada 20 nenos/as.

De non completárense todos os grupos faranse agrupamentos segundo o establecido pola normativa vixente de xeito que nos grupos de nenos 0-2 máximo 10 nenos/as estarán 1 educador/a; e nos grupos do tramo de 0-3 anos 1 educador/a por cada 15 nenos máis o persoal de apoio correspondente.

Estas educadoras, titulares das diferentes aulas son as responsables dos grupos ante o equipo e as familias.

Artigo 11º. Plan de evacuación

A escola deberá dispor dun plan de evacuación, informado polos servizos de prevención de riscos laborais e aprobado polo órgano competente da Deputación. Este plan estará en consonancia co Plan de Autoprotección do Centro Príncipe Felipe.

De optarse pola xestión indirecta, a empresa que resulte adxudicataria elaborará dito plan.

Artigo 12º. Recursos humanos

A escola contará cun equipo educativo conformado por:



- *Dirección do centro.*
- *Persoal de atención educativa*
- *Persoal de apoio*

A Dirección do centro será a responsable do bo funcionamento do servizo e a interlocutora coa Deputación de Pontevedra, para o suposto este último de xestión indirecta. O/a Director/a poderá desenvolver tarefas docentes por ausencias cortas de calquera educador/a pola que deberá de contar coa titulación esixida na normativa que resulta de aplicación.

O persoal de atención directa aos nenos e nenas será quen, estando en posesión da titulación ou habilitación correspondente, realice as funcións que segundo a súa categoría profesional se establezan no correspondente convenio colectivo, así como as que lle encomende a dirección da Escola Infantil. O persoal deberá acreditar coñecemento básicos en manipulación de alimentos e primeiros auxilios.

Persoal de apoio: existirá persoal de apoio á atención e coidado dos/das nenos/as.

En todo caso, todo o persoal adscrito á Escola deberá aportar o certificado precisado polo art. 13.5 da LO 1/1996, de 15 de xaneiro, de Protección Xurídica do Menor. Esta obriga alcanza ao persoal de substitución, sexa provisional ou permanente, e implicaría, ao tempo, a substitución do persoal adscrito que deixase de cumprir a condición exposta.

CAPÍTULO IV: RELACIÓNS ESCOLA-FAMILIA

Artículo 13º. Calendario e horario de apertura

O centro abrirá once meses ao ano, reservándose un mes para o período de vacacións. O servizo prestarase con carácter xeral de xeito continuado cinco días á semana, de luns a venres, en todo caso o horario e calendario de apertura recollerase nas bases de admisión que se publican anualmente.



En ningún caso a estancia do alumno pode superar as 8 horas diarias.

Artigo 14º. Celebración de reunións

- 1. A escola infantil configúrase como un centro aberto e dinamizador da formación en temas de interese para as familias.*
- 2. Será recomendable que as familias asistan ás reunións convocadas desde a Dirección do centro.*
- 3. Será obrigatorio o uso do diario escolar para deste xeito favorecer a comunicación familia-escola e viceversa.*

Artigo 15º. Reclamacións e suxestións

O centro terá un libro de reclamacións á disposición dos usuarios adaptado ao sinalado no artigo 6 do Decreto 329/2005, de 28 de xullo, polo que se regulan os centros de menores e os centros de atención á infancia, se ben coas oportunas adaptación derivadas da tramitación electrónica xeneralizada nas administracións públicas.

A dirección do centro poñerá en coñecemento do Centro Príncipe Felipe da Deputación de Pontevedra o contido das reclamacións de xeito periódico, agás nos casos en que se requira unha comunicación inmediata. De igual modo, todas as reclamacións presentadas por parte das persoas usuarias remitiranse no prazo de 3 días ao Servizo de Inspección de Familia e Menores da Xunta de Galicia.

Existe unha caixa de suxestións na que as familias poidan achegar as súas opinións para conseguir mellorar o funcionamento do centro.

Artigo 16º. Período de adaptación

Os tempos serán flexibles neste período de xeito que a adaptación do neno/a sexa de forma gradual, aumentando pouco a pouco o período de estancia no centro; os primeiros días, e sempre en función dos casos, asistirán á escola infantil durante unha hora e así ata ir completando o horario elixido por cada usuario.

Artigo 17º. Obxectos persoais



Os/as menores deberán de asistir a escola con roupa cómoda, evitando o uso de petos, cremalleiras, botóns, etc., ao obxecto de facilitar os cambios así como autonomía persoal do/da menor.

En colación co anterior, deberase de evitar o uso de cadeas, pulseiras, etc. evitando riscos para os/as menores ou perdas, das que en todo caso a escola non será responsable.

As familias deberán de achegar o material para o coidado e hixiene dos/das menores, tales como cueiros desbotables, toalliñas húmidas, babeiros, chupetes/chupeteiros, entre outros, segundo as instrucións que se diten pola dirección da Escola, así coma proceder a súa reposición cando esta o solicite.

Artigo 18º. A ficha de inscrición

Ao inicio do curso escolar a Escola Infantil porá a disposición das familias:

- *A ficha de inscrición, a cal deberá de contar cos seguintes datos mínimos: identificación das persoas autorizadas para recoller ao/a menor, número da Seguridade Social do/da menor, teléfonos de contacto do pai, nai ou titor legal.*
- *A relación do material a achegar polas familias*

Artigo 19º. A saúde do menor na Escola Infantil

1. Os nenos/as deberán acudir ao centro en condicións correctas de saúde e hixiene. Despois dun período de enfermidade a Dirección da Escola Infantil poderá solicitar á familia un certificado médico que asegure o bo estado de saúde.

2. Non serán admitidos no centro os nenos/as que padezan enfermidades infecto-contaxiosas. A aparición destas enfermidades deberá ser comunicada polos pais, tutores ou representantes legais á dirección do centro que, a súa vez, o poñerá de inmediato en coñecemento do Centro Príncipe Felipe.

3. No caso de observarse síntomas dun proceso infecto-contaxioso nos nenos ou nenas no propio centro, informarase á dirección desta, e avisaranse os seus



pais, nais, representantes legais ou titores, co fin de evitar a propagación da enfermidade entre os demais nenos. O reingreso no centro só será posible logo de transcorrido o período de contaxio e despois do informe médico que acredite tal circunstancia.

4. Se o neno ten parasitos, quedará na casa ata que queden eliminados.

5. En caso de que o/a menor presente febre (a partir de 37 C°), diarrea ou vómitos, non asistirá a escola.

6. No caso de enfermidade ou accidente sobrevido no centro, despois das primeiras atencións “in situ” proporcionadas polo persoal da empresa que preste o servizo en colaboración co Centro Príncipe Felipe, á maior brevidade posible, poñerase a dita circunstancia en coñecemento dos pais, titores ou representantes legais do neno e, se é o caso, garantirase que reciba a atención médica axeitada, estando facultada a dirección do centro para autorizar nestes casos os desprazamentos necesarios para tal fin.

7. Cando se produza a falta de asistencia ao centro por un período superior a 3 días, debido a enfermidade ou outras circunstancias, os pais, nais ou titores legais deberán comunicar este feito á dirección do centro.

8. Os medicamentos daranse fora do horario do centro. Nos casos nos que se deban administrar medicinas aos nenos, deberán ir acompañadas da receitas médicas actualizadas, nas que constará o nome do neno ou nena o nome do medicamento e como debe administrarse así como a periodicidade. Non se lles administrará ningunha medicación sen a correspondente autorización por escrito dos pais ou nais, titores ou representantes legais.

9. Todos os menores deberán estar debidamente vacinados.

Artículo 20º. Horario de visitas das familias

Os pais, nais ou titores legais dos nenos poderán solicitar ser recibidos de conformidade co horario establecido pola dirección para tal fin, para impedir así que non se dificulte a boa marcha do centro.

Realizaranse as reunións cos pais, titores ou representantes legais, así como o equipo educativo e a dirección do centro segundo o estipulado pola Dirección.



Artigo 21º: Réxime de saídas

Os nenos poderán realizar as saídas establecidas na programación do curso, previa autorización por escrito por parte dos pais, titores ou representantes legais.

Artigo 22º: Acceso de nais en período de lactación

Cando os menores estivesen en período de lactación, as nais terán acceso ao centro no horario que fora preciso, sen que este feito altere o normal funcionamento deste. Para a debida alimentación dos lactantes, a Dirección do centro habilitará a dependencia oportuna.

CAPÍTULO V: ALIMENTACIÓN

Artículo 23º Uso do comedor

1. Horarios:

- Almorzo será de 09:00 a 09:30 horas.*
- Comedor será de 12:30 a 13:30, adaptándose tamén aos horarios dos nenos.*
- Merenda será de 17:00 a 18:30 horas.*
- Cea: entre de 19:30 a 20:30h, adaptándose tamén aos horarios dos nenos.*

En todo caso, os horario son estimativos e poderán verse modificados no Proxecto educativo do centro.

2. As nenas e nenos que teñan concedida praza sen servizo de comedor poderán facer uso deste servizo en días soltos sempre que se solicite ante a dirección do centro con antelación suficiente e se aboe o prezo estipulado.

Unha vez concedida a praza, esta manterase nas mesmas condicións durante todo o curso, salvo circunstancias sobrevidas debidamente acreditadas que xustifiquen a necesidade de modificación da opción elixida inicialmente.



3. No caso de que se opte por unha xestión indirecta na Escola, de forma diaria e coordinada, será a Deputación de Pontevedra a que, a través do servizo do comedor do Centro Príncipe Felipe, subministre diariamente a Escola Infantil os correspondentes menús (comida e cea). Unha vez entregados nas instalacións da Escola Infantil, será a empresa adxudicataria, a través do seu persoal, a responsable da súa manipulación e correspondente servizo de atención aos nenos e nenas do comedor.

A información dos menús estará a disposición das familias no taboleiro de anuncios da Escola.

A empresa adxudicataria do servizo será a responsable, en función da evolución particular do/da menor, do establecemento das fases progresivas na alimentación (inicio, fácil masticación, etc.).

4. O servizo do comedor inclúe o xantar e a cea; en todo caso os alimentos proporcionados no almorzo e na merenda serán aportados polas familias.

Artigo 24º: Dieta alimenticia

A Deputación e Pontevedra elaborará a dieta alimenticia dos menores, garantindo en todo caso unha alimentación adecuada ás necesidades da idade.

Poderá solicitarse á Dirección do Centro, sempre por prescrición facultativa, o establecemento dun réxime especial de alimentación para algún dos menores inscritos. A Dirección trasladará a petición á Dirección do Centro Príncipe Felipe a cal estudará a viabilidade da solicitude e en caso de que non se poida conceder acordarase a baixa temporal ou definitiva na Escola Infantil segundo que a causa que motivou a solicitude sexa temporal ou permanente.

Artigo 25º. Lactantes

Os lactantes, ata que comecen a comer purés ou froitas, poderán traer as papas e/ou leites en po, especificando as súas doses, ou leite materna coa dose correspondente.



CAPÍTULO VI: O PROCEDIMENTO DE INGRESO E A ADXUDICACIÓN DE PRAZAS

Artigo 26º. Usuarios

1. Poderán solicitar praza na Escola Infantil Provincial, todos os nenos e nenas en idades comprendidas entre os 0 e os 3 anos, cando a unidade familiar estea empadroada na Provincia de Pontevedra, ou ben cando os pais ou titores legais acheguen un contrato de traballo en vigor dentro deste termo provincial.

2. As familias cun/cunha neno/a escolarizado/a que xustifiquen un cambio de domicilio e/ou de lugar de traballo á Provincia de Pontevedra.

3. Que teña unha idade mínima de tres meses na data de ingreso na Escola e non teña cumpridos os 3 anos de idade o 31 de decembro do ano correspondente á data de ingreso.

4. Non obstante o anterior, poderanse eximir do límite de idade dos 3 anos os nenos e as nenas con necesidades específicas de apoio educativo, de acordo coa normativa vixente.

5. Os nenos e nenas dos/as traballadores/as da Escola Infantil, segundo o previsto no Convenio colectivo que é de aplicación (XII Convenio colectivo de centros de asistencia e educación infantil, publicado no BOE número 26 de xullo de 2019).

6. Respecto daquelas familias que xa escolarizasen un fillo ou filla no mesmo centro, estar ao día no pagamento das cotas polos servizos recibidos na data de presentación da solicitude, tanto nos supostos de renovación de praza como de novo ingreso.

Artigo 27º. Procedemento de reserva e ingreso

1. A Deputación de Pontevedra publicará anualmente a convocatoria de admisión de usuarios na Escola Infantil mediante a publicación das Bases que regulan a admisión dos usuarios na Escola Infantil 0-3 anos de Príncipe Felipe para cada curso escolar. Coa publicación das bases no correspondente Boletín Provincial, abriase o prazo de matrícula.



A constitución da elaboración de listas de agarda, tanto das solicitudes presentadas dentro do prazo previsto como fóra do prazo establecido para a matrícula estará regulada nas Bases de admisión.

2. A adxudicación de prazas realizarase de acordo ao seguinte:

a) Adxudicación directa de prazas:

- *As solicitudes de renovación dos nenos/as escolarizados/as durante o curso anterior ao que se solicita, terán dereito á reserva da praza, sen ser sometidos á baremación recollida nas bases reguladoras do procedemento de admisión; necesariamente deberán de tramitar a correspondente matrícula.*
- *As dos fillos e fillas do persoal que preste servizo na Escola.*

Neste apartado, cando o número de solicitudes do persoal que presta servizo na Escola supere o cupo previsto no convenio colectivo, aplicarase a baremación prevista nas bases reguladoras do procedemento de admisión.

- *As de nenas/os con irmán ou irmá con praza na Escola, renovada ou de novo ingreso*

No caso de que o número de solicitudes supere o número de prazas existente, terán preferencia na adxudicación das mesmas, en primeiro lugar as solicitudes de renovación nenos/as escolarizados/as durante o curso anterior ao que se solicita, e os restantes casos serán obxecto de baremación en segundo o previsto nas bases que regulan a convocatoria de acceso.

b) Adxudicación mediante o procedemento de baremación de solicitudes. O restante das solicitudes non comprendidas nos supostos recollidos anteriormente, baremaranse conforme o establecido nas Bases que regulan a admisión dos usuarios na Escola Infantil 0-3 anos de Príncipe Felipe para cada curso escolar.

3. Para a valoración e baremación das solicitudes presentadas para obter praza na Escola Infantil do CPF, atenderase a dous criterios:



- *Situación económica: A escala de baremación establecerase en función de porcentaxes do IPREM e acreditarase cos documentos que se recollen nas Bases reguladoras de admisión.*

- *Situación sociofamiliar: Atenderá a valoración da existencia de persoas menores existentes na unidade familiar e a condición de familia monoparental, de acordo co previsto nas Bases que regulan o acceso de usuarios a Escola Infantil cada ano.*

4. *As solicitudes presentaranse preferentemente por medios electrónicos a través do formulario normalizado dispoñible na Sede electrónica da Deputación de Pontevedra, <https://sede.depo.gal>.*

Opcionalmente, tamén poderán ser presentadas as solicitudes presencialmente en calquera dos lugares e rexistros establecidos na normativa reguladora do procedemento administrativo común.

Para a presentación das solicitudes, a sede electrónica da Deputación de Pontevedra admite os certificados electrónicos do sistema Cl@ve, que contempla a utilización de sistemas de identificación baseados en claves concertadas (sistemas de usuario e contrasinal) e certificados electrónicos (incluíndo o DNI-e).

A solicitude terá que estar asinada por calquera das persoas titulares da patria potestade ou representantes legais. No caso de separación ou divorcio será necesaria a sinatura de ambos os proxenitores, agás que a patria potestade estea atribuída, con carácter exclusivo, a un deles. En ambos os casos, será necesario presentar, xunto coa solicitude de admisión, a resolución xudicial correspondente.

5. *Para a tramitación deste procedemento consultarase automaticamente os datos incluídos nos documentos elaborados polas administracións públicas e de acordo co previsto nas Bases que regulan a admisión dos usuarios na Escola Infantil 0-3 anos de Príncipe Felipe para cada curso escolar.*



Aos efectos de determinar a renda per cápita da unidade familiar considerarase que forman parte da unidade familiar os conxugues non separados legalmente e os fillos menores, con excepción dos que, co consentimento dos pais, vivan independentemente destes e os fillos maiores de idade incapacitados xudicialmente, suxeitos á patria posteade prorrogada ou rehabilitada.

Cando non exista vínculo matrimonial, a unidade familiar se entenderá constituída polo pai, nai e todos os fillos ou fillas que convivan con eles e que reúnan os requisitos descritos anteriormente.

Nos casos de separación ou divorcio se acreditará con interposición de demanda de separación se esta é de feito e sentenza xudicial que determine a separación legal ou divorcio.

Tamén se considerarán membros da unidade familiar a efectos da renda, os fillos ou fillas en preadopción, tutela ou acollemento familiar.

En caso de que as persoas interesadas se opoñan ás devanditas consultas deberán indicalo no cadro correspondente habilitado no formulario de inicio e achegar os documentos correspondentes.

Excepcionalmente, en caso de que algunha circunstancia imposibilitase a obtención dos citados datos poderase solicitar ás persoas interesadas a presentación dos documentos correspondentes.

6. As persoas interesadas deberán achegar coa solicitude a documentación que se recolle nas Bases que regulan a admisión dos usuarios na Escola Infantil 0-3 anos de Príncipe Felipe para cada curso escolar.

7. O procedemento de reserva de praza e ingreso tramitarase pola Deputación de Pontevedra, en función da puntuación e procedemento de adxudicación de



prazas e valoración de solicitudes segundo se desenvolva nas Bases que regulan a admisión dos usuarios na Escola Infantil 0-3 anos de Príncipe Felipe para cada curso escolar.

Artigo 28 °. Publicación da lista provisional

1. Unha vez baremadas as solicitudes e determinada a puntuación resultante de aplicar os criterios de baremo, publicarase a relación nominal de todos as persoas solicitantes que acadaron praza, por orde da puntuación total obtida e por tramos de idade.

2. A lista provisional de persoas adxudicatarias e non adxudicatarias de praza publicarase na sede electrónica da Deputación de Pontevedra (<https://sede.depo.gal>) e na web www.depo.gal, segundo o previsto nas Bases de admisión.

3. Na lista provisional aparecerán tamén, se fose o caso, as persoas non adxudicatarias de praza e as solicitudes non admitidas por incumprimento de requisitos, especificando o motivo da non admisión. As persoas que non acadaron praza formarán parte da lista de agarda.

Artigo 29º. Reclamacións á lista provisional

1. As persoas solicitantes que sexan excluídas ou omitidas poderán efectuar as reclamacións que consideren oportunas contra a lista provisional de adxudicación de prazas.

*2. A reclamación, que se formalizará mediante o impreso que se achega as Bases de admisión e presentarse no Rexistro xeral da Deputación de Pontevedra, nos mesmos termos que o previsto para a presentación de solicitudes e poderá formularse no **prazo de 5 días hábiles** contados a partir do seguinte ao da súa publicación na páxina www.depo.gal.*



3. De acordo coas garantías e límites da Lei orgánica de protección de datos de carácter persoal, as persoas interesadas no procedemento de admisión poderán consultar as listas provisionais coa puntuación desagregada dos criterios de baremo na Administración do CPF.

Artigo 30º. Relación definitiva de adxudicación de prazas

1. A estimación ou desestimación das reclamacións formuladas fronte ás listas provisionais, entenderase realizada a través das listas definitivas de persoas adxudicatarias e non adxudicatarias.

2. Unha vez comprobadas as reclamacións presentadas contra a resolución provisional, elaborarse unha proposta de lista definitiva para a súa aprobación polo órgano competente, procedendo de xeito posterior a súa publicación na sede electrónica da Deputación de Pontevedra (<https://sede.depo.gal>) e na páxina web da Deputación.

3. En base á dita proposta acordarase polo órgano competente a relación de persoas admitidas na Escola Infantil 0-3 anos Príncipe Felipe para o curso correspondente, así como a de non admitidas e as causas da súa exclusión.

4. De acordo coas garantías e límites da Lei orgánica de protección de datos de carácter persoal, as persoas interesadas no procedemento de admisión poderán consultar as listas definitivas coa puntuación desagregada dos criterios de baremo na Administración do CPF.

5. Unha vez publicada a lista definitiva de adxudicación de praza, a persoa interesada deberá realizar a matrícula na Escola segundo o previsto nas Bases reguladoras da convocatoria.

Artigo 31º Lista de agarda

1. A lista de agarda estará constituída polas persoas solicitantes de nova admisión dentro dos prazos establecidos e que non obteñen praza, ordenadas



segundo a puntuación acadada no baremo de admisión. As prazas vacantes que se vaian producindo, serán cubertas por rigorosa orde de puntuación entre as persoas solicitantes en lista de agarda e terán un prazo de 5 días hábiles para formalizar a matrícula unha vez sexa comunicada a vacante.

2. As solicitudes presentadas fora dos prazos establecidos, constituirán unha Lista de Espera de fora de prazo segundo distintos niveis de idade, elaborándose a mesma por aplicación do baremo de admisión, a fin de dar cobertura ás vacantes que se puideran producir unha vez esgotada a Lista de Espera coas solicitudes presentadas dentro do prazo.

3. No caso de non formalizar a correspondente matrícula, a vacante se ofertará a seguinte da lista, polo mesmo procedemento.

Artigo 32º Pagamento do prezos públicos

1. O pagamento polo uso da Escola Infantil e o comedor é o que está regulado no Acordo regulador de prezos públicos pola prestación do servizo da Escola Infantil que estea en vigor en cada curso.

2. No caso da modalidade de xestión indirecta, a empresa adxudicataria deberá facerse cargo do cobro dos prezos públicos segundo o previsto no Acordo regulador de prezos públicos polos servizos que se prestan na Escola Infantil da Deputación de Pontevedra que estea en vigor en cada curso.

Nesta modalidade, se a empresa adxudicataria obtén a axudas, subvencións ou prestacións similares procedentes doutras Administracións Públicas ou entidades que estean directamente relacionadas coa prestación do servizo de Escola infantil deberá comunicalo a Deputación de Pontevedra.

3. O prezo incluirá o mandilón, seguro escolar, material didáctico e de xoguetes.

4. No caso de xestión indirecta, o importe será aboado na correspondente conta corrente fixada pola entidade adxudicataria encargada da prestación do servizo da Escola Infantil.



5. O pagamento do prezo público realizarase por adiantado nos primeiros cinco días do mes que corresponda.

CAPÍTULO VII: REXISTRO DE ALTAS E BAIXAS

Artigo 33º Altas

Unha vez publicada a lista definitiva de adxudicación de praza, a persoa interesada deberá realizar a matrícula na Escola mediante a presentación da seguinte documentación:

- a) *Cumprimento do modelo oficial que estará dispoñible na Sede Electrónica da Deputación de Pontevedra.*
- b) *Copia da cartilla de vacinación do neno ou nena.*

O cumprimento do calendario de vacinación infantil do Programa galego de vacinación, así como a formalización da matrícula é imprescindible para confirmar a praza. Se non se realiza no prazo de 10 días dende a publicación de adxudicación da praza, desistirá da súa solicitude, a cal se arquivará sen máis trámites.

Artigo 34 º Baixas

1. *Será causa de baixa na escola infantil:*

- a) *O cumprimento da idade máxima regulamentaria de permanencia no centro.*
- b) *A solicitude das persoas proxenitoras ou representantes legais.*
- c) *A falta de pagamento do prezo establecido durante dous meses consecutivos ou tres alternos, calquera que sexa o curso escolar a que se refire a débeda, sen prexuízo da reclamación desta polo procedemento administrativo de constrinximento, de acordo coa normativa en vigor de prezos públicos para a Escola Infantil.*
- d) *A comprobación de falsidade nos documentos ou nos datos achegados.*
- e) *A incompatibilidade ou inadaptación absoluta para permanecer no centro.*



2. As baixas motivadas polo establecido no punto 1. c), d) e no punto e) serán resoltas polo órgano competente unha vez oída a dirección do centro e realizado o trámite de audiencia da/das persoa/s interesada/s.

O prazo de resolución será de 2 meses desde o inicio do expediente. Nos demais supostos aprobarase a baixa por resolución do órgano competente no prazo dun mes desde o inicio do expediente.

3. As resolucións ditadas neste procedemento esgotan a vía administrativa e contra elas pode interpoñerse recurso contencioso-administrativo ante o órgano xurisdiccional contencioso-administrativo competente, no prazo de dous meses a partir do día seguinte ao da notificación da resolución, de conformidade co disposto na Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa. Potestativamente e con anterioridade á interposición do referido recurso contencioso-administrativo, poderá interpoñerse recurso de reposición ante o órgano que ditou o acto, no prazo dun mes a partir do día seguinte ao da notificación da resolución expresa.

CAPÍTULO VIII: DEREITOS E DEBERES

Artigo 35º: Dereitos dos usuarios.

Todos os usuarios, por si ou a través do seu pai, nai ou representantes legais teñen os seguintes dereitos no uso do servizo da Escola Infantil Centro Príncipe Felipe:

- Ao acceso ao centro e recibir a asistencia deste, sen discriminación por razón de sexo, raza, relixión, ideoloxía ou calquera outra condición ou circunstancia persoal ou social.

- Á consideración no trato debido á dignidade da persoa, tanto por parte do persoal que preste os seus servizos como dos demais usuarios.

- Ao sigilo profesional acerca dos datos do seu historial educativo, social ou sanitario.



- *A recibir unha educación integral nos coñecementos, destrezas e valores en todos os ámbitos da vida a través dunha metodoloxía activa que asegure a súa participación en todos os procesos de ensinanza – aprendizaxe.*

- *A potenciar a creación de hábitos que lle axuden a formar a súa personalidade de xeito autónomo e independente.*

- *A realizar saídas ao exterior do recinto, sempre e cando cada menor permaneza acompañado por un adulto responsable do seu contorno familiar, e en todo caso con autorización escrita por parte de quen ostenten legalmente a patria potestade ou a representación legal.*

- *A unha asistencia individualizada acorde coas súas necesidades específicas.*

- *Á intimidade persoal.*

- *A desenvolver a súa actividade escolar nas debidas condicións de seguridade e hixiene*

- *A que se facilite o acceso a todas as necesidades persoais que sexan precisas para conseguir o seu desenvolvemento integral.*

- *A deixar de utilizar os servizos ou abandonar o centro onde se preste o servizo de Escola Infantil Príncipe Felipe por vontade propia.*

Artigo 36º. Deberes dos usuarios

Todos os usuarios, por si ou a través do seu pai, nai ou representantes legais teñen no marco do presente regulamento as seguintes obrigas:

- *Cumprir as normas de utilización do centro ou servizo establecidas no presente documento e nas bases de que regulan a admisión dos usuarios.*

- *Desenvolver unha conduta inspirada no mutuo respecto, tolerancia e colaboración, encamiñada a facilitar unha mellor convivencia.*



- *Participar na vida do centro, de acordo co que se dispoña no presente regulamento e nas bases de admisión de usuarios.*
- *Adquirir hábitos de respecto e comportamento tanto entre eles como para o resto do persoal que integran la escola.*
- *Adquirir hábitos de autonomía e destreza para o desenvolvemento das habilidades.*
- *Utilizar de forma adecuada e respectuosa todas as dependencias do centro.*

Artigo 37º. Dereitos das familias

- *A que na Escola Infantil se imparta o tipo de Educación definida no Proxecto Educativo.*
- *A coñecer o funcionamento da Escola e o modo como se aplica o Proxecto Educativo.*
- *A recibir información periódica sobre el progreso do/da menor.*
- *A manter relación co persoal educador nas horas e tempo establecido.*
- *A asociarse co obxecto de favorecer a participación de quen teñan a patria potestade dos menores na programación e no desenvolvemento das actividades da Escola.*
- *A realizar a visita ás instalacións e entrevista persoal antes de comezar cada período da Escola Infantil, e durante a prestación do servizo cando así o solicite sempre que non interrompan as actividades desenvolvidas polo centro.*



- *A ser informados diariamente polo persoal encargado do servizo dos acontecementos vividos polo menor.*

- *A ser informados de aqueles sucesos que afecten á marcha ordinaria do funcionamento do centro e das medidas adoptadas.*

Artigo 38º. Deberes das familias

- *Respectar o carácter propio do Centro, ao seu Proxecto Educativo e ás disposicións establecidas neste Regulamento e en calquera outra norma que, debidamente aprobada, regule a vida da Escola Infantil.*

- *Cooperar, desde a súa posición de responsables da educación do seu fillo/a, no proceso educativo.*

- *Manter o principio de autoridade do profesor, anque a continuación se busquen as oportunas aclaracións.*

- *Atender puntualmente as obrigas económicas contraídas polo uso do servizo da Escola nos prazos previstos.*

- *Ser respectuosos con todos os membros da Comunidade Educativa do Centro Príncipe Felipe.*

Artigo 39º. Dereitos do persoal da Escola

- *Desenvolver ás súas funcións en observación do Proxecto Educativo do centro.*



- *A que se proporcione ao persoal educativo os instrumentos e medios precisos para desenvolver as súas funciónes.*

- *Gozar do respecto e consideración a súa persoa e a función que desempeña segundo o caso.*

Artigo 40º. Deberes do persoal da Escola

- *Cumprir e facer cumprir de acordo coas súas funciónes o presente regulamento*

- *Velar polo respecto dos dereitos dos/das nenos recollidos neste regulamento e outros recoñecidos na lexislación vixente.*

- *Gardar estrita confidencialidade sobre os datos persoais das persoas usuarias aos que teñan acceso no exercicio das súas funcións.*

- *Cumprir as tarefas e responsabilidades derivadas do seu posto de traballo.*

CAPÍTULO IX: RÉXIME SANCIONADOR

Artigo 41º.

A Deputación de Pontevedra exercerá a potestade sancionadora consonte á normativa vixente aplicable.

DISPOSICIÓN ADICIONAL PRIMEIRA

Este regulamento completarase coas Bases reguladoras do réxime de admisión de usuarios na Escola Infantil e co Acordo regulador de prezos públicos pola prestación do servizo da Escola Infantil que estea en vigor en cada curso.

En todo caso, estarase ao disposto da normativa ditada pola Consellería competente da Administración Autónoma.



DISPOSICIÓN ADICIONAL SEGUNDA

A entidade titular, ou o órgano no quen delegue, queda facultada para ditar cantas disposicións sexan precisas para o desenvolvemento do presente regulamento.

DISPOSICIÓN FINAIS

Primeira. Aprobación

A aprobación do Regulamento de organización e funcionamento da Escola Infantil Centro Príncipe correspóndelle á entidade titular.

Segunda. Xerarquía

Entenderase que calquera das normas establecidas no presente Regulamento queda sen efecto no caso de entrar en contradición con normativa vixente de rango superior que ordene as actuacións e intervencións desenvolvidas na institución.

Terceira. Efectividade

Todas as regulamentacións establecidas no presente documento serán efectivas ata o día da súa derogación ou, de ser o caso, ata que se aproben polos órganos competentes as modificacións que se efectúen.

Cuarta. Modificacións do Regulamento

As propostas de modificación do presente Regulamento de organización e funcionamento da Escola Infantil realizaranse nos seguintes casos: cando sexa necesaria a adaptación a cambios normativos, cando as características dos servizos variasen de forma significativa e cando, como consecuencia das avaliacións realizadas, se derive a necesidade de corrixir incoherencias ou desviacións mediante a aplicación de melloras.

Quinta. Entrada en vigor



O presente Regulamento se publicará no Boletín Oficial da Provincia e non entrará en vigor ata que transcorra o prazo previsto no artigo 65.2 da Lei 7/1985, de 2 de abril, LBRL. De igual xeito, segundo o previsto no artigo 7 (en relación co 5.4) da Lei 9/2013, de 9 de decembro, (LTBG), e 129.5 da Lei 39/2015, (PACAP), a entrada en vigor completárase coa publicación do seu texto na sede electrónica ou web da Deputación Provincial de Pontevedra.

Segundo. *A exposición pública do mesmo por un prazo de trinta días hábiles a efectos de reclamacións e suxestións, mediante anuncio que se publicará no Boletín Oficial da Provincia e no taboleiro de edictos da Deputación. Así mesmo, publicarase o texto do Regulamento de Organización e Funcionamento da Escola Infantil Príncipe Felipe na páxina web “www.depo.gal” durante ese prazo ao obxecto de dar audiencia á cidadanía afectada e recabar cantas aportacións adicionais poidan facerse por outras persoas ou entidades.*

No caso de non presentarse reclamacións, suxestións ou aportacións, ó Regulamento Organización e Funcionamento da Escola Infantil Príncipe Felipe entenderase definitivamente aprobado.

Terceiro. *Resoltas as reclamacións polo Pleno da Corporación, de ser o caso, ou elevado a definitivo o acordo inicial, de non se formular alegacións, procederáse á publicación do texto íntegro do Regulamento no Boletín Oficial da Provincia, non entrando en vigor ata que se efectúe dita publicación e transcorra o prazo previsto no artigo 65.2 da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases de réxime local. De igual xeito, segundo o previsto no artigo 7 (en relación co 5.4) da Lei 9/2013, de 9 de decembro, (LTBG), e 129.5 da Lei 39/2015, (PACAP), a entrada en vigor completárase coa publicación do seu texto na sede electrónica ou web da Deputación Provincial de Pontevedra.”*

Unha vez debatido o asunto e segundo o establecido nos artigos 32 da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, 52 do Regulamento orgánico da Deputación de Pontevedra e 126 do Real Decreto 2568/1986, de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais, sométese a votación a proposta de acordo, obtendo o seguinte resultado:



1. **Votos a favor: (17)**, sendo oito (8) do grupo provincial do PSG-PSOE, sete (7) do grupo provincial do Partido Popular e dous (2) do grupo provincial do BNG.
2. **Votos en contra: (0)**, ningún.
3. **Abstencións: (0)**, ningunha.

A Comisión Informativa de Réxime Interior, Economía, Facenda e Axenda Dixital ditamina a proposta de acordo do asunto relativo á aprobación inicial do regulamento de organización e funcionamento da Escola Infantil 0-3 anos Príncipe Felipe da Deputación de Pontevedra, cos votos a favor das Deputadas e Deputados dos grupos provinciais do PSG-PSOE, do Partido Popular e do BNG.

6. APROBACIÓN INICIAL DO EXPEDIENTE DE MODIFICACIÓN DE CRÉDITOS NÚMERO 1/2021 DO CONSORCIO PROVINCIAL DE PONTEVEDRA PARA A PRESTACIÓN DO SERVIZO CONTRA INCENDIOS E SALVAMENTO.

O Presidente da Comisión somete a debate a proposta de acordo asinada polo Secretario da Comisión de Réxime Interior, Economía, Facenda e Axenda Dixital, con data 20 de abril de 2021 en relación coa aprobación inicial do expediente de modificación de créditos número 1/2021 do Consorcio Provincial de Pontevedra para a prestación do servizo contra incendios e salvamento, cuxo contido é o seguinte:

“O Pleno do Consorcio Provincial de Pontevedra para a prestación do servizo contra incendios e salvamento na sesión extraordinaria que tivo lugar o día 2 de febreiro de 2021, acordou aprobar inicialmente a “Memoria sobre os aspectos sociais, xurídicos, económicos, técnicos e financeiros respecto da xestión do servizo de extinción de incendios e salvamento do Consorcio Provincial de Pontevedra”, na que se conclúe como máis eficiente a xestión directa do servizo e en congruencia coa mesma determinar como forma de xestión do servizo de intervención en emerxencias e salvamento dependente deste Consorcio, de entre as previstas no artigo 85.2 da Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local, a xestión directa mediante efectivos de persoal propio do Consorcio, coa sucesión de empresas do artigo 44 do Real Decreto



Lexislativo 2/2015, do 23 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei do Estatuto dos Traballadores e a subrogación do persoal nos termos que se recollen na Memoria.

A vista deste acordo e segundo se sinalaba na Memoria que acompaña ao Orzamento 2021, é necesario efectuar modificacións no orzamento 2021 aos efectos de adaptar a estrutura orzamentaria ao modelo de xestión directa do servizo de intervención en emerxencias e salvamento dependente deste Consorcio, mediante a prestación directa con efectivos de persoal propio do Consorcio, polo que estas modificacións afectan ao capítulo I de gastos de persoal e polo tanto ó cadro de persoal e ao capítulo II de gastos correntes en bens e servizos por canto o cambio de modelo de xestión, a partir do mes de xuño de 2021 deixará de ter reflexo no capítulo II.

O Pleno do Consorcio Provincial de Pontevedra para a prestación do servizo contra incendios e salvamento, na sesión extraordinaria e urxente que tivo lugar o día 8 de abril de 2021, adoptou o acordo de aprobar o expediente de modificación de crédito número 1/2021 e do cadro de persoal 2021, que inclúe créditos extraordinarios por importe global de 1.379.272,00 euros, suplementos de créditos por importe global de 480.500,00 euros e baixas por anulación por importe de 1.556.000,00 euros. Este expediente financíase con cargo ao remanente líquido de tesourería para gastos xerais obtido da liquidación do orzamento de 2020, por importe de 303.772,00 euros e con cargo á baixa por anulación de crédito na aplicación 1360.22799 “xestión do servizo de intervención en emerxencias”, por canto o cambio de sistema a partir de xuño de 2021 permite reducir a dotación desta aplicación para financiar os citados suplementos e créditos extraordinarios e atender así as necesidades de gastos que derivarán da xestión directa.

Resultando que o Servizo de Intervención da Deputación de Pontevedra emite informe de data 20 de abril de 2021, no que indica que o expediente cumpre cos requisitos previstos na normativa de aplicación, tanto en relación cos gastos que se pretenden financiar como en relación cos recursos que os financian, respectando o equilibrio orzamentario e no informe da Secretaría-Intervención do Consorcio de data 31 de marzo de 2021, tamén se indica que se considera axeitado o financiamento deste expediente ó acudir a baixa por anulación de crédito na aplicación na aplicación 1360.22799 “xestión do servizo de intervención en emerxencias”, por importe de 1.556.000,00 euros e ao remanente líquido de tesourería para gastos xerais obtido da liquidación do orzamento de 2020, por importe de 303772,00 euros.



Considerando o disposto nos artigos 177, 179 e 180 do Real Decreto Legislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto refundido da Lei reguladora das Facendas Locais; nos artigos 34 a 38 e 40 a 42 do Real Decreto 500/1990, de 20 de abril, nos artigos 2, 3, 11, 27 e demais concordantes da Lei Orgánica 2/2012, de 27 de abril de Estabilidade Orzamentaria e sustentabilidade financeira, e nas bases de execución do orzamento, en canto a competencia e tramitación a seguir para a aprobación do expediente de suplemento de crédito número 1/2020 do Consorcio Provincial de Pontevedra para a prestación do servizo contra incendios e salvamento.

O Pleno, de conformidade co ditame favorable da Comisión Informativa de Réxime Interior, Economía, Facenda e Axenda Dixital, acorda:

Primeiro: *Aprobar inicialmente o expediente de modificación de crédito número 1/2021 do Consorcio Provincial de Pontevedra para a prestación do servizo contra incendios e salvamento, que inclúe créditos extraordinarios por importe global de 1.379.272,00 euros, suplementos de créditos por importe global de 480.500,00 euros e baixas por anulación por importe de 1.556.000,00 euros. Este expediente financíase con cargo ao remanente líquido de tesourería para gastos xerais obtido da liquidación do orzamento de 2020, por importe de 303.772,00 euros, e coa citada baixa por anulación por importe de 1.556.000,00 euros, de acordo co seguinte detalle:*

CRÉDITO EXTRAORDINARIO 1/2021:

CAPÍTULO I GASTOS DE PERSOAL			
SERVIZO DE PREVENCIÓN E EXTINCIÓN DE INCENDIOS			
1360.131.00	RETRIBUCIÓN PERSOAL LABORAL	1.110.000,00	BAIXA POR ANULACIÓN
1360.131.01	HORAS EXTRAORDINARIAS	35.000,00	BAIXA POR ANULACIÓN
1360.162.05	SEGUROS DE ACCIDENTE	7.000,00	BAIXA POR ANULACION
ADMINISTRACIÓN XERAL			
APLICACIÓN PRESUPOSTARIA	DENOMINACIÓN	IMPORTE	FINANCIAMENTO



920.120.00	SUELDOS GRUPO A1	9.470,00	BAIXA POR ANULACIÓN
920.120.03	SUELDOS GRUPO C1	6.319,00	BAIXA POR ANULACIÓN
920.120.06	TRINIENOS	1,00	BAIXA POR ANULACIÓN
920.121.00	COMPLEMENTO DE DESTINO	8.248,00	BAIXA POR ANULACIÓN
920.121.01	COMPLEMENTO ESPECÍFICO	12.678,00	BAIXA POR ANULACIÓN
920.150.00	PRODUCTIVIDADE	5.433,00	BAIXA POR ANULACIÓN
920.151.00	GRATIFICACIÓNS	1,00	BAIXA POR ANULACIÓN
920.160.00	COTAS SS	10.622,00	BAIXA POR ANULACIÓN
TOTAL CAPITULO I	1.204.772,00		
	REMANENTE TESOURERIA	BAIXA POR ANULACIÓN	
	0,00	1.204.772,00	

CAPÍTULO II GASTOS CORRENTES EN BENS E SERVIZOS			
SERVIZO DE PREVENCIÓN E EXTINCIÓN DE INCENDIOS			
APLICACIÓN PRESUPOSTARIA	DENOMINACIÓN	IMPORTE	FINANCIAMENTO
1360.21200	MANTEMENTO CONSERVACIÓN EDIFICIOS	1.000,00	BAIXA POR ANULACIÓN
1360.21300	MANTEMENTO CONSERVACIÓN MAQUINARIA UTILLAXE	1.000,00	BAIXA POR ANULACIÓN
1360.221.00	ENERXÍA ELECTRICA	10.500,00	BAIXA POR ANULACIÓN
1360.221.06	PRODUCTOS FARMACEUTICOS	1.000,00	BAIXA POR ANULACIÓN
1360.221.10	PRODUCTOS LIMPEZA	1.000,00	BAIXA POR ANULACIÓN
1360.227.07	SERVICIOS REALIZADOS POR EMPRESAS OU PARTICULARES	160.000,00	BAIXA POR ANULACIÓN
TOTAL CAPITULO II	174.500,00		
	REMANENTE TESOURERIA	BAIXA POR ANULACIÓN	
	0,00	174.500,00	

SUPLEMENTO DE CRÉDITO 1/2021:

CAPÍTULO I GASTOS DE PERSOAL			
SERVIZO DE PREVENCIÓN E EXTINCIÓN DE INCENDIOS			
APLICACIÓN PRESUPOSTARIA	DENOMINACIÓN	IMPORTE	FINANCIAMENTO



1360.160.00	COTAS SS	380.000,00	BAIXA POR ANULACIÓN 126.228,00 REMANENTE TESORERÍA 253.772,00
TOTAL CAPITULO I	380.000,00		
	REMANENTE TESOURERIA	BAIXA POR ANULACIÓN	
	253.772,00	126.228,00	

CAPÍTULO II GASTOS CORRENTES EN BENS E SERVIZOS			
SERVIZO DE PREVENCIÓN E EXTINCIÓN DE INCENDIOS			
APLICACIÓN PRESUPOSTARIA	DENOMINACIÓN	IMPORTE	FINANCIAMENTO
1360.21400	CONSERVACIÓN VEHÍCULOS	1.000,00	BAIXA POR ANULACIÓN
1360.221.03	COMBUSTIBLE	9.000,00	BAIXA POR ANULACIÓN
1360.221.04	VESTIARIO	20.000,00	BAIXA POR ANULACIÓN
1360.22199	OUTROS SUBMINISTROS	2.500,00	BAIXA POR ANULACIÓN
1360.222.00	GTOS CUMINICACIÓNS	3.000,00	BAIXA POR ANULACIÓN
1360.22400	PRIMAS DE SEGUROS DE DISTINTOS RAMOS	50.000,00	87000 RTE TESOURERÍA
ADMINISTRACIÓN XERAL			
APLICACIÓN PRESUPOSTARIA	DENOMINACIÓN	IMPORTE	FINANCIAMENTO
9200.227.06	TRABALLOS REALIZADOS POR EMPRESAS OU PARTICULARES	15.000,00	BAIXA POR ANULACIÓN
TOTAL CAPITULO II	100.500,00		
	REMANENTE TESOURERIA	BAIXA POR ANULACIÓN	
	50.000,00	50.500,00	

BAIXA POR ANULACIÓN PARCIAL 1/2021

CAPÍTULO II GASTOS CORRENTES EN BENS E SERVIZOS			
SERVIZO DE PREVENCIÓN E EXTINCIÓN DE INCENDIOS			
APLICACIÓN PRESUPOSTARIA	DENOMINACIÓN	IMPORTE	MOTIVO/DESTINO
1360.227.99	XESTIÓN DO SERVIZO DE INTERVENCIÓN EN EMERXENCIAS POR EMPRESA	1.556.000,00	CAMBIO DE MODELO DE XESTIÓN/FINANCIAMENTO DE CRÉDITOS EXTRAORDINARIOS

O resumo por capítulos do orzamento do Consorcio Provincial de Pontevedra para a prestación do servizo contra incendios e salvamento queda como segue:



GASTOS			INGRESOS		
Capítulo	Denominación	Importe €	Capítulo	Denominación	Importe €
1	Gastos de persoal	1.647.593,00	1	Impostos directos	0,00
2	Gastos en bens correntes e servizos	1.985.322,94	2	Impostos indirectos	0,00
3	Gastos financeiros	0,00	3	Taxas e outros ingresos	1.892.600,00
4	Transferencias correntes	1.500,00	4	Transferencias correntes	1.972.000,00
5	Fondo de continxencia	3.000,00	5	Ingresos patrimoniais	100,00
6	Investimentos reais	1.541.398,50	6	Alleamento de inversións reais	0,00
7	Transferencias de capital	0,00	7	Transferencias de capital	0,00
8	Activos financeiros	0,00	8	Activos financeiros	1.359.114,44
9	Pasivos financeiros	0,00	9	Pasivos financeiros	0,00
	TOTAL	5.178.814,44		TOTAL	5.178.814,44

Segundo: Tomar razón da modificación do cadro de persoal e retribucións do Consorcio Provincial de Pontevedra para a prestación do servizo contra incendios e salvamento para o exercicio 2021:

CADRO DE PERSOAL E RETRIBUCIÓN DERIVADOS DA INTERNALIZACIÓN DO SERVIZO DE INTERVENCIÓN EN EMERXENCIAS 2021.

CADRO DE PERSOAL

APARTADO 1º: Persoal funcionario					
PERSOAL ADMINISTRATIVO					
GRUPO	NIVEL/CD	DENOMINACIÓN	NÚMERO	RETRIBUCIÓN ANUAIS 2021	RETRIBUCIÓN 01-06-2021 A 31-12-2021
	1	ESCALA HABILITACIÓN CARÁCTER ESTATAL (En réxime de acumulación de funcións)			
A1	1.1	SUBESCALA SECRETARÍA-INTERVENCIÓN			
		SECRETARIO/A-INTERVENTOR/A	1	15.732,05	
	2	ESCALA ADMINISTRACIÓN XERAL			
A1	2.1	SUBESCALA TÉCNICA			
		TÉCNICO/A ADMINISTRACIÓN XERAL	1	38.369,67*	22.382,29*
C1	2.2	SUBESCALA ADMINISTRATIVA			



	20	ADMINISTRATIVO/A ADMINISTRACIÓN XERAL	1	25.291,10*	14.753,13*
--	----	---------------------------------------	---	------------	------------

* Complemento específico incluído

	COMPLEMENTO ESPECÍFICO ANUAL	COMPLEMENTO ESPECÍFICO PERÍODO 01-06-2021 A 31-12-2021	COMPLEMENTO DE PRODUCTIVIDAD ANUAL	COMPLEMENTO DE PRODUCTIVIDAD 01-06-2021 A 31-12-2021
TÉCNICO/A ADMINISTRACIÓN XERAL	13.051,21	7.613,23	5.593,37	3.262,81
ADMINISTRATIVO/A ADMINISTRACIÓN XERAL	8.682,12	5.064,54	3.720,91	2.170,52

* Complemento de produtividade, queda libremente a disposición da Presidencia para retribuir o especial rendemento, a actividade extraordinaria,

o interese ou iniciativa con que se desempeñan estes postos.

APARTADO 2º: Persoal directivo (Contrato de alta dirección celebrado ao abeiro do R.D. 1382 de 1 de agosto)		
N.º POSTOS	DENOMINACIÓN	RETRIBUCIÓN ANUAIS 2021
1	XERENTE	35.294,32

O réxime retributivo de secretaria-intervención e xerencia será o aprobado conxuntamente co Orzamento 2021 coa aplicación do incremento retributivo do 0,9 %, previsto na Lei 11/2020, do 31 de decembro, de Presupostos Xerais do Estado para o ano 2021.

APARTADO 3º: Persoal laboral (INDEFINIDO NON FIXO/INTERINIDADE)		
N.º POSTOS	DENOMINACIÓN	DEREITOS RETRIBUTIVOS
3	XEFE DE PARQUE	As que viñan gozando a data do acordo da creación da Comisión xurídico-técnica para o seguimento do proceso do paso de xestión indirecta a xestión directa, segundo convenio.
20	XEFE DE QUENDA-CONDUCTOR	
50	BOMBEIROS	

Terceiro: Este expediente de suplemento de crédito número 1/2021 do Consorcio Provincial de Pontevedra para a prestación do servizo contra incendios e salvamento, exporase ó público para os efectos de reclamacións, por un período de quince días hábiles, contados desde o día seguinte ao da publicación do anuncio no Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra (BOPPO).

As reclamacións, reparos ou observacións que se presenten serán estudados, no seu caso, polos servizos técnicos da Deputación de Pontevedra e posteriormente pola Comisión informativa de Réxime Interior, Economía, Facenda e Axenda Dixital, que formulará ao Pleno a proposta de aprobación definitiva deste expediente.

Este acordo de aprobación inicial do expediente de suplemento de crédito número 1/2021 do Consorcio Provincial de Pontevedra para a prestación do



servizo contra incendios e salvamento, entenderase definitivamente aprobado no caso de que no prazo de exposición pública non se formularsen reclamacións contra o mesmo.

Unha vez debatido o asunto e segundo o establecido nos artigos 32 da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, 52 do Regulamento orgánico da Deputación de Pontevedra e 126 do Real Decreto 2568/1986, de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais, sométese a votación a proposta de acordo, obtendo o seguinte resultado:

1. **Votos a favor: (17)**, sendo oito (8) do grupo provincial do PSG-PSOE, sete (7) do grupo provincial do Partido Popular e dous (2) do grupo provincial do BNG.

2. **Votos en contra: (0)**, ningún.

3. **Abstencións: (0)**, ningunha.

A Comisión Informativa de Réxime Interior, Economía, Facenda e Axenda Dixital ditamina a proposta de acordo do asunto relativo á aprobación inicial do expediente de modificación de créditos número 1/2021 do Consorcio Provincial de Pontevedra para a prestación do servizo contra incendios e salvamento, cos votos a favor das Deputadas e Deputados dos grupos provinciais do PSG-PSOE, do Partido Popular e do BNG.

7. DAR CONTA DO INFORME DE INTERVENCIÓN DO PERÍODO MEDIO DE PAGO A PROVEEDORES CORRESPONDENTE Ó MES DE MARZO DE 2021.

O Servizo de Intervención con data 16 de abril de 2021, elaborou un informe do período medio de pago a provedores da Deputación de Pontevedra, da Escola Universitaria de Enfermería, do Consorcio Provincial Contraincendios e Salvamento e Consorcio Contraincendios do Deza e Tabeirós-Terra de Montes, correspondente ó mes de marzo de 2021, onde se deixa constancia do seguinte:

“A Lei Orgánica 2/2012, de 27 de abril, introduce o concepto de período medio de pago como expresión do tempo de pago ou retraso no pago da débeda comercial, de xeito



que todas as Administracións Públicas, nun novo exercicio de transparencia, deberán facer público o seu período medio de pago que deberán calcular de acordo cunha metodoloxía común establecido no Real Decreto 635/2014 de 25 de xullo polo que se desenvolve a metodoloxía de cálculo do período medio de pago a provedores das Administracións Públicas

O período medio de pago mide o retraso no pago da débeda comercial en termos económicos, como indicador distinto respecto do período legal de pago establecido no texto refundido da Lei de Contratos do Sector Público, aprobado por Real Decreto Lexislativo 3/2011, de 14 de novembro, e na Lei 3/2004, de 29 de decembro, pola que se establecen medidas de loita contra a morosidade nas operacións comerciais.

O artigo 6 do Real Decreto 635/2014 de 25 de xullo, en relación á publicidade do período medio de pago a provedores establece que as comunidades autónomas e as corporacións locais remitirán ó Ministerio de Facenda e Administracións Públicas e publicarán periodicamente, de acordo co que se prevea na Orden HAP/2105/2012, de 1 de outubro, pola que se desenvolven as obrigas de subministro de información previstas na Lei Orgánica 2/2012, de 27 de abril, a información relativa ó seu período medio de pago a provedores referido, segundo corresponda, ó mes ou ó trimestre anterior:

Á vista deste precepto legal o servizo de Intervención elaborou o informe do período medio de pago a provedores da Deputación de Pontevedra, da Escola universitaria de Enfermería, Consorcio Provincial Contraincendios e Salvamento e Consorcio do Deza Tabeirós correspondente ó mes de marzo de 2021 que se expón a continuación:

PERIODO MEDIO DE PAGO A PROVEEDORES MARZO DE 2021

Entidade	Mes	Ratio Operacións Pagadas	Importe Pagos Realizados	Ratio Operacións Pendentes	Importe Pagos Pendentes	Período Medio de Pago
Deputación de Pontevedra	Marzo	11,8149465831	2.095.353,96	12,1769102426	841.750,81	11,9186824820
Escola de Enfermería	Marzo	18,9075608385	5.495,29	0,0000000000	0,00	18,9075608385
Consorcio de Incendios e Salvamento	Marzo	11,8923201408	259.160,35	0,0000000000	0,00	11,8923201408
Consorcio Deza Tabeiros	Marzo	11,3988428000	7.034,20	10,2110233000	2.307,56	11,1054329109



TOTAL		2.367.043,80		844.058,37	11,9261492819
-------	--	--------------	--	------------	---------------

*En base ós cálculos detallados nestes informes ponse de manifesto que **se cumpre co período medio de pago legalmente previsto**”.*

A Comisión informativa de Réxime Interior, Economía, Facenda e Axenda Dixital queda enterada do contido do **informe do período medio de pago a provedores correspondente ó mes de marzo de 2021 da Deputación Provincial de Pontevedra, da Escola Universitaria de Enfermería, do Consorcio Provincial Contraincendios e Salvamento e Consorcio Contraincendios Deza e Tabeiros-Terra de Montes**, en relación ó disposto na Lei Orgánica 2/2012, de 27 de abril de Estabilidade Orzamentaria e Sostibilidade financeira e no Real Decreto 635/2014 de 25 de xullo polo que se desenvolve a metodoloxía de cálculo do período medio de pago a provedores das Administracións Públicas.

8. DAR CONTA DO INFORME DE INTERVENCIÓN RELATIVO Ó CUMPRIMENTO DURANTE O 1ª TRIMESTRE DE 2021 DOS PRAZOS DE PAGO DE OBRIGAS EN RELACIÓN CO DISPOSTO NA LEI 3/2004, DE 29 DE DECEMBRO, POLA QUE SE ESTABLECEN MEDIDAS DE LOITA CONTRA A MOROSIDADE NAS OPERACIÓNS COMERCIAIS.

A Viceinterventora elaborou con data 19 de abril de 2021 un informe dando conta do cumprimento pola Deputación de Pontevedra, a Escola Universitaria de Enfermería, Consorcio Provincial Contraincendios e Salvamento e o Consorcio Contraincendios Deza Tabeirós, dos prazos de pago de obrigas durante o primeiro trimestre do 2021, en relación co disposto na Lei 3/2004, de 29 de decembro, pola que se establecen medidas de loita contra a morosidade nas operacións comerciais, cuxo contido é o seguinte:

“A Lei 15/2010 de modificación da lei 3/2004 de 29 de decembro pola que se establecen medidas de loita contra a morosidade nas operacións comerciais establece no seu artigo 4º que as corporacións locais elaborarán un informe trimestral sobre o cumprimento dos prazos para o pago das obrigas previstos en dita lei, informe que debe remitirse ós órganos competentes do Ministerio de Economía e Facenda, e, no seu respectivo ámbito territorial ó das Comunidades Autónomas que teñan atribuída a tutela financeira das entidades locais. Dita información poderá ser utilizada polas Administracións receptoras para a elaboración dun informe periódico e de carácter público sobre o cumprimento de prazos para o pago por parte das Administracións Públicas.



Á vista deste precepto legal o servizo de Intervención elaborou o informe de cumprimento pola Deputación de Pontevedra e as entidades locais Escola universitaria de Enfermería, Consorcio Provincial Contraincendios e Salvamento e Consorcio Contraincendios da Comarca do Deza e Tabeirós dos prazos para o pago das obrigas correspondente ao 1º trimestre de 2021, que se expón a continuación:

INFORME DE CUMPRIMENTO DE PRAZOS PARA O PAGO DE OBRIGAS CORRESPONDENTE AO 1º TRIMESTRE DE 2021

1. Con referencia á data de conformidade da factura;

➤ Pagos realizados:

Pagos realizados	Período Medio pago (PMP) (días)	Pagos realizados no período			
		Dentro Período Legal Prazo		Fóra Período Legal Prazo	
		Nº Pagos	Importe total	Nº Pagos	Importe Total
Deputación de Pontevedra	18	2.475	7.056.622,40 €	71	1.169.269,59 €
Escola de Enfermería	13	10	9.496,58 €	0	0,00 €
Consorcio Provincial	10	14	802.558,89 €	0	0,00 €
Consorcio Deza e Tabeirós	28	48	148.828,12 €	0	0,00 €

➤ Facturas pendentes de pago:

Facturas pendentes de pago	Período Medio pendiente pago (PMPP) (días)	Pendentes de pago no período			
		Dentro Período Legal Prazo		Fóra Período Legal Prazo	
		Nº operacións	Importe total	Nº operacións	Importe Total
Deputación de Pontevedra	35	363	1.489.230,03 €	22	185.912,89 €
Escola de Enfermería	0	0	0,00 €	0	0,00 €
Consorcio Provincial	0	0	0,00 €	0	0,00 €



Consortio Deza e Tabeirós	10	12	2.307,56 €	0	0,00 €
---------------------------	----	----	------------	---	--------

2. Intereses de demora pagados

Intereses de demora pagados	Número de pagos	Importe total intereses
Deputación de Pontevedra	0	0,00 €
Escola de Enfermería	0	0,00 €
Consortio Provincial	0	0,00 €
Consortio Deza e Tabeirós	0	0,00 €

*En base os cálculos detallados neste informe podemos concluir que se **cumple** co prazo de pago a provedores legalmente establecido.*

A Comisión informativa de Réxime Interior, Economía, Facenda e Axenda Dixital queda enterada do contido do informe trimestral de Intervención sobre o cumprimento, pola Deputación de Pontevedra, Escola Universitaria de Enfermería, Consortio Provincial Contraincendios e Salvamento e Consortio Contraincendios Deza Tabeirós, durante o primeiro trimestre de 2021, dos prazos de pago de obrigas en relación co disposto na Lei 15/2010 de modificación da Lei 3/2004, de 29 de decembro, pola que se establecen medidas de loita contra a morosidade nas operacións comerciais.

9. DAR CONTA DO INFORME DE INTERVENCIÓN RESUMO DO CONTROL FINANCIERO DE SUBVENCIONS EXECUTADO NO ANO 2020.

O Servizo de Intervención con data 19 de abril de 2021, elaborou un informe resumo do control financeiro de subvencións executado no ano 2020 e que corresponde a subvencións concedidas no exercicio de 2018, onde se deixa constancia do seguinte:

“INFORME DE CONTROL FINANCIERO DE SUBVENCIONS 2018.

INTRODUCCIÓN.

O presente informe refírese ao traballo de control financeiro de subvencións concedidas no exercicio 2018, que dende o ano 2015, no que se aproba o primeiro plan de control financeiro



de subvencións, que conta como novidade coa incorporación de unha empresa externa para colaboración na súa execución. O desenvolvemento do mesmo foi afectado pola pandemia do COVID-19, producindo un efecto importante nos traballos de campo, xa que os desprazamentos as sedes dos beneficiarios das subvenciones, se viron limitados polas restricións á mobilidade e outras causas que deron como resultado un notable retraso na execución dos mesmos.

No exercicio 2018 entrou en vigor o Real Decreto 424/2107, de 28 de abril, polo que se regula o réxime xurídico do control interno nas entidades do Sector Público Local. Este Real Decreto regula e detalla a funcións de control financeiro e auditoría, do que resulta a esixencia de ampliar o ámbito material do control.

A Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións, establécese un sistema de seguimento a través do control e avaliación de obxectivos, dentro dos cales se pode encadrar a actividade de control financeiro das subvencións. Este vén esixido polo artigo 44 da Lei que, no seu apartado 3, establece que *a competencia para o exercicio do control financeiro de subvencións lle corresponderá á Intervención Xeral da Administración do Estado...*; así mesmo, na Disposición adicional 14ª establécese que *os procedementos regulados nesta Lei se adaptarán regulamentariamente ás condicións de organización e funcionamento das corporacións locais.*

No que se refire á competencia para exercer o control financeiro das subvencións, a disposición adicional décimo cuarta da Lei xeral de subvencións establécese que *"a competencia para exercer o control financeiro das subvencións concedidas polas corporacións locais e os organismos públicos delas dependentes lles corresponderá aos órganos ou persoal funcionario que teñan atribuído o control financeiro da xestión económica das devanditas corporacións referidos nos artigos 213 e seguintes do R.D.L. 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei reguladora das facendas locais"*.

Este informe ten por obxecto informar das actuacións de control financeiro en materia de subvencións planificadas e executadas, grao de cumprimento do Plan, resultado das actuacións, conclusións e formular as recomendacións correspondentes.

Como en exercicios precedentes desenvolvéronse tres tipos de control, un Control Financeiro Pleno, no que se contrata a unha empresa externa para colaborar en este ámbito, outro Limitado, cun alcance mais reducido, e un terceiro co obxectivo de comprobación do período de adscrición das subvencións cuxa finalidade sexa o financiamento de bens inventariables.

Neste exercicio, e como consecuencia da experiencia adquirida en anos anteriores, o criterio de selección de expedientes fixouse en atención aos criterios de procedemento de concesión así como o seu importe, de tal xeito que fíxose a selección de todas aquelas subvencións concedidas polo procedemento directo e nominativo que superaban os 29.999,00 € dado que o maior volume económico, que é onde se concentra mais risco de incumprimentos, estendéndose o criterio cuantitativo ás concedidas por concorrencia competitiva que superaron o importe de 18.999,00 €; asemade fíxose unha selección por sorteo de aquelas subvencións concedidas por concorrencia competitiva cuxo importe se atopaba entre os 3.001,00 € e os 18.999,00 €. Adicionalmente, para comprobación de subvencións de inversións o importe mantívose nos 10.000,00 € como no exercicio anterior.

OBXECTIVOS.

Os traballos de Control Financeiro Pleno das subvencións concedidas no exercicio de 2018, tiveron coma finalidade fundamental verificar:



- A adecuada e correcta obtención das subvencións por parte do beneficiario
- O cumprimento por parte de beneficiarios e entidades colaboradoras das obrigacións de xestión e aplicación das subvencións.
- A adecuada e correcta xustificación das subvencións por parte dos beneficiarios e entidades colaboradoras e a consecución do obxecto da subvención
- A realidade e regularidade das operacións que, de acordo coa xustificación presentada polos beneficiarios e colaboradores, foron financiadas coa subvención.
- O adecuado financiamento das actividades subvencionadas.
- A existencia de feitos, circunstancias ou situacións non declaradas á Administración polos beneficiarios, que poidan afectar á correcta obtención, utilización, gozo ou xustificación da subvención, así como a realidade e regularidade das operacións por ela financiadas.

Este control *a posteriori* realízase mediante a técnica de auditoría pública.

Sobre as actuacións de control, estas consisten en:

- O exame de rexistros contables e estados financeiros que as soportaban.
- Operacións individualizadas relacionadas ou que afectasen ás subvencións concedidas.
- A comprobación de aspectos parciais e concretos dunha serie de actos relacionados con estas.
- A comprobación material dos investimentos financiados.
- As actuacións concretas de control que se debían realizar conforme á normativa reguladora.
- Calquera outras comprobacións estimadas como necesarias.

No que fai referencia a o Control Financeiro Limitado as actuacións de control consisten en:

- O exame da conta xustificativa.
- A solicitude de remisión de todas as facturas que se reflicten na mesma.
- Solicitude dos xustificantes de pago de todas elas, ou copia compulsada.
- Remisión polo beneficiario das contas anuais e información contable relacionada ca subvención, se fose necesario.
- Información sobre outras axudas recibidas ca mesma finalidade co obxecto de cruzala ca que figura na conta xustificativa.
- Extracto bancario onde se reflictan os pagos e os ingresos relacionados ca subvención.
- Calquera outras comprobacións que resulten necesarias.

Os traballos fanse dende Intervención sen o desprazamento do persoal encargado a sede social do beneficiario.



Polo que se refire ás actuacións de comprobación do período de adscrición, estas consisten en:

- O exame da conta xustificativa.
- A solicitude de remisión de todas as facturas que se reflicten na mesma.
- Solicitude dos xustificantes de pago de todas elas, ou copia compulsada.
- Información sobre outras axudas recibidas ca mesma finalidade co obxecto de cruzala ca que figura na conta xustificativa.
- Extracto bancario onde se reflictan os pagos e os ingresos relacionados ca subvención.
- Calquera outras comprobacións que resulten necesarias.

Co apoio dos técnicos dos centros xestores das subvencións concedidas, emítase informe sobre a comprobación in situ da referida adscrición.

DESENVOLVEMENTO DO PLAN DE CONTROL FINANCEIRO.

3.1. PLAN DE CONTROL FINANCEIRO.

O Control financeiro en materia de subvencións executouse de conformidade co Plan Anual de data 19/06/2020 (modificación 6/10/2020). Este control realizouse no exercicio 2020 sobre as subvencións concedidas no ano 2018 xa que na data de realización dos traballos deben estar concluídas as actividades ou investimentos obxecto das diferentes intervencións.

Do total de subvencións excluíronse as subvencións concedidas ós concellos da provincia, outras entidades locais e entes públicos, xa que en cada un deles existe un órgano de control propio que fiscaliza a aplicación correcta dos fondos concedidos. Igualmente, pola presunción dun maior control e conseguinte redución de risco, exclúense aquelas axudas correspondentes con Plans e Programas que se executan conxuntamente, ou en coordinación, cos Concellos por ser estes beneficiarios da actividade desenvolta. Adicionalmente se exclúen tamén aquelas entidades que xa foron obxecto de Control Financeiro no exercicio precedente e que non tiveron incidencias.

Como consecuencia o detalle da mostra a traballar queda do seguinte xeito:

MAIOR DE 29.999,99 € €					
		NOMINATIVA		DIRECTAS	
		Nº EXP.	IMPORTE	Nº EXP.	IMPORTE
SELECCIÓN	17	906.984,00 €	2	240.000,00 €	
TOTAL	60	1.466.483,99 €	9	289.296,93 €	



COBERTURA	28,33%	61,85%	22,22%	82,96%
------------------	---------------	---------------	---------------	---------------

	CONCORRENCIA			
	MAIOR DE 18.999,00 €		ENTRE 3.001,00 €- 18.998,00 €	
	Nº EXP.	IMPORTE	Nº EXP.	IMPORTE
SELECCIÓN	14	308.034,57 €	20	142.449,83 €
TOTAL	14	308.034,57 €	391	2.477.810,37 €
COBERTURA	100,00%	100,00%	5,00%	5,75%

No Control Financeiro Pleno incluíronse 33 expedientes, os 17 de subvencións nominativas, 9 directas e os 14 de maior importe concedidos en concorrencia. Mentres que os 20 de concorrencia seleccionados por muestreo incluíronse no Control Financeiro Limitado.

A selección por muestreo fíxose utilizando follas de cálculo nas que figuran os datos de cada un dos expedientes de subvención, procedéndose, mediante unha fórmula aleatoria (que inclúe Microsoft Excel), a asignar un número entre 0 e 1 con múltiples decimais a cada un dos expedientes. Unha vez feito isto e mediante outra fórmula de Excel (Buscar V) procedimos a buscar dentro este rango de números aleatorios os x números maiores. O que fai esta función é ordenar os expedientes en función do número aleatorio asignado polo programa de maior a menor e así nos permite poder elixir os primeiros da lista en función do número de subvencións que se estimase que se deben revisar en cada un dos grupos.

O Plan anual incluía a previsión de incorporar ao programa de traballo, aqueles expedientes que de forma motivada se propuxesen polos diferentes Centros Xestores da Deputación, indicando aqueles incumprimentos que a o seu criterio se puidesen producir, así como, de aqueles expedientes que no proceso de fiscalización se detectasen aspectos que xustificuen a inclusión no referido plan.

A determinación dos expedientes cuxo obxecto é a revisión da continuidade da adscrición do investimento á finalidade para que foi concedida, fíxose sobre aquelas subvencións concedidas por importe superior a 10.000,00 €, e que no foron seleccionadas para o Control Financeiro pleno ou limitado.

CAP. VII MAYOR 10.000,00 €



	Nº EXP.	IMPORTE
SELECCIÓN	16	293.285,98 €
TOTAL	30	369.376,29 €
COBERTURA	53,33%	79,40%

Dos 16 seleccionados 8 xa se inclúen dentro da mostra de concorrencia competitiva, polo que os expedientes realmente afectados serán 8.

DETERMINACIÓN DOS EXPEDIENTES A EXMINAR E CRITERIOS PARA A SÚA SELECCIÓN.

Para a selección de expedientes que foron obxecto de sorteo o Secretario da Deputación aplicou o procedemento mencionado sendo seleccionados os expedientes:

BENEFICIARIO	OBJECTO	IMPORTE
FUNDACION RENAL IÑIGO ALVAREZ DE TOLEDO	PRESTACIÓN SERVICIOS DE APOIO PSICOLÓXICO E SOCIAL PACIENTE RENAL EN TRAT. HEMOD.	5.570,87 €
ASOCIACION VIGUESA DE ALCOHOLOGIA ASVIDAL	PREVENCIÓN DA EXC. SOCIAL NO ALCOHOL.	5.570,87 €
ASOCIACION ASPADEZA	AUTONOMÍA E RESPIRO FAMILIAR	4.899,68 €
ASOC. COMARCAL EDUC.ESPECIAL S.CRISTO AMOR-ACEESCA	OCIO CENTRADO NA PERSOA	4.765,45 €
CASA SANTA MARIA DE LA ESPERANZA ESCLAVAS VIRGEN DOLOROSA	DE VOLTA A VIVEIRO	4.765,45 €
ASOC. SAN XEROME EMILIANI	UNHA PONTE HACIA A VIDA INDEPENDENTE	3.892,90 €
ASOCIACION DE FAMILIARES Y ENFERMOS MENTALES MOREA	ATENCIÓN E INTERVENCIÓN EN FAMILIAS DE PERSOAS CON ENFERMIDADE MENTAL CRÓNICA	4.000,00 €
CLUB BALONCESTO PEIXE FRESCO MARIN	COMPETICIÓN FEDERADA DE ÁMBITO NACIONAL	17.579,25 €
CLUB AROSA, S.C. -VILAGARCIA DE AROUSA-	COMPETICIÓN FEDERADA DE ÁMBITO NACIONAL	15.380,00 €
ESCUELA PIRAGUISMO CIUDAD DE PONTEVEDRA	COMPETICIÓN FEDERADA DE ÁMBITO NÁUTICO	15.152,00 €
CLUB CICLISTA VIGUES	COMPETICIÓN FEDERADA DE ÁMBITO NACIONAL	11.704,00 €
CLUB DE REMO VIRGEN DE GUIA	COMPETICIÓN FEDERADA DE ÁMBITO NÁUTICO	7.914,57 €
CLUB CICLISTA CORUXO	COMPETICIÓN FEDERADA DE ÁMBITO NACIONAL	6.459,00 €
PIRAGUISMO PORTONOVO	XLI TROFEO PRINCESA DE ASTURIAS	5.526,87 €
CLUB CASELAS F.C.	COMPETICIÓN FEDERADA DE ÁMBITO INFERIOR A NACIONAL	4.995,62 €
COFRADIA DE PESCADORES SANTIAGO APOSTOL	ADQUISICION DE CAMARA FOTOGRAFICA, BALANZA ELECTRONICA E OUTROS	5.902,88 €



ULLAMA S.C.G.	ADQUISICIÓN EQUIPO MONITORIZACIÓN CULTIVO E ADQUISICIÓN DUNHA DESBROZADORA	4.000,38 €
ASOCIACION SÍNDROME DE DOWN DE PONTEVEDRA -VIGO-	MULLER: EDUCACIÓN PARA A SAÚDE	4.951,39 €
ASOCIACION RUTA DO VIÑO RIAS BAIXAS	PROMOCIÓN DE LA ENOGASTRONOMÍA 2018	5.229,15 €
ASOC. AMIGOS DO MUSEO CASA DO PATRON	XIX MALLA TRADICIONAL	4.189,50 €
		142.449,83 €

Estes expedientes foron obxecto do traballo de Control Financeiro Limitado co alcance expresado en parágrafos anteriores.

O detalle dos expedientes obxecto de Control Financeiro Pleno, seleccionados por contía da subvención concedida é o seguinte:

BENEFICIARIO	OBJECTO	IMPORTE
FEDERACION GALEGA DE MEDIO AMBIENTE	ESTUDIO DO IMPACTO DO CAMBIO CLIMATICO NO SECTOR VINICOLA DA PROVINCIA DE PONTEVEDRA	36.100,00 €
ASOC SECTORIAL FORESTAL GALEGA-ASEFOGA	PROGRAMA DIVULGATIVO SOBRE A VESPA VELUTINA	35.884,00 €
CONSEJO REGULADOR MEJILLON DE GALICIA	AMPLIACIÓN DA CAPACIDADE DAS INSTALACIÓNS DE CONTROL DE CALIDADE NO PEIRAO DO XUFRE DA ILLA	35.000,00 €
PONTEVEDRA CF SAD	GTOS. DE FUNC. DO CLUB E PART. EN COMP. OFICIAIS	160.000,00 €
CORUXO F.C.	GTOS. DE FUNC. DO CLUB E PART. EN COMP. OFICIAIS	120.000,00 €
REAL FEDERACION GALLEGA DE FUTBOL	ESCOLA DEPORTIVA FUTBOL	85.000,00 €
FEDERACION GALLEGA DE BALONMANO	ESCOLA DEPORTIVA BALONMAN	75.000,00 €
C BALONMAN CANGAS	GTOS. DE FUNC. DO CLUB E PART. EN COMP. OFICIAIS	45.000,00 €
CLUBE BALONMAN ATLETICO GUARDES -A GUARDA-	GTOS. DE FUNC. DO CLUB E PART. EN COMP. OFICIAIS	35.000,00 €
GRUPO DEPORTIVO SUPERMERCADOS FROIZ	GTOS. DE FUNC. DO CLUB E PART. EN COMP. OFICIAIS	35.000,00 €
CLUB AMFIV -VIGO-	GTOS. DE FUNC. DO CLUB E PART. EN COMP. OFICIAIS	35.000,00 €
CLUB CICLISTA RIAS BAIXAS -VIGO	GTOS. DE FUNC. DO CLUB E PART. EN COMP. OFICIAIS	35.000,00 €
FEDER.GALLEGA DE PIRAGUISMO PONTEVEDRA	ESCOLA DEPORTIVA PIRAGÜISMO	35.000,00 €
FED. GALEGA DE JUDO E DISCIPLINAS ASOCIADAS	ESCOLA DEPORTIVA DE JUDO	35.000,00 €
CLUB BALONMANO PORRIÑO	GTOS. DE FUNC. DO CLUB E PART. EN COMP. OFICIAIS	30.000,00 €
ASOCIACION CULTURAL CORRELINGUA	GASTOS ORGANIZACIÓN CORRELINGUA 2018	30.000,00 €
CONFEDERACION GALEGA DE PERSOAS CON DISCAPACIDADE	SERVIZO INTERMEDIACIÓN LABORAL PARA PERSOAS CON DISCAPACIDADE DA PROVINCIA DE PONTEVEDRA	45.000,00 €



ASOC GALEGA DE VITICULTURA (A.G.V.)	PROGRAMA FORMATIVO SOBRE CASTES AUTOCTONAS DE VIDES NAS RIBEIRAS DO MORRAZO	40.000,00 €
FEDERACION ESPAÑOLA DE BALONMANO	CAMP. DO MUNDO DE BALONMAN JUNIOR MASC. 2019	200.000,00 €
CLUB CISNE BALONMANO -PONTEVEDRA-	COMPETICIÓN FEDERADA DE ÁMBITO NACIONAL	26.526,00 €
CLUB XUVENTUDE DE BALONCESTO CAMBADOS	COMPETICIÓN FEDERADA DE ÁMBITO NACIONAL	23.054,75 €
A. D. CORTEGADA -VILAGARCIA AROUSA	COMPETICIÓN FEDERADA DE ÁMBITO NACIONAL	19.884,73 €
CLUB DEPORTIVO BOSCO	COMPETICIÓN FEDERADA DE ÁMBITO NACIONAL	19.884,73 €
CLUB DE BALONCESTO ARXIL -PONTEVEDRA-	COMPETICIÓN FEDERADA DE ÁMBITO NACIONAL	19.596,54 €
CLUB VIGO DE VOLEIBOL	COMPETICIÓN FEDERADA DE ÁMBITO NACIONAL	19.000,00 €
HORSAL S. COOP GALEGA	CALIBRADORA DE PRODUCTOS DE LA HUERTA	31.795,31 €
COOP DEL CAMPO O RODO, S.C.L.	OBRAS DE MELLORA ENA INSTALACIÓN DA COOP.	24.165,46 €
COBIDEZA SDAD COOP	AD. EQUIP. PARA MELLORA DA PRODUCCIÓN EN QUEIXERIA	21.878,49 €
COMPLEJO COP.AGRARIO PORTA RIO MIÑO, SCG	OBRAS DE MELLORA NA NAVE COOPERATIVA	21.777,61 €
CAMPODEZA, S. COOP. LTDA.	COMPRA PARCELA, REALIZACIÓN PEQUENA MELLORA NA NAVE COOPERATIVA E ADQUISICIÓN MAQUINARIA	20.470,95 €
COFRADIA DE PESCADORES SAN MARTIN DE O GROVE	ADQUISICIÓN DE TRACTOR PARA MARISQUEO A PE	20.000,00 €
COFRADIA DE PESCADORES SAN MARTIN DE MOAÑA	ADQU. DE VEHICULO, SACOS E MAT. DE VIXIANCIA E INFOR.	20.000,00 €
COF. DE PESCADORES SAN TELMO DE PONTEVEDRA	DINAMIZACIÓN DA PROTECCION DOS RECURSOS MARIÑOS	20.000,00 €
		1.455.018,57 €

Finalmente os expedientes seleccionados para Control Financeiro de Inversións foron:

BENEFICIARIO	OBXECTO	IMPORTE
CONFRARIA DE PESCADORES SAN JUAN	INVESTIMENTOS VARIOS	10.680,02 €
APRODEZA SOCIEDAD COOPERATIVA GALEGA	ADQUISICIÓN DE EQUIPAMENTOS PARA A MELLORA DAS INSTALACIÓNS DA COOPERATIVA	10.993,88 €
CONFRARIA DE PESCADORES SAN XULIAN ILLA DE AROUSA	AMPLIACIÓN E MODERNIZACIÓN DO SISTEMA DE POXA	11.868,00 €
SCDAD COOPERATIVA GANDEIROS DO DEZA	ADQUISICIÓN DE DIVERSA MAQUINARIA AGROFORESTAL PARA PRESTAR SERVICIOS OS SEUS SOCIOS	12.805,00 €



CONFRARIA DE PESCADORES VIRGEN DEL CARMEN	ACTIVIDADES E INVESTIMENTOS VARIOS	14.535,66 €
CONFRARIA DE PESCADORES SANTA TECLA	ADQUISICIÓN DE VEHÍCULO E VARIAS MELLORAS NA WEB E LONXA DA CONFRARÍA	16.500,68 €
VIÑA ALMIRANTE SDAD COOP GALEGA	COMPRA DE PARCELA ALMPLIACIÓN INSTALACIÓNS, ADQUISICIÓN EQUIPAMIENTO Y EQUIPO INFORMÁTICO	16.986,54 €
CONFRARIA DE PESCADORES SAN JOSE	ADQUISICION DE MOTOR DE EMBARCACIÓN E OUTROS	18.828,38 €
		113.198,16 €

LEXISLACIÓN APLICABLE.

- Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións.
- Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia.
- Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas.
- R. d. 887/2006, de 21 de xullo, polo que se aproba o regulamento da Lei 38/2003 xeral de subvencións.
- Normas de auditoría do sector público.
- Real Decreto 424/2017, de 28 de abril, polo que se regula o réxime xurídico de control interno nas entidades locais do Sector Público.
- Ordenanza Xeral de Subvencións da Deputación de Pontevedra. BOP nº 249 de 30 de decembro de 2016.
- Bases reguladoras do orzamento provincial de 2018.
- Bases das distintas convocatorias de subvencións aprobadas no exercicio 2018.

RESULTADOS DO TRABALLO REALIZADO.

O obxecto do presente informe é resumir as principais incidencias detectadas como consecuencia do desenvolvemento dos traballos de control financeiro, así como pór de manifesto algúns aspectos que se deberían ter en conta no desenvolvemento desta actividade de fomento.

Para iso este apartado dividirémolo, por unha banda nas conclusións obtidas como consecuencia dos traballos de Control Financeiro Pleno, doutra banda, o resultado dos traballos de Control Financeiro Limitado dos expedientes que foron seleccionados para tal fin e finalizando cas conclusións obtidas dos traballos de actuación de comprobación do período de adscrición dos bens que foron subvencionados para a súa adquisición.

Finalmente, como consecuencia de os traballos, fanse unha serie de suxestións a ter en conta nas bases reguladoras de cada liña de subvencións, coa finalidade de emendar, na medida do posible, puntos débiles detectados no desenvolvemento de ambos os traballos e que se contrastaron no desenvolvemento do control financeiro.



5.1 RESULTADOS DO TRABALLO DE CONTROL FINANCEIRO PLENO.

Para levar a cabo os traballos de Control Financeiro sobre os 33 expedientes seleccionados, este ano se contou ca colaboración da empresa E&Y, que asume os traballos de 27 dos seleccionados, realizándose con persoal da Deputación os 6 restantes.

Os expedientes obxecto de Control Financeiro realizados por a empresa colaboradora foron:

BENEFICIARIO	OBXECTO	IMPORTE
FEDERACION GALEGA DE MEDIO AMBIENTE	ESTUDIO DO IMPACTO DO CAMBIO CLIMATICO NO SECTOR VINICOLA DA PROVINCIA DE PONTEVEDRA	36.100,00 €
ASEFOGA	PROGRAMA DIVULGATIVO SOBRE A VESPA VELUTINA	35.884,00 €
PONTEVEDRA CF SAD	GTOS. DE FUNC. DO CLUB E PART. EN COMP. OFICIAIS	160.000,00 €
CORUXO F.C.	GTOS. DE FUNC. DO CLUB E PART. EN COMP. OFICIAIS	120.000,00 €
REAL FEDERACION GALLEGA DE FUTBOL	ESCOLA DEPORTIVA FUTBOL	85.000,00 €
FEDERACION GALLEGA DE BALONMANO	ESCOLA DEPORTIVA BALONMAN	75.000,00 €
C BALONMAN CANGAS	GTOS. DE FUNC. DO CLUB E PART. EN COMP. OFICIAIS	45.000,00 €
C. B. ATLETICO GUARDES -A GUARDA-	GTOS. DE FUNC. DO CLUB E PART. EN COMP. OFICIAIS	35.000,00 €
G. D. SUPERMERCADOS FROIZ	GTOS. DE FUNC. DO CLUB E PART. EN COMP. OFICIAIS	35.000,00 €
CLUB AMFIV -VIGO-	GTOS. DE FUNC. DO CLUB E PART. EN COMP. OFICIAIS	35.000,00 €
CLUB CICLISTA RIAS BAIXAS -VIGO	GTOS. DE FUNC. DO CLUB E PART. EN COMP. OFICIAIS	35.000,00 €
FED.GAL. DE PIRAGUISMO PONTEVEDRA	ESCOLA DEPORTIVA PIRAGÜISMO	35.000,00 €
FED. GAL. DE JUDO E DISCIP. ASOCIADAS	ESCOLA DEPORTIVA DE JUDO	35.000,00 €
CLUB BALONMANO PORRIÑO	GASTOS DE FUNCIONAMENTO DO CLUB E PARTICIPACIÓNS EN COMPETICIÓNS OFICIAIS	30.000,00 €
ASOCIACION CULTURAL CORRELINGUA	GASTOS ORGANIZACIÓN CORRELINGUA 2018	30.000,00 €
CONFEDERACION GALEGA DE PERSOAS CON DISCAPACIDADE	SERVIZO INTERMEDIACIÓN LABORAL PARA PERSOAS CON DISCAPACIDADE DA PROVINCIA DE PONTEVEDRA	45.000,00 €
ASOC GALEGA DE VITICULTURA (A.G.V.)	PROGRAMA FORMATIVO SOBRE CASTES AUTOCTONAS DE VIDES NAS RIBEIRAS DO MORRAZO	40.000,00 €
FEDERACION ESPAÑOLA DE BALONMANO	CAMPIONATO DO MUNDO DE BALONMAN JUNIOR MASCULINO 2019	200.000,00 €
CLUB CISNE BALONMANO -PONTEVEDRA-	COMPETICIÓN FEDERADA DE ÁMBITO NACIONAL	26.526,00 €
C. XUVENTUDE DE BALONCESTO CAMBADOS	COMPETICIÓN FEDERADA DE ÁMBITO NACIONAL	23.054,75 €



AGRUPACION DEPORTIVA CORTEGADA - VILAGARCIA AROUSA	COMPETICIÓN FEDERADA DE ÁMBITO NACIONAL (BALONCESTO)	19.884,73 €
CLUB DEPORTIVO BOSCO	COMPETICIÓN FEDERADA DE ÁMBITO NACIONAL	19.884,73 €
CLUB DE BALONCESTO ARXIL -PONTEVEDRA-	COMPETICIÓN FEDERADA DE ÁMBITO NACIONAL	19.596,54 €
CLUB VIGO DE VOLEIBOL	COMPETICIÓN FEDERADA DE ÁMBITO NACIONAL	19.000,00 €
COBIDEZA SDAD COOP	ADQUISICIÓN EQUIPAMIENTO PARAMELLORA DA PRODUCCIÓN EN QUEIXERIA	21.878,49 €
COMPLEJO COP.AGRARIO PORTA RIO MIÑO, SCG	REALIZACIÓN DE PEQUENAS OBRASDE MELLORA NA NAVE COOPERATIVA	21.777,61 €
CAMPODEZA, S. COOP. LTDA.	COMPRA PARCELA, REALIZACIÓN PEQUENA MELLORA NA NAVE COOPERATIVA E ADQUISICIÓN MAQUINARIA	20.470,95 €
		1.304.057,80 €

O desenvolvemento destes traballos foi obxecto dunha planificación inicial, na que explicouse o procedemento de traballo empregado na execución dos mesmos en anos anteriores polo persoal da Deputación adicado ao Control Financeiro, así como o acceso a documentación dos expedientes en poder da Deputación en este ano marcado pola situación pándemica e que, como non pode ser de outro xeito, afectou á execución dos traballos de campo.

Un primeiro atranco que houbo que superar, foi orixinado porque non toda a documentación dos expedientes seleccionados se encontraban dispoñibles nos expedientes electrónicos (Cividas), polo que o inicio dos traballos retrasouse ata que foi escaneada toda a documentación e incorporada aos expedientes, para que, con posterioridade, se facilitase o acceso en remoto aos mesmos.

Unha vez solventado, se inicia a segunda fase do traballo que consistiu en, unha vez analizada a documentación en poder da Deputación, proceder á solicitude da necesaria para levar a cabo os traballos de control financeiro. Esta fase tamén foi afectada negativamente pola COVID, xa que as limitacións de mobilidade impostas, impediron os desprazamentos aos centros ou instalacións dos beneficiarios das axudas para poder facer os traballos de campo in situ, e que axilizaría os mesmos.

Como consecuencia disto, á data de redacción deste informe aínda se atopan en execución parte dos traballos. A entidade E&Y remitiu 20 informes provisionais, os cales, unha vez analizados polo Servizo de Control Financeiro desta Deputación e propostas as correccións oportunas, se atopan en trámite de revisión por parte de E&Y, antes de remitilos a os beneficiarios das axudas, polo que nestes momentos non se pode concluír sobre os mesmos.

Os 6 restantes realizados polo persoal da Deputación foron:



BENEFICIARIO	OBJECTO	IMPORTE
CONSELLO REGULADOR MEXILLON DE GALICIA	AMPLIACIÓN DA CAPACIDADE DAS INSTALACIÓNS DE CONTROL DE CALIDADE NO PEIRAO DO XUFRE DA ILLA	35.000,00 €
HORSAL S. COOP GALEGA	CALIBRADORA DE PRODUCTOS DE LA HUERTA	31.795,31 €
COOP DEL CAMPO O RODO, S.C.L.	OBRAS DE MELLORA ENA INSTALACIÓN DA COOP.	24.165,46 €
CONF. PESC. SAN MARTIN DE O GROVE	ADQUISICIÓN DE TRACTOR PARA MARISQUEO A PE	20.000,00 €
CONF. PESC. SAN MARTIN DE MOAÑA	ADQU. DE VEHICULO, SACOS E MAT. DE VIXIANCIA E INFOR.	20.000,00 €
CONF. PESC. SAN TELMO DE PONTEVEDRA	DINAMIZACIÓN DA PROTECCION DOS RECURSOS MARIÑOS	20.000,00 €
		150.960,77 €

Os traballos realizados non deron lugar a ninguna incidencia, excepto o realizado no expediente da Confraría de Pescadores San Martín de Moaña, que como consecuencia da inclusión do ive deducible como gasto do investimento realizada cando, precisamente pola súa deducibilidade, non ten consideración de custo subvencionable, deu lugar a un reintegro por importe de 592,31 €.

5.2 RESULTADOS DO TRABALLO DE CONTROL FINANCEIRO LIMITADO.

O traballo se realizou, como en exercicios precedentes, dende as dependencias da Deputación sen desprazamentos a os domicilios sociais dos beneficiarios, e centrouse basicamente en:

- O exame da conta xustificativa presentada no seu día.
- A solicitude de remisión de todas as facturas que se reflecten na mesma.
- Solicitude dos xustificantes de pago de todas elas.
- Información sobre outras axudas recibidas ca mesma finalidade co obxecto de cruzala ca que figura na conta xustificativa.

Dos 20 expedientes obxecto de Control Financeiro Limitado, se atopan en trámite de resolución dous. Atopáronse incidencias en 6, que deron lugar a incoación de expedientes de reintegro por importe de 11.730,32 €, segundo o seguinte detalle:

BENEFICIARIO	DETALLE	IMPORTE	REINTEGRO	%
CASA SANTA MARIA DE LA ESPERANZA ESCLAVAS VIRGEN DOLOROSA	DE VOLTA A VIVEIRO	4.765,45 €	222,59 €	4,67%
CLUB AROSA, S.C. -VILAGARCIA DE AROSA-	COMPETICIÓN FEDERADA DE ÁMBITO NACIONAL	15.380,00 €	653,78 €	4,25%



CLUB CICLISTA VIGUES	COMPETICIÓN FEDERADA DE ÁMBITO NACIONAL	11.704,00 €	5.231,96 €	44,70%
CLUB CICLISTA CORUXO	COMPETICIÓN FEDERADA DE ÁMBITO NACIONAL	6.459,00 €	4.536,67 €	70,24%
CLUB CASELAS F.C.	COMP. FED. DE ÁMBITO INFERIOR A NACIONAL	4.995,62 €	56,32 €	1,13%
ASOC. AMIGOS DO MUSEO CASA DO PATRON	XIX MALLA TRADICIONAL	4.189,50 €	1.029,00 €	24,56%
		47.493,57 €	11.730,32 €	24,70%

Asemade se está a tramitar un expediente sancionador a o C.C. Vigués por conta xustificativa inexacta por importe de 75,00 €.

As incidencias fundamentais detectadas, e que se reiteran como en exercicios anteriores, son:

1. Pagos en efectivo que superan o límite establecido nas bases reguladoras.
2. Pagos realizados fora do prazo estipulado nas bases reguladoras das subvencións.
3. Concorrenza de ingresos que superan o custo da actividade subvencionada.
4. Erros na conta xustificativa, que inclúen gastos non subvencionables.
5. Inclusión de facturas empregadas para xustificar outras subvencións.

Destacar tamén, que 12 dos expedientes obxecto de Control Financeiro Limitado obtiveron informe favorable por non atoparse ningunha incidencia significativa.

5.3 RESULTADOS DOS TRABALLOS DE CONTROL DE INVERSIÓNS SUBVENCIONADAS.

Polo que se refire a actuación de comprobación do período de adscrición os traballos consistiron en:

- O exame da conta xustificativa.
- A solicitude de remisión de todas as facturas que se reflecten na mesma.
- Solicitude dos xustificantes de pago de todas elas, ou copia compulsada.
- Información sobre outras axudas recibidas ca mesma finalidade co obxecto de cruzala ca que figura na conta xustificativa.
- Extracto bancario onde se reflectan os pagos e os ingresos relacionados ca subvención.
- Calquera outras comprobacións que resulten necesarias.

Co apoio dos técnicos dos centros xestores das subvencións concedidas, emitíuse informe sobre a comprobación in situ da referida adscrición.



Os expedientes analizados foron 8, atopándose incidencias en 5 que deron lugar a incoación de expedientes de reintegro por 2.948,39 €, o detalle é:

BENEFICIARIO	OBXECTO	IMPORTE	REINTEGRO	%
CONF. DE PESC. SAN JUAN	INVESTIMENTOS VARIOS	10.680,02 €	34,54 €	0,32%
APRODEZA SOCIEDAD COOPERATIVA GALEGA	ADQUISICIÓN DE EQUIPAMENTOS PARA A MELLORA DAS INSTALACIÓNS DA COOPERATIVA	10.993,88 €	1.122,95 €	10,21%
CONF. DE PESC. VIRGEN DEL CARMEN	ACTIVIDADES E INVESTIMENTOS VARIOS	14.535,66 €	55,70 €	0,38%
CONF. DE PESC. SANTA TECLA	ADQ. DE VEHÍCULO E VARIAS MELLORAS NA WEB E LONXA DA CONFRARÍA	16.500,68 €	1.720,00 €	10,42%
CONF. DE PESC. SAN JOSE	ADQ. DE MOTOR DE EMBARCACIÓN E OUTROS	18.828,38 €	15,20 €	0,08%
		71.538,62 €	2.948,39 €	4,12%

As principais incidencias consistiron en:

1. Pagos en efectivo que superan o límite establecido nas bases reguladoras.
2. Pagos realizados fora do prazo estipulado nas bases reguladoras das subvencións.
3. Desviacións no investimento que supera o 20% do orzamento presentado.
4. Inclusión do ive deducible como maior custo do investimento realizado.

PROPOSTAS DE ACTUACIÓN E RECOMENDACIÓNS.

Basicamente reitéranse as de exercicios precedentes.

1. Excluír da mostra aqueles beneficiarios obxecto de control e que non tiveron incidencias no exercicio anterior.
2. Dada a experiencia dos Centros Xestores de subvencións polo trato mais directo cos beneficiarios das mesmas, propónse a inclusión directa no plan de traballo de aqueles expedientes que de forma motivada poidan ser propostos por eles, indicando aqueles incumprimentos que, ao seu criterio, se puidesen producir. Asemade, de aqueles expedientes respecto dos cales no proceso de fiscalización se detectasen aspectos que xustifiquen a inclusión no referido plan.
3. Dotar de mais persoal aos negociados de fiscalización, ou valorar a creación dun Negociado de Control Financeiro de Subvencións, que traballe permanentemente neste campo, e con vistas a súa inclusión nun Control Financeiro e Auditoría globais, acorde co novo enfoque de control financeiro que se deriva do Real Decreto 424/2017, de 28 de abril, polo que se regula o réxime xurídico de control interno nas entidades locais do Sector Público.



4. Revisión da normativa propia en materia de subvencións (Ordenanza Xeral, Bases de execución) co obxecto de resolver de xeito expreso, deficiencias ou problemas de interpretación detectados en fase de fiscalización ou control financeiro de subvencións. Deseño dos modelos de convenios reguladores das subvencións directas e nominativas.
5. Proposta de mellora das bases reguladoras, convenios e/ou resolucións de concesión de subvencións:
 - No que atinxe as actividades que non son realizadas con medios propios, e se subcontratan na súa totalidade, detectasen supostos de incumprimento do disposto no art. 29.2 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións, sobre o límite de subcontratación do 50% do importe da actividade subvencionada, polo que deberían ser obxecto de regulación expresa nas bases de concesión de subvencións e Convenios ou resolucións de subvencións directas e nominativas.
 - Incluír referencia á prohibición legal de contratar a realización de prestacións con persoas o entidades vinculadas ca entidade beneficiaria da subvención, ou con calquera outra na que conorra algunha das circunstancias as que se refire o art. 29.7 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións.
 - Incluír a obriga, por parte da entidade beneficiaria, de dispoñer dalgún sistema de rexistro ou contabilización dos gastos e ingresos, nos que se poda identificar claramente aqueles gastos que son cofinanciados pola Deputación, e que son obxecto de control.
 - Incluír nos textos dos convenios os custos dos mesmos, sobre todo cando se utilice persoal propio, no que se deberá especificar as horas a imputar e custo das mesmas.
 - Fixar claramente nos convenios os criterios de imputación e xustificación dos gastos ou custos indirectos.
6. Incorporar aos expedientes a acreditación documental do cumprimento da obriga de estar ao corrente coa Seguridade Social e Facenda, cando dito comprobación é realizada pola Deputación.
7. Acreditar a situación económica dos beneficiarios cos que se propón a formalización de convenios de cara a asegurar a posibilidade financeira de afrontar os compromisos adquiridos.

ACCESO A OS INFORMES DEFINITIVOS.

O acceso a os informes definitivos de Control Financeiro se pode facer nos expedientes de Cividas creados no seu día para a tramitación das subvenciones concedidas. Os número de expedientes se relacionan no anexo I a este informe.

ANEXO I. DETALLE DE BENEFICIARIOS E NÚMERO DE EXPEDIENTE.

Control Financeiro Pleno:



EXP. CIVIDAS	BENEFICIARIO	OBXECTO	IMPORTE
2018051864	CONSEJO REGULADOR MEJILLON DE GALICIA	AMPLIACIÓN DA CAPACIDADE DAS INSTALACIÓNS DE CONTROL DE CALIDADE NO PEIRAO DO XUFRE DA ILL	35.000,00 €
2018025563	HORSAL S. COOP GALEGA	CALIBRADORA DE PRODUCTOS DE LA HUERTA	31.795,31 €
2018025467	COOP DEL CAMPO O RODO, S.C.L.	OBRAS DE MEJORA EN LA INSTALACIÓN DE LA COOPERATIVA	24.165,46 €
2018026049	COFRADIA DE PESCADORES SAN MARTIN DE ELGROVE	ADQUISICIÓN DE TRACTOR PARA MARISQUEO A PE	20.000,00 €
2018025975	COFRADIA DE PESCADORES SAN MARTIN DE MOAÑA	ADQUISICIÓN DE VEHICULO, SACOS E MATERIAL DE VIXILANCIA E INFORMÁTICO	20.000,00 €
2018025584	COFRADIA DE PESCADORES SAN TELMO DE PONTEVEDRA	DINAMIZACIÓN DA PROTECCION DOS RECURSOS MARIÑOS	20.000,00 €

Control Financeiro Limitado:

EXP. CIVIDAS	TERCEIRO	OBXECTO	IMPORTE
2018040050	FUNDACION RENAL IÑIGO ALVAREZ DE TOLEDO	PRESTACIÓN SERVICIOS DE APOIO PSICOLÓXICO E SOCIAL PACIENTE RENAL EN TRATAMIENTO HEMODIÁLISE	5.570,87 €
2018026452	ASOCIACION VIGUESA DE ALCOHOLOGIA ASVIDAL	PREVENCIÓN DA EXCLUSIÓN SOCIAL NO ALCOHOLISMO	5.570,87 €
2018035479	ASOC. COMARCAL EDUC.ESPECIAL S.CRISTO AMOR-ACEESCA	OCIO CENTRADO NA PERSOA	4.765,45 €
2018038421	CASA SANTA MARIA DE LA ESPERANZA ESCLAVAS VIRGEN DOLOROSA	DE VOLTA A VIVEIRO	4.765,45 €
2018038439	ASOCIACION DE FAMILIARES Y ENFERMOS MENTALES MOREA	ATENCIÓN E INTERVENCIÓN EN FAMILIAS DE PERSOAS CON ENFERMIDADE MENTAL CRÓNICA	4.000,00 €
2018020990	CLUB BALONCESTO PEIXE FRESCO MARIN	COMPETICIÓN FEDERADA DE ÁMBITO NACIONAL (BALONCESTO)	17.579,25 €
2018023031	CLUB AROSA, S.C. -VILAGARCIA DE AROUSA-	COMPETICIÓN FEDERADA DE ÁMBITO NACIONAL (FÚTBOL)	15.380,00 €
2018031174	ESCUELA PIRAGUISMO CIUDAD DE PONTEVEDRA	COMPETICIÓN FEDERADA DE ÁMBITO NÁUTICO (PIRAGÜISMO)	15.152,00 €
2018023180	CLUB CICLISTA VIGUES	COMPETICIÓN FEDERADA DE ÁMBITO NACIONAL (CICLISMO)	11.704,00 €



2018028831	CLUB DE REMO VIRGEN DE GUIA	COMPETICIÓN FEDERADA DE ÁMBITO NÁUTICO (REMO)	7.914,57 €
2018023169	CLUB CICLISTA CORUXO	COMPETICIÓN FEDERADA DE ÁMBITO NACIONAL (CICLISMO)	6.459,00 €
2018041101	PIRAGUISMO PORTONOVO	XLI TROFEO PRINCESA DE ASTURIAS	5.526,87 €
2018008790	CLUB CASELAS F.C.	COMPETICIÓN FEDERADA DE ÁMBITO INFERIOR A NACIONAL (FÚTBOL)	4.995,62 €
2018026027	COFRADIA DE PESCADORES SANTIAGO APOSTOL	ADQUISICION DE CAMARA FOTOGRAFICA, BALANZA ELECTRONICA E OUTROS	5.902,88 €
2018026117	ULLAMA S.C.G.	ADQUISICIÓN EQUIPO MONITORIZACIÓN CULTIVO E ADQUISICIÓN DUNHA DESBROZADORA	4.000,38 €
2018032100	ASOCIACION SINDROME DE DOWN DE PONTEVEDRA -VIGO-	MULLER: EDUCACIÓN PARA A SAÚDE	4.951,39 €
2018043748	ASOCIACION RUTA DO VIÑO RIAS BAIXAS	PROMOCIÓN DE LA ENOGASTRONOMÍA 2018	5.229,15 €
2018042135	ASOC. AMIGOS DO MUSEO CASA DO PATRON	XIX MALLA TRADICIONAL	4.189,50 €

Control financeiro de Inversións:

EXP. CIVIDAS	BENEFICIARIO	OBXECTO	IMPORTE
2018025991	COFRADIA DE PESCADORES SAN JUAN	INVESTIMENTOS VARIOS	10.680,02 €
2018026048	APRODEZA SOCIEDAD COOPERATIVA GALEGA	ADQUISICIÓN DE EQUIPAMENTOS PARA A MELLORAS DAS INSTALACIÓNS DA COOPERATIVA	10.993,88 €
2018025954	COFRADIA DE PESCADORES SAN XULIAN ILLA DE AROUSA	AMPLIACIÓN E MODERNIZACIÓN DO SISTEMA DE POXA	11.868,00 €
2018026077	SCDAD COOPERATIVA GANDEIROS DO DEZA	ADQUISICIÓN DE DIVERSA MAQUINARIA AGROFORESTAL PARA PRESTAR SERVICIOS OS SEUS SOCIOS	12.805,00 €
2018026225	COFRADIA DE PESCADORES VIRGEN DEL CARMEN	ACTIVIDADES E INVESTIMENTOS VARIOS	14.535,66 €
2018026079	COFRADIA DE PESCADORES SANTA TECLA	ADQUISICIÓN DE VEHÍCULO E VARIAS MELLORAS NA WEB E LONXA DA CONFRARÍA	16.500,68 €
2018025573	VIÑA ALMIRANTE SDAD COOP GALEGA	COMPRA DE PARCELA AMPLIACIÓN INSTALACIÓNS, ADQUISICIÓN EQUIPAMIENTO Y EQUIPO INFORMÁTICO	16.986,54 €
2018026023	COFRADIA DE PESCADORES SAN JOSE	ADQUISICION DE MOTOR DE EMBARCACIÓN E OUTROS	18.828,38 €



A Comisión informativa de Réxime Interior, Economía, Facenda e Axenda Dixital queda enterada do contido do **informe de Intervención resumo do control financeiro de subvencións executado no ano 2020 sobre subvencións concedidas no exercicio de 2018**, en relación ó disposto no Real decreto 424/2017, de 28 de abril, polo que se regula o réxime xurídico de control interno nas entidades locais, así como no artigo 44 e na disposición adicional 14ª da Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións, e nos artigos 2013 e seguintes do Real decreto legislativo 2/2004, de 5 marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei reguladora das facendas locais

10. DAR CONTA DO INFORME DE INTERVENCIÓN RESUMO DO CONTROL INTERNO CORRESPONDENTE AO EXERCICIO 2020.

O Servizo de Intervención con data 19 de abril de 2021, elaborou un informe resumo do control interno correspondente o exercicio 2020, onde se deixa constancia do seguinte:

I. INTRODUCCIÓN

I.1. Normativa aplicable

- Real Decreto Legislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais.
- Real Decreto 424/2017, de 28 de abril, por el que se regula o réxime xurídico do control interno nas entidades do Sector Público Local.
- Real Decreto 500/1990, de 20 de abril, desenvolve o Capítulo primeiro do Título sexto da Lei 39/1988, de 28 de decembro, reguladora das Facendas Locais, en materia de Orzamentos.
- Orde EHA/3565/2008, de 3 de decembro, pola que se aproba a estrutura de orzamentos das entidades locais.
- Lei Orgánica 2/2012, de 27 de abril, de Estabilidade Orzamentaria e Sustentabilidade Financeira.
- Lei 39/2015, de 1 de outubro, de Procedemento Administrativo Común.
- Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico das Administracións Públicas.
- Lei 25/2013, de 27 de decembro, de impulso da factura electrónica e creación do rexistro contable de facturas no Sector Público.
- Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións.
- Lei 9/2007, de 13 de xuño, de Subvencións de Galicia.
- Real Decreto 887/2006, de 21 de xullo, polo que se aproba o Regulamento da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións.
- Normas de Auditoría do Sector Público aprobadas por Resolución da Intervención Xeral da Administración do Estado de 25/10/2019
- Real Decreto 128/2018, de 16 de marzo, polo que se regula o réxime xurídico dos funcionarios de Administración Local con habilitación de carácter nacional.
- Bases de Execución do Orzamento Provincial – exercicio 2020



I.2. Consideracións xerais.

Segundo o disposto no artigo 213 parágrafo terceiro do Real Decreto Legislativo 2/2004 os órganos interventores das Entidades Locais remitirán con carácter anual á Intervención Xeral do Estado un informe resumo dos resultados do exercizo da función de control interno, nas modalidades de función interventora, función de control financeiro, incluída a auditoría de contas das entidades que se determinen regulamentariamente, e función de control de eficacia. Dita remisión efectuarase no prazo e co contido que se regule nas normas aprobadas polo goberno estatal.

De conformidade co disposto no artigo 37 do RD 424/2017, o informe resumo dos resultados de control interno elaborárase con carácter anual e con ocasión da aprobación da conta xeral, con dación de conta ao Pleno e remisión á IGAE no primeiro cuadrimestre de ano.

No apartado terceiro, o precepto referido, sinala que a Intervención Xeral da Administración do Estado ditará as instrucións ás que haberán de axustarse o contido, estrutura e formato do informe resumo e deberá crear un inventario público que recolla os informes recibidos das entidades locais.

No BOE nº 96, de data 6/04/2020, publícase a Resolución de 2 de abril de 2020 da Intervención Xeral da Administración do Estado, pola que se establecen as instrucións ás que haberán de axustarse o contido, estrutura, e formato do informe resumo, así como a solicitude de informe previo á resolución de discrepancias e a remisión de informes contable e informes de auditoría de contas anuais das entidades do sector público local.

No exercicio 2020 exercese o control interno nas modalidades de función interventora e control financeiro.

No que respecta ao exercicio da función interventora, segundo recollen as Bases de Execución do Orzamento Provincial, exercese na modalidade de fiscalización e intervención previa plena coa única excepción dos supostos legalmente excluídos¹.

A mediados do exercicio 2018 tramitáronse os primeiros expedientes de intervención da comprobación material do investimento con asistencia dun representante da Intervención e, no seu caso, asesor, ao acto de recepción. Durante o ano 2019 incrementáronse notablemente ás comprobacións material do investimento con asistencia do representante da Intervención, que mantiveron a liña ascendente no 2020.

No que respecta ao Control financeiro e Auditoría, no ano 2020 executouse o Control financeiro en materia de subvencións de conformidade co Plan Anual de data 19/06/2020 (modificación 6/10/2020). Neste exercicio ampliouse o ámbito obxectivo do control con inclusión das auditorías dos consorcios e da Escola de enfermería, así como a auditoría do rexistro de facturas.

II. ALCANCE DO INFORME RESUMO

¹ Artigo 219.1 TRLRFL. No estarán sometidos a intervención previa los gastos de material no inventariable, contratos menores, así como los de carácter periódico y demás de tracto sucesivo, una vez intervenido el gasto correspondiente al período inicial del acto o contrato del que deriven o sus modificaciones, así como otros gastos menores de 3.005,06 euros que, de acuerdo con la normativa vigente, se hagan efectivos a través del sistema de anticipos de caja fija.



II.1. Función interventora.

II.1.1. Función interventora na modalidade de fiscalización e intervención previa.

No que atinxe á función interventora, o Informe da Intervención esixido polo artigo 210.3 do TRLRFL sinala que durante o exercizo 2020 non se adoptaron resolucións ou acordos contrarios aos reparos da Intervención.

No ano 2020 aprobáronse expediente de gasto con deficiencias procedimentais que, segundo sinala o Informe da Intervención de data 15/02/2021, de dación de conta de resolucións e acordos contrarios a reparos, omisión de fiscalización e principais anomalías en materia de ingresos, non atopan encaixe nos tipos definidos no Real Decreto 424/2017 de "acordos contrarios a reparos" ou "supostos de omisión da función interventora". Non en tanto, a efectos de dar cumprimento ás obrigas de remisión ao Tribunal de Contas coa maior transparencia e amplitude, ao non existir máis opción de remisión que nun dos dous apartados referidos, óptase pola súa inclusión no apartado de "omisión de función interventora".

Neste supostos de expedientes con vicios ou defectos procedimentais, os recoñecementos das obrigas correspondentes, foron aprobados logo da tramitación do procedemento de recoñecemento ou validación, segundo o caso, conforme o previsto nas bases de execución do orzamento (base 17ª), de conformidade co seguinte:

- Se os requisitos incumpridos implican nulidade radical da obriga, procede a aprobación polo sistema de recoñecemento extraxudicial de crédito. Neste caso, a competencia será:
 - o Da Xunta de Goberno: Cando exista crédito.
 - o Do Pleno: cando non exista crédito.
- Para contratos menores nos que non seguiuise o procedemento, procederase, no seu caso, a aprobación da obriga polos seguintes procedementos:
 - o Máis de 6.000 euros: Recoñecemento extraxudicial.
 - o Entre 3.000 e 6.000 euros: Validación.

Recoñecemento extraxudicial:

- Obrigas de gasto respecto das cales os requisitos incumpridos impliquen a nulidade radical da obriga.
- Obrigas de gasto correspondentes con contratos menores de contía superior a 6.000 euros, realizados sen seguir o procedemento propio deste tipo de contratos.
- Obrigas de gasto correspondentes con subvencións en especie que superen os 500 euros, sen resolución previa de concesión.

A competencia corresponderá:

- A Xunta de Goberno, cando exista crédito.
- Ao Pleno: cando non exista crédito.

Validación:

- Obrigas de gasto respecto das cales os requisitos incumpridos non impliquen a nulidade radical da obriga.
- Obrigas de gasto correspondentes con contratos menores de contía entre 3.000 a 6.000 euros, realizados sen seguir o procedemento propio deste tipo de contratos.



- Obrigas de gasto correspondentes con subvencións en especie que superen os 500 euros, sen resolución previa de concesión.

A competencia para validación corresponde á Xunta de Goberno, agás a validación de gastos de persoal, empregados públicos e corporativos, nos que realizárase polo mesmo órgano ao que lle corresponda ditar o acto de autorización e compromiso do gasto.

No exercizo 2020 tramitáronse expedientes de **recoñecemento extraxudicial e validación** para **recoñecemento de obrigas de gasto** correspondentes con facturas e certificacións, de conformidade co seguinte:

1. Recoñecemento extraxudicial:

1.1. Facturas de aplicación orzamentaria:

Tramitación	Nº facturas	%	Importe	%
normal	9.640	94,39%	21.055.227,38	95,73%
recoñecemento - vicios	187	1,83%	625.837,94	2,85%
recoñecemento pechados	309	3,03%	164.447,45	0,75%
validacións	77	0,75%	148.999,07	0,68%
TOTAL	10.213,00		21.994.511,84	

O detalle por servizos foi incluído no Informe da Intervención de dación de conta de resolucións e acordos contrarios aos reparos formulados, supostos de omisión da función interventora e resumo das principais anomalías en materia de ingresos, de data 15/02/2021 (dación de conta ao Pleno na sesión ordinaria de data 26/02/2021).

1.1. Facturas de aplicación extraorzamentaria.

Tramitáronse 3 facturas de aplicación extraorzamentaria polo importe de 3.457,00 €. Ningunha destas facturas foi aprobada por validación ou recoñecemento extraxudicial.

1.2. Certificacións.

Procedemento	Nº certificacións	%	Importe	%
Normal	265	97,07%	16.633.346,68	99,01%
Recoñecemento extraxudicial	8	2,93%	166.154,54	0,99%
Total	273		16.799.501,22	

2. Validacións en materia de desprazamentos e horas extraordinarias.

En materia de persoal tramitáronse 65 expedientes de validación correspondentes con gastos de desprazamentos, dietas ou inscricións, por falta de tramitación da autorización previa ao desprazamento ou tramitación sen a suficiente antelación, e 23 expedientes de validación correspondentes coa realización de horas extraordinarias non autorizadas con carácter previo á súa realización.

O detalle dos expedientes foi incluído no Informe da Intervención de dación de conta de resolucións e acordos contrarios aos reparos formulados, supostos de omisión da función



interventora e resumo das principais anomalías en materia de ingresos, de data 15/02/2021 (dación de conta ao Pleno na sesión ordinaria de data 26/02/2021)

II.1.2. Intervención da comprobación material do investimento.

Coa aprobación da Lei 9/2017², de 8 de novembro e RD 424/2017³, regúlase de xeito expreso a necesidade de que a intervención da comprobación material do investimento se realice con asistencia do representante da intervención ao acto de recepción, nos supostos de investimentos cuxa contía excede do contrato menor.

No exercicio 2018 aprobáronse unha serie de instrucións para realización da intervención da comprobación material do investimento con asistencia de representante designado pola Intervención:

- RP 2018013558, de data 9/07/2018, pola que se aproban as normas que regulan a comunicación a Intervención do acto de recepción para designación de representante e, no seu caso, asesor, para realización da intervención da comprobación material do investimento.
- RP 2018015643, de data 8/08/2018, pola que se aproba a relación de persoas empregadas da Deputación Provincial de Pontevedra que poden ser nomeadas asesoras ou asesores polo Interventor.
- RP 2018020388, de data 19/10/2018, pola que se aproban as normas reguladoras do acto de recepción e da intervención da comprobación material do investimento.

Durante o exercicio 2020 se tramitaron un total de 44 expedientes (37 no exercicio anterior) de intervención da comprobación material do investimento con asistencia dun representante da Intervención Provincial ao acto da recepción.

A totalidade de actas asináronse con resultado favorable ou favorable con observacións⁴, de acordo co seguinte:

² DA 3ª LCSP 3. (...) El órgano interventor asistirá a la recepción material de todos los contratos, excepto los contratos menores, en el ejercicio de la función de fiscalización material de las inversiones que exige el artículo 214.2.d) del Real Decreto Legislativo 2/2004, de 5 de marzo, por el que se aprueba el texto refundido de la Ley Reguladora de las Haciendas Locales.

³Artículo 32 RD 424/2017: (...) 2. La intervención de la comprobación material se realizará por el órgano interventor. El órgano interventor podrá estar asesorado cuando sea necesaria la posesión de conocimientos técnicos para realizar la comprobación material.

3. Los órganos gestores deberán solicitar al órgano interventor, o en quien delegue, su asistencia a la comprobación material de la inversión cuando el importe de ésta sea igual o superior a 50.000,00 euros, con exclusión del Impuesto sobre el Valor Añadido, y sin perjuicio de que las bases de ejecución del presupuesto fijen un importe inferior, con una antelación de veinte días a la fecha prevista para la recepción de la inversión de que se trate.

4. La intervención de la comprobación material de la inversión se realizará, en todo caso, concurriendo el órgano interventor, o en quien delegue, al acto de recepción de la obra, servicio o adquisición de que se trate.

Cuando se aprecien circunstancias que lo aconsejen, el órgano interventor podrá acordar la realización de comprobaciones materiales de la inversión durante la ejecución de las obras, la prestación de servicios y fabricación de bienes adquiridos mediante contratos de suministros.

5. El resultado de la comprobación material de la inversión se reflejará en acta que será suscrita por todos los que concurran al acto de recepción de la obra, servicio, o adquisición y en la que se harán constar, en su caso, las deficiencias apreciadas, las medidas a adoptar para subsanarlas y los hechos y circunstancias relevantes del acto de recepción.

En dicha acta o en informe ampliatorio podrán los concurrentes, de forma individual o colectiva, expresar las opiniones que estimen pertinentes.

6. En los casos en que la intervención de la comprobación material de la inversión no sea preceptiva, la comprobación de la inversión se justificará con el acta de conformidad firmada por quienes participaron en la misma o con una certificación expedida por el Jefe del centro, dependencia u organismo a quien corresponda recibir o aceptar las obras, servicios o adquisiciones, en la que se expresará haberse hecho cargo del material adquirido, especificándolo con el detalle necesario para su identificación, o haberse ejecutado la obra o servicio con arreglo a las condiciones generales y particulares que, en relación con ellos, hubieran sido previamente establecidas.

⁴ Os informes favorables con observacións, recollen limitacións ao alcance da intervención da comprobación material do investimento por concorrencia dalgunha das seguintes circunstancias:



Nº expediente	Tipo contrato	Descrición	Centro xestor	Importe	Data acta	Observacións
2018057137	Obras	Mellora seguridade viaria na E.P. 5105 (Covelo)	Infraestruturas	226.240,11 €	22/09/2020	
2019008173	Obras	Reparación fachadas do CEE e CIX do Centro Príncipe Felipe	Príncipe Felipe	821.917,91 €	17/12/2020	Importe modificación: 936.233,20
2019019266	Obras	Acondicionamento aparcadoiro polígono de Curro (Barro)	Infraestruturas	103.208,80 €	03/12/2020	
2018051681	Obras	Alarma de incendios en Príncipe Felipe	Príncipe Felipe	116.441,93 €	17/01/2020	
2018039841	Obras	Mellora peonil e reforzo de firme na E.P. 2703 (Pontearreas)	Infraestruturas	580.169,40 €	02/07/2020	
2019013676	Obras	Acondicionamento, mellora e accesibilidade da fortaleza de Goján (Tomíño)	Cooperación	169.908,94 €	26/10/2020	
2019062169	Obras	Conservación e mantemento da pousada (Ribadumia)	Arquitectura	124.406,75 €	15/09/2020	
2019047788	Obras	Reposición de firme na E.P. 6204 (Rodeiro)	Infraestruturas	182.139,99 €	30/07/2020	
2019059249	Obras	Acondicionamento do trazado do ferrocarril en desuso Pontevedra - Carril - Santiago	Cooperación	349.034,43 €	24/08/2020	Importe modificación: 46.224
2019033642	Obras	Reposición de firme na E.P. 5003 (A Cañiza)	Infraestruturas	681.173,43 €	29/09/2020	Importe modificación: 95.622,90
2019039839	Obras	Reparación cuberta e fachada auditorio do Centro Príncipe Felipe	Arquitectura	229.754,80 €	15/09/2020	
2019014695	Obras	Conexión dos sendeiros peonil litoral e fluvial (A Guarda)	Infraestruturas	168.287,34 €	04/08/2020	
2018052874	Obras	Actuacións no centro de acollida de animais (Meis)	Asistencia intermunicipal	293.627,90 €	29/07/2020	Importe modificación: 337.613,71
2018057915	Obras	Mellora intersección na E.P. 9101 (O Grove)	Infraestruturas	210.586,88 €	09/07/2020	
2019047791	Obras	Reposición de firme na E.P. 6302 (Agolada)	Infraestruturas	345.153,46 €	30/07/2020	
2019027677	Obras	Mellora peonil na E.P. 3302 (O Rosal)	Infraestruturas	142.655,10 €	02/07/2020	
2019023437	Obras	Mellora peonil na E.P. 4004 (Pontearreas)	Infraestruturas	305.023,73 €	02/07/2020	
2018026286	Obras	Plan move. Mobilidade e velocidade segura. Fase II. Zona Sur	Infraestruturas	599.516,43 €	25/02/2020	
2018018493	Obras	Adaptación da normativa á Escola de Canteiros	Canteiros	440.000,00 €	17/04/2020	
2018057763	Obras	Mellora seguridade viaria na E.P. 3101 (Tomíño)	Infraestruturas	108.964,86 €	15/01/2020	
2018055385	Obras	Acondicionamento da rúa Silleda (A Cañiza)	Infraestruturas	136.080,87 €	15/01/2020	
2019027674	Obras	Mellora da seguridade viaria na E.P. 2204 (Baiona)	Infraestruturas	80.828,00 €	25/02/2020	
2018026286	Obras	Plan move. Mobilidade e velocidade segura. Fase II. Zona Norte	Infraestruturas	587.196,06 €	16/03/2020	
2018031951	Obras	Mellora de mobilidade peonil na E.P. 6518 (Silleda)	Infraestruturas	448.077,47 €	17/01/2020	
2018039774	Obras	Reestruturación espazo público e mellora da mobilidade Núcleo de Chan (Cerdezo-Cotobade)	Infraestruturas	383.262,68 €	23/01/2020	
2018058405	Obras	Urbanización Santa Eulalia (Ribadumia)	Infraestruturas	211.161,95 €	23/01/2020	
2019034306	Obras	Adecuación 9 puntos limpios na provincia de Pontevedra (Pontearreas)	Cooperación	49.499,03 €	10/09/2020	
2019034306	Obras	Adecuación 9 puntos limpios na provincia de Pontevedra (Mancomunidade do Morrazo)	Cooperación	38.415,19 €	03/09/2020	
2019034306	Obras	Adecuación 9 puntos limpios na provincia de Pontevedra (A Guarda)	Cooperación	28.422,90 €	10/09/2020	
2019034306	Obras	Adecuación 9 puntos limpios na provincia de Pontevedra (Vilagarcía de Arousa)	Cooperación	72.358,00 €	03/09/2020	
2019034306	Obras	Adecuación 9 puntos limpios na provincia de Pontevedra (Silleda)	Cooperación	26.353,80 €	27/08/2020	
2019034306	Obras	Adecuación 9 puntos limpios na provincia de Pontevedra (Meaño)	Cooperación	14.271,95 €	03/09/2020	
2019034690	Subministración	Subministración de equipamentos para os 9 puntos limpos - Lote 5	Cooperación	80.912,70 €	14/08/2020	
2019052769	Subministración	Subministración de equipamentos para os 9 puntos limpos - Lote 2	Cooperación	24.720,30 €	16/10/2020	
2020028457	Subministración	Ampliación capacidade de almacenamento de cabinas de discos	Novas Tecnoloxías	83.505,92 €	17/11/2020	
2018058444	Subministración	Subministro, soporte e mantemento dun sistema de vídeo vixilancia - Lote 1	Novas Tecnoloxías	71.548,75 €	18/02/2020	

- falta de información respecto das unidades de obra e medicións afectadas polas variacións, así como dos excesos de medición.
- falta de disposición da totalidade ou partes resultados de control de calidade.



2019033240	Subministración	Subministro e mantemento de 120 terminais lixeiros con Citrix	Novas Tecnoloxías	51.956,70 €	07/01/2020	
2019045111	Subministración	Adquisición de 4 nodos hiperconverxentes	Novas Tecnoloxías	126.980,23 €	07/01/2020	
2019044997	Subministración	Subministración dun biorreactor para o laboratorio da Estación Fitopatolóxica Areeiro	Areeiro	30.129,00 €	17/01/2020	
2020010594	Subministración	Subministración dun tractor para a finca do Castelo de Soutomaio	Medio Ambiente	40.958,31 €	04/08/2020	
2018058444	Subministración	Subministro, soporte e mantemento dun sistema de vídeo vixilancia - lote 2	Novas Tecnoloxías	45.049,99 €	11/06/2020	
2018058444	Subministración	Subministro, soporte e mantemento dun sistema de vídeo vixilancia - lote 3	Novas Tecnoloxías	11.752,28 €	23/06/2020	
2019045862	Subministración	Subministro de equipos informáticos para a Deputación - lote 1 (ordenadores)	Novas Tecnoloxías	63.653,26 €	03/04/2020	
2019045862	Subministración	Subministro de equipos informáticos para a Deputación - lote 1 (monitores e barras de son)	Novas Tecnoloxías	26.275,39 €	12/05/2020	

II.2. Control financeiro e auditoría.

O TRLRFL recolle como unha das modalidades do control interno a desenvolver pola Intervención o control financeiro.

Artigo 213.1 TRLRFL:

1. Se exercerán en las Entidades Locales con la extensión y efectos que se determina en los artículos siguientes las funciones de control interno respecto de su gestión económica, de los organismos autónomos y de las sociedades mercantiles de ellas dependientes, en sus modalidades de función interventora, función de control financiero, incluida la auditoría de cuentas de las entidades que se determinen reglamentariamente, y función de control de la eficacia.(...)

O artigo 220 do TRLRFL define o control financeiro, como aquel que ten por obxecto:

(..) comprobar el funcionamiento en el aspecto económico-financiero de los servicios de las entidades locales, de sus organismos autónomos y de las sociedades mercantiles de ellas dependientes.

2. Dicho control tendrá por objeto informar acerca de la adecuada presentación de la información financiera, del cumplimiento de las normas y directrices que sean de aplicación y del grado de eficacia y eficiencia en la consecución de los objetivos previstos.

3. El control financiero se realizará por procedimientos de auditoría de acuerdo con las normas de auditoría del sector público.

4. Como resultado del control efectuado habrá de emitirse informe escrito en el que se haga constar cuantas observaciones y conclusiones se deduzcan del examen practicado. Los informes, conjuntamente con las alegaciones efectuadas por el órgano auditado, serán enviados al Pleno para su examen."

O RD 424/2017 regula con maior grao de detalle o exercicio deste control financeiro, nas súas modalidades de control financeiro permanente e auditoría, con esixencia de aprobación dun plan anual de control financeiro, actuacións de seguimento e corrección (plan de acción).

O Plan Anual de Control financeiro e Auditoría 2020, de data 19/06/2020 (modificación 6/10/2020) incluíu actuacións de Control financeiro en materia de subvencións, auditoría das contas dos consorcios e da Escola de enfermería, así como a auditoría do rexistro de facturas.

II.2.1. Control financeiro en materia de subvencións.



No que respecta a este control, no ano 2020 limitouse ao Control financeiro en materia de subvencións segundo se recolle no Plan Anual de data 19/06/2020 (modificación 6/10/2020).

Neste exercicio contouse coa colaboración dunha firma auditora (E&Y) para realización destes traballos. Non en tanto, a baixa temporal dunha funcionaria e restricións e necesidade de adaptación dos procedementos como consecuencia da crise do COVID impediron a ampliación do ámbito e número de expedientes obxecto do control.

Como sinala o Informe resumo do control financeiro de subvencións que se achega para dación de conta ao Pleno (artigo 36 RD 424/2017), o control financeiro de subvencións abrangueu un total de 33 expedientes na modalidade de control financeiro pleno, 20 expedientes na modalidade de control financeiro limitado e 8 de comprobación de investimentos subvencionados pola Deputación, durante o período de adscrición.

Dos 33 expedientes obxecto de Control Financeiro Pleno rematáronse á data de emisión deste informe 6 correspondentes cos realizados con medios propios:

BENEFICIARIO	OBXECTO	IMPORTE
CONSELLO REGULADOR MEXILLON DE GALICIA	AMPLIACIÓN DA CAPACIDADE DAS INSTALACIÓNS DE CONTROL DE CALIDADE NO PEIRAO DO XUFRE DA ILLA	35.000,00 €
HORSAL S. COOP GALEGA	CALIBRADORA DE PRODUCTOS DE LA HUERTA	31.795,31 €
COOP DEL CAMPO O RODO, S.C.L.	OBRAS DE MELLORA ENA INSTALACIÓN DA COOP.	24.165,46 €
CONF. PESC. SAN MARTIN DE O GROVE	ADQUISICIÓN DE TRACTOR PARA MARISQUEO A PE	20.000,00 €
CONF. PESC. SAN MARTIN DE MOAÑA	ADQU. DE VEHICULO, SACOS E MAT. DE VIXIANCIA E INFOR.	20.000,00 €
CONF. PESC. SAN TELMO DE PONTEVEDRA	DINAMIZACIÓN DA PROTECCION DOS RECURSOS MARIÑOS	20.000,00 €
		150.960,77 €

Os traballos realizados non deron lugar a ningunha incidencia, excepto no expediente da Confraría de Pescadores San Martín de Moaña, que como consecuencia da inclusión do IVE deducible como gasto do investimento realizado cando, precisamente pola súa deducibilidade, non ten consideración de custo subvencionable, deu lugar a un reintegro por importe de 592,31 €.

Respecto dos controis a realizar coa colaboración da entidade E&Y, está en fase de revisión 20 dos informes provisionais elaborados pola firma auditora, e outros 7 pendentes de remisión.

Dos 20 expedientes obxecto de Control Financeiro Limitado, se atopan en trámite de resolución dous. Atopáronse incidencias en 6, que deron lugar a incoación de expedientes de reintegro por importe de 11.730,32 €, segundo o seguinte detalle:

BENEFICIARIO	DETALLE	IMPORTE	REINTEGRO	%
CASA SANTA MARIA DE LA ESPERANZA ESCLAVAS VIRGEN DOLOROSA	DE VOLTA A VIVEIRO	4.765,45 €	222,59 €	4,67%
CLUB AROSA, S.C. -VILAGARCIA DE AROUSA-	COMPETICIÓN FEDERADA DE ÁMBITO NACIONAL	15.380,00 €	653,78 €	4,25%
CLUB CICLISTA VIGUES	COMPETICIÓN FEDERADA DE ÁMBITO NACIONAL	11.704,00 €	5.231,96 €	44,70%



CLUB CICLISTA CORUXO	COMPETICIÓN FEDERADA DE ÁMBITO NACIONAL	6.459,00 €	4.536,67 €	70,24%
CLUB CASELAS F.C.	COMP. FED. DE ÁMBITO INFERIOR A NACIONAL	4.995,62 €	56,32 €	1,13%
ASOC. AMIGOS DO MUSEO CASA DO PATRON	XIX MALLA TRADICIONAL	4.189,50 €	1.029,00 €	24,56%
		47.493,57 €	11.730,32 €	24,70%

Asemade se está a tramitar un expediente sancionador a o C.C. Vigués por conta xustificativa inexacta por importe de 75,00 €.

As incidencias fundamentais detectadas, e que se reiteran como en exercicios anteriores, son:

1. Pagos en efectivo que superan o límite establecido nas bases reguladoras.
2. Pagos realizados fora do prazo estipulado nas bases reguladoras das subvencións.
3. Concorrenza de ingresos que superan o custo da actividade subvencionada.
4. Erros na conta xustificativa, que inclúen gastos non subvencionables.
5. Inclusión de facturas empregadas para xustificar outras subvencións.

Os expedientes analizados foron 8, atopándose incidencias en 5 que deron lugar a incoación de expedientes de reintegro por 2.948,39 €, o detalle é:

BENEFICIARIO	OBXECTO	IMPORTE	IMPORTE	%
CONF. DE PESC. SAN JUAN	INVESTIMENTOS VARIOS	10.680,02 €	34,54 €	0,32%
APRODEZA SOCIEDAD COOPERATIVA GALEGA	ADQUISICIÓN DE EQUIPAMENTOS PARA A MELLORA DAS INSTALACIÓNS DA COOPERATIVA	10.993,88 €	1.122,95 €	10,21%
CONF. DE PESC. VIRGEN DEL CARMEN	ACTIVIDADES E INVESTIMENTOS VARIOS	14.535,66 €	55,70 €	0,38%
CONF. DE PESC. SANTA TECLA	ADQ. DE VEHÍCULO E VARIAS MELLORAS NA WEB E LONXA DA CONFRARÍA	16.500,68 €	1.720,00 €	10,42%
CONF. DE PESC. SAN JOSE	ADQ. DE MOTOR DE EMBARCACIÓN E OUTROS	18.828,38 €	15,20 €	0,08%
		71.538,62 €	2.948,39 €	4,12%

As principais incidencias consistiron en:

1. Pagos en efectivo que superan o límite establecido nas bases reguladoras.
2. Pagos realizados fora do prazo estipulado nas bases reguladoras das subvencións.
3. Desviacións no investimento que supera o 20% do orzamento presentado.
4. Inclusión do iva deducible como maior custo do investimento realizado.

II.2.2. Auditoría

O Plan Anual de Control Financeiro e Auditoría correspondente ao exercicio 2020 amplía o ámbito do control con inclusión da auditoría das contas 2019 das entidades dependentes (Consortio Provincial Contra Incendios, Consortio Contra Incendios Deza Tabeirós e Escola de Enfermería). Así mesmo inclúese a auditoría do rexistro de facturas.



Para a realización das auditorías de contas de entidades dependentes contouse coa colaboración dunha firma privada de auditoría (BM Auditores).

Os Informes e Memorandos definitivos das Contas Anuais dos Consorcios (expediente nº 2020056755) foron asinados en data 25/01/2021 e notificados ás respectivas entidades.

O Informe e o Memorando provisional das contas anuais 2019 da Escola de Enfermería (expediente nº 2021016163) foron asinados en data 6/04/2021 e notificados a dita entidade.

Nos tres supostos o Informe de auditoría contén unha opinión denegada. Esta opinión por limitacións ao alcance fundaméntase na falta de levanza dunha xestión patrimonial. Non consta, en moitos dos casos, a documentación correspondente á adquisición, cesión ou adscrición dos bens, sen que exista un inventario físico e contable, polo que non resulta posible a súa verificación.

Respecto da auditoría do rexistro de facturas conséntase a falta de implementación dun rexistro integrado ou interrelacionado coa contabilidade.

III. CONCLUSIÓNS E RECOMENDACIÓNS

- Contratación

Con carácter xeral os recoñecementos extraxudiciais se corresponden coa fase de recoñecemento das obrigas de gasto, pola existencia de defectos procedimentais e atrasos na execución (vicios) ou gastos de carácter menor cuxa factura se achega no exercicio seguinte (recoñecemento pechados).

A redución de reparos e/ou tramitación de expedientes de recoñecemento extraxudicial esixe un esforzo conxunto de toda a organización en materia de planificación e programación da contratación. Debe prestarse especial atención á redución da contratación menor, reservada legalmente para necesidades puntuais e, en ningún caso, para servizos que aínda que poidan ter unha contía reducida, teñen un carácter reiterado ou recorrente.

Así mesmo e tan pronto como a dispoñibilidade de medios e planificación do control financeiro o permitan recoméndase a inclusión da contratación no control financeiro en atención a súa consideración como área de risco.

- Subvencións

No ámbito das subvencións advírtese da necesidade dun esforzo conxunto para mellorar a tramitación, simplificar e homoxeneizar procedementos e completar o procedemento electrónico destes expedientes.

Advírtese da tramitación dun número moi importante de subvencións, con liñas con múltiples beneficiarios e contías moi reducidas, das que recoméndase valorar o mantemento en base a criterios de eficiencia (excesivo custe de tramitación).

Resulta conveniente unha revisión da Ordenanza, modelos de bases en réxime de concorrencia, así como o contido dos Convenios correspondentes a subvencións



nominativas e directas e incorporar unha regulación detallada de acordo coas recomendacións formuladas en materia de control financeiro de subvencións.

- **Administración electrónica e tramitación.**

A transformación dixital das Administracións Públicas esixe un traballo continuo que permita acadar os obxectivos de mellora da eficiencia administrativa, incremento da transparencia e participación, garantía de servizos dixitais facilmente utilizables e mellora da seguridade xurídica.

A consecución dunha Administración Pública totalmente electrónica e interconectada, esixe seguir avanzando a efectos de garantir que a totalidade dos procedementos administrativos se tramiten electronicamente por esta administración e que a cidadanía poida relacionarse por estes medios tanto nos supostos obrigados pola normativa, como naqueles nos que así o decida voluntariamente. O proceso de dixitalización debe tratar de acadar unha simplificación da tramitación administrativa, un mellor cumprimento das esixencias legais e mecanismos de control así como unha maior facilidade de uso e satisfacción por parte da cidadanía.

No que atinxe á tramitación procedimental, para acadar unha redución efectiva dos tempos de tramitación estímase necesaria a implantación global dunha tramitación integramente electrónica. A definición e categorización dos tipos de expedientes e subexpedientes, configuración e/ou revisión de circuitos de tramitación automatizados e sinatura electrónica en todos os trámites, permitirían reducir notablemente os tempo de tramitación favorecendo un maior grao de cumprimento.

Así mesmo recoméndase a implantación de módulos integrais de tramitación electrónica e interrelacionados cos programas contable e de xestión de expedientes en áreas de especial transcendencia, como recursos humanos ou patrimonio.

No ámbito patrimonial debe corrixirse a asincronía patrimonial e contable desta entidade. No ano 2019 contratouse a elaboración dos manuais procedimentais en materia de xestión patrimonial. A implantación do novo modelo esixe a disposición dun programa de xestión integral que asegure o enlace da contabilidade co xestor e permita garantir a alta no inventario dos novos investimentos, unha correcta amortización individualizada e o axeitado rexistro e seguimento da totalidade de actuacións de baixa ou modificación.

Todo isto sen prexuízo da revisión e impulso global de modernización e cumprimento das obrigas de actuación e funcionamento do sector público por medios electrónicos.

- **Contabilidade e rexistro de facturas**

En atención ao actual desenvolvemento do programa contable que non se estima suficiente nin adaptado as necesidades actuais, aconséllase o inicio das actuacións correspondentes para poder levar a cabo o cambio do programa.

Respecto ao rexistro de facturas debe procederse á revisión e mellora de configuración e funcionamento. A regulación legal esixe acadar unha integración ou interrelación do rexistro co programa contable. A consecución deste obxectivo esixe a disposición dun programa contable actualizado que permita integrar o rexistro na contabilidade así como a obtención dos datos referentes á morosidade, PMP e información económica - orzamentaria de remisión periódica directamente da contabilidade.



- **Fiscalización e control financeiro**

Recoméndase:

- Ampliar o ámbito material do control financeiro abarcando a totalidade de supostos de control financeiro posterior obrigatoria e inclusión de áreas de risco.
- Abordar o estudo e revisión do modelo de fiscalización con valoración da implantación dunha fiscalización previa limitada e control financeiro posterior en determinadas áreas.
- Redefinir os procedementos e modelos de tramitación dos expedientes con vicios ou defectos procedimentais.

O cambio esixe unha maior dotación de medios, estudo e revisión do modelo de control, e un adecuado deseño e integración na tramitación electrónica. Na implantación deberase reforzar especialmente (frecuencia temporal e número de expedientes) o control financeiro posterior das áreas de maior risco ou complexidade.

- **Entidades dependentes**

Respecto da auditoría de contas de entidades dependentes, a opinión de auditoría denegada obedece principalmente a falta dunha xestión patrimonial tanto a nivel de inventario ou patrimonio como contable. Recoméndase realizar un estudo e planificación para actualización do inventario considerándose imprescindible a disposición dun módulo integrado coa contabilidade que garanta o enlace e, por conseguinte, a conciliación contable e a levanza dunha adecuada xestión patrimonial.

No que atinxe á Escola de Enfermería recoméndase, ademais, impulsar o proceso de transferencia á Universidade.

IV. MEDIDAS PROPOSTAS PARA INCLUIR NO PLAN DE ACCIÓN

Segundo o disposto no artigo 38 do Real Decreto 424/2017, corresponde á Presidenta da Deputación a formación dun Plan de acción que determine as medidas a adoptar para emendar as debilidades, deficiencias erros e incumprimentos que se poñan de manifesto no Informe resumo dos resultados do control interno, elaborado pola Intervención.

O plan de acción elaborárase no prazo máximo de 3 meses desde a remisión deste informe resume ao Pleno e conterá as medidas de corrección a adoptar, os medios para consecución dos mesmos e os responsables de implementalas, así como e o calendario de actuacións a realizar, relativos tanto á xestión da propia Corporación como á dos organismos e entidades públicas adscritas ou dependentes e das que exerza a tutela.

Unha vez elaborado, o plan de acción será remitido ao órgano interventor, que valorará a súa adecuación para solventar as deficiencias sinaladas e, no seu caso, os resultados obtidos, e informará ao Pleno sobre a situación da corrección das debilidades postas de manifesto no exercicio do control interno, permitindo así que o Pleno realice un seguimento periódico das medidas correctoras implantadas para a mellora da xestión económica financeira.

IV.1. Medidas propostas



As medidas propostas por esta Intervención se corresponden con actuacións referidas ao ámbito de xestión económico – orzamentario, control e contabilidade que competen a este órgano, sen prexuízo doutras actuacións que, no seu caso, en base as conclusión e recomendacións deste Informe, sexan acordadas polo órgano competente e incorporadas ao Plan de acción.

Así mesmo, as medidas propostas obedecen a unha programación realista de acordo cos medios dispoñibles, con especial referencia a aquelas actuacións que se consideran base ou requisito previo necesario para seguir avanzando.

- **Cambio programa contable**

Iniciar as actuacións para estudo e planificación do cambio do programa contable, estudando as necesidades e solucións que permitan acadar unha simplificación na xestión e un reforzo da seguridade e control en materia de xestión económica, xestión orzamentaria, rexistro de facturas e informes de control seguimento ou rendición a remitir ás distintas Administracións Públicas. Sen prexuízo da implicación e liderazgo do proxecto pola Intervención provincial, tendo en conta a necesaria integración do modelo con outras aplicacións en funcionamento (con especial referencia ao xestor de expedientes) resulta indispensable contar coa colaboración do Servizo de Novas Tecnoloxías para asesorar nos traballos previos de confección dos Pregos, especialmente no que atinxe a requisitos de integración e conectividade que deben ser definidos por dito Servizo.

Esta actuación esixe un compromiso de dotación económica polos xestores de gasto, así como a inclusión na planificación de actividades do Servizo de Novas Tecnoloxías.

Se trata dun proceso complexo a completar nun prazo superior a un ano, que abrangue varias etapas de: estudo das necesidades; definición dos requirimentos en materia de prestacións, integración e conectividade; licitación, integración, proba, formación e implantación definitiva.

Actuacións 2021: Estudo das necesidades, detalle dos requirimentos dunha nova aplicación, preparación dos pregos e inicio do expediente de contratación (compromiso dos xestores do gasto de dotar o crédito orzamentario para financiamento).

- **Regularización da Xestión patrimonial**

A situación actual esixe dispoñer dun aplicativo de xestión patrimonial que permita unha axeitada xestión do patrimonio, e a súa coordinación coa contabilidade.

Se trata dun proceso complexo e dilatado no tempo que esixe a implicación do Servizo con competencias en materia de Patrimonio e do Servizo de Intervención, así como a asistencia do Servizo de Novas Tecnoloxías.

Resulta indispensable dispoñer dos medios técnicos necesarios propoñéndose con carácter preferente a implantación dunha aplicación integrada ou plenamente interrelacionada co programa contable.

No que atinxe á actualización do Inventario esixe unha planificación e programación do Servizo con competencias en materia de patrimonio, deseño do modelo de xestión (centralizado ou descentralizado) e dotación dos medios persoais que resulten necesarios.



A consecución deste obxectivo vincúlase co anterior, polo que inevitablemente se trata dun obxectivo a acadar nun horizonte temporal a medio prazo.

Actuacións 2021: Estudo das necesidades do módulo de xestión patrimonial integrado ou interrelacionado co programa contable.

Deseño e planificación polo Servizo encargado da xestión patrimonial das actuacións a levar e cabo e medios necesarios.

- **Revisión procedementos xestión ingresos.**

Realizar unha revisión do procedemento en materia de xestión de ingresos. A revisión debe ter por obxecto a mellora e simplificación dos procedementos, tramitación electrónica dos mesmos, cumprimento da legalidade, revisión do procedemento de control, e maior facilidade de uso e de pago pola cidadanía.

A revisión conleva necesariamente unha actividade de programación, polo que ao non contar a Intervención con persoal con coñecementos nesta materia, resulta indispensable á asistencia do servizo de Novas Tecnoloxías. A participación da Tesouraría sería importante, principalmente para definición e programación da tramitación recadatoria para ingresos propios (medios de pagamento, aprazamentos, fraccionamentos e executiva)

Actuacións 2021 – 2022:

- Deseño e revisión dos procedementos e circuítos xerais en materia de ingresos.
- Deseño e posta en funcionamento do control financeiro posterior en materia de ingresos.
- Boletín Oficial da Provincia:
 - o Deseño e revisión dun procedemento automatizado e de tramitación integramente electrónica en materia de xestión de anuncios no BOP.
 - o Cambio de adscrición do servizo do Boletín actualmente adscrito a esta Intervención, e que debe ser integrado no servizo que corresponda acorde coa súa natureza, sen prexuízo das tarefas que en materia de xestión de ingresos do Boletín continúen a ser xestionadas pola Intervención e/ou Tesouraría.

- **Subvencións.**

Revisión da normativa propia en materia de subvencións (Ordenanza Xeral, Bases de execución) co obxecto de resolver de xeito expreso, deficiencias ou problemas de interpretación detectados en fase de fiscalización ou control financeiro de subvencións.

Deseño dos modelos de convenios reguladores das subvencións directas e nominativas.

Para esta tarefa considérase apropiado un traballo conxunto da Secretaria, Intervención e Servizo de Novas Tecnoloxías.

Actuacións 2021 - 2022: Presentación dunha proposta de Ordenanza e modelos de Convenio adaptado a un procedemento de tramitación integramente electrónico.

- **Administración electrónica**



No que atinxe ao cumprimento das obrigas xerais en materia de **administración electrónica**, enténdese que o liderazgo do proxecto non compete á intervención, sen prexuízo da colaboración necesaria no deseño e implementación.

A planificación e programación deste obxectivo será obxecto de valoración pola Presidencia.

- **Entidades adscritas ou dependentes.**

A xustificación da denegación da opinión nas auditorías das contas 2019 das tres entidades obedece a falta de implantación dunha xestión patrimonial e inexistencia dun inventario actualizado patrimonial e contable. O Plan de acción nestas entidades debe incluír o estudo e planificación da mellora da xestión patrimonial.

Así mesmo, deberase iniciar e/ou impulsar o procedemento de transferencia da Escola de Enfermería.

A planificación e programación deste obxectivo será obxecto de valoración pola Presidencia.

- **Outras consideracións.**

O Plan proposto plantea as actuacións que por esta Intervención se consideran prioritarias, co obxecto de acadar unha mellora progresiva no funcionamento e efectividade do control interno, si ben non abrangue a totalidade de actuacións que serían necesarias.

Un aspecto a mellorar ou potenciar a medida que se vaian cumprindo obxectivos e ampliando os medios dispoñibles, é o control financeiro.

A ampliación do ámbito material e número de expedientes obxecto do control financeiro é un obxectivo prioritario que debe enmarcar as actuacións de mellora do control interno provincial.

O Plan de Control financeiro e auditoría 2020 tratou de dar cobertura á maioría das actuacións obrigatorias, incluíndo xunto co control financeiro en materia de subvencións, a auditoría do rexistro de facturas e auditoría e contas de entidades dependentes.

Non en tanto quedan fóra supostos de inclusión obrigatoria como os ingresos nos que a fiscalización previa substitúese pola toma de razón en contabilidade, así como aquelas áreas seleccionadas en base a un análise de riscos.

A limitación de medios persoais e materiais imposibilita a ampliación da cobertura do control financeiro e o deseño dun cronograma para execución deste obxectivo.

IV.2. Actuacións correctoras xa implementadas ou en trámite.

Si ben a Deputación Provincial de Pontevedra non aprobou un Plan de acción no exercicio 2020, cómpre destacar a adopción de medidas que permitiron acadar pequenas melloras no ámbito do control financeiro e auditoría.



No exercizo 2020 realizáronse as primeiras auditorías de entidades dependentes ou adscritas. A estes efectos autorizouse á colaboración con auditores externos, posibilitando á realización das auditorías de contas exercicio 2019 destas entidades.

O control financeiro en materia de subvencións tratouse de reforzar no ano 2020 acudindo á contratación externa (contrato de colaboración). Non obstante a limitación de persoal dedicado ao control financeiro e a baixa temporal dunha funcionaria, impediu ampliar a cobertura deste control. Os medios son insuficientes para abranguer un control financeiro integral da actividade provincial.

Así mesmo, valórase positivamente a creación dun posto de Técnico/a de control e investimentos, en tanto que supón unha medida importante para garantir o desempeño axeitado da función de comprobación material do investimento da Intervención, con maior autonomía e seguridade e permitirá ampliar o ámbito do control financeiro en materia de investimentos.

A Comisión informativa de Réxime Interior, Economía, Facenda e Axenda Dixital queda enterada do contido do **informe de Intervención resumo do control interno correspondente ao exercicio 2020**, en relación ó disposto no artigo 37 do Real decreto 424/2017, de 28 de abril, polo que se regula o réxime xurídico do control interno das entidades locais, así como nos artigos 2013 e seguintes do Real decreto legislativo 2/2004, de 5 marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei reguladora das facendas locais.

11. DAR CONTA DO INFORME E MEMORANDO DEFINITIVO CORRESPONDENTE COA AUDITORÍA DE CONTAS DO CONSORCIO PROVINCIAL DE PONTEVEDRA PARA A PRESTACIÓN DO SERVIZO CONTRA INCENDIOS E SALVAMENTO DO EXERCICIO 2019.

A sociedade de auditoría BM Neira Auditores, S.L.P., (C.I.F.- B-32468647) en virtude do contrato subscrito coa Deputación de Pontevedra, efectuou o traballo de auditoría da conta xeral do Consorcio Provincial de Pontevedra para a prestación do servizo contra incendios e salvamento, que comprende o balance a 31 de decembro de 2019, a conta de resultado económico-patrimonial, o estado de cambios no patrimonio neto, o estado de liquidación do orzamento e a memoria correspondentes ao exercicio anual rematado en dita data.

O contido do informe definitivo de auditoría da conta xeral anual do exercicio 2019 do Consorcio Provincial de Pontevedra para a prestación do servizo contra incendios e salvamento de data 20 de xaneiro de 2021 é o seguinte:



“INFORME DEFINITIVO DE AUDITORÍA DE CONTA XERAL ANUAL EMITIDO POR UN AUDITOR PÚBLICO INDEPENDENTE

Aos membros do Pleno da Deputación de Pontevedra e aos membros do Pleno do Consorcio Provincial de Pontevedra para a prestación do Servizo contraincendios e salvamento, por encargo da Intervención Provincial da Deputación de Pontevedra.

Denegación de opinión

Encargáronos a auditoría da conta xeral do Consorcio Provincial de Pontevedra para a prestación do Servizo contraincendios e salvamento (en adiante O Consorcio), que comprende o balance a 31 de decembro de 2019, a conta de resultado económico-patrimonial, o estado de cambios no patrimonio neto, o estado de liquidación do presuposto e a memoria correspondentes ao exercicio anual rematado en dita data.

Non expresamos unha opinión sobre a conta xeral do Consorcio adxunta. Debido ao efecto moi significativo das cuestións descritas na sección de Fundamento da denegación de opinión do noso informe, non podemos obter evidencia de auditoría que proporcione unha base suficiente e axeitada para expresar unha opinión de auditoría sobre esta conta xeral.

Fundamento da denegación de opinión

Non podemos verificar o inventario dos elementos do inmovilizado material así como comprobar o coste e a amortización acumulada do mesmo, que segundo a conta xeral adxunta ascenden a 6.897.013,84 e -2.657.644,63 euros, como consecuencia de que non se dispón do correspondente rexistro de inmovilizado.

Non dispuxemos da documentación axeitada para dar validez ao saldo do epígrafe “Patrimonio”, por un importe de 4.745.960,83 €, feito que orixina unha limitación ao alcance.

A entidade imputa no exercicio auditado gastos devindicados no exercicio anterior, por importe de polo menos 462.494,52 euros. Por outra banda, a entidade non ten recoñecidos gastos devindicados no exercicio 2019, por importe de polo menos 249.749,08 euros. Estes feitos non están de acordo cos criterios contidos no marco normativo financeiro que resulta de aplicación e orixinan que o resultado do exercicio esté infravalorado nun importe de, polo menos 212.745,44 euros.

Como resultado dos procedementos de confirmación externa que aplicamos para verificar os saldos, púxose de manifesto a existencia dunha débeda por importe de 77.443,64 euros, a cal non está recoñecida na conta xeral, estando por tanto o pasivo do balance de situación menosprezado no mencionado importe.

A memoria adxunta correspondente ao exercicio anual terminado o 31 de decembro de 2019 non contén toda a información necesaria que se establece na Orde HAP/1781/2013, do 20 de setembro, pola que se aproba a Instrución do modelo normal de contabilidade local.



Como resultado destes feitos, non puidemos determinar os axustes que puideran ser precisos en relación coas partidas do balance e da conta de resultados da conta xeral adxunta.

Cuestións crave da auditoría

As cuestións crave da auditoría son aquelas cuestións que, segundo o noso xuízo profesional, foron de maior significatividade na nosa auditoría da conta xeral do período actual. Estas cuestións foron tratadas no contexto da nosa auditoría da conta xeral no seu conxunto, e na formación da nosa opinión sobre esta, e non expresamos unha opinión por separado sobre esas cuestións.

Excepto polas cuestións descritas na sección Fundamento da opinión denegada determinamos que non existen outros riscos máis significativos considerados na auditoría que se deban comunicar no noso informe.

Outras cuestións

A conta xeral do exercicio 2018 do Consorcio non foi auditada por non estar a entidade obrigada a elo.

Colaboración na auditoría de auditores privados

A sociedade de auditoría BM Auditores en virtude do contrato suscrito coa Deputación de Pontevedra, efectuou o traballo de auditoría referido no apartado primeiro. No devandito traballo aplicáronse a proposta da Intervención Provincial da Deputación de Pontevedra, as normas internacionais de auditoría aplicables ó sector público e as normas técnicas que as desenvolven, en particular, nos aspectos relativos á execución do traballo, elaboración, contido e presentación dos informes, e colaboración doutros auditores, así como aqueloutros aspectos considerados necesarios para asegurar a calidade e homoxeneidade dos traballos de auditoría pública (artigo 33 RD 424/2017).

Os traballos encargados pola Intervención Provincial abranguen a realización e sinatura dos traballos polo auditor xefe de equipo da empresa auditora responsable do contrato.

Responsabilidade do Presidente do Consorcio en relación coa conta xeral

A Presidente do Consorcio é responsable de presentar a conta xeral adxunta, de forma que exprese a imaxe fiel do patrimonio, da situación financeira e dos resultados da entidade, de conformidade co marco normativo de información financeira aplicable á entidade en España, e do control interno que considere necesario para permitir a preparación da conta xeral libres de incorrección material, debida a fraude ou erro.

Na preparación da conta xeral, a Presidente do Consorcio é responsable da valoración da capacidade da entidade para continuar como empresa en funcionamento, revelando, segundo corresponda, as cuestións relacionadas coa empresa en funcionamento e utilizando o principio contable de empresa en funcionamento agás se o órgano de



xestión ten a intención ou a obrigação legal de liquidar a entidade ou de cesar nas súas operacións ou ben non exista outra alternativa realista.

Responsabilidades do auditor en relación coa auditoría da conta xeral

A nosa responsabilidade é a realización da auditoría da conta xeral da entidade de conformidade coa normativa reguladora da actividade de auditoría de contas para o Sector Público vixente en España e a emisión dun informe de auditoría. Sen embargo, debido á significatividade das cuestións descritas na sección Fundamento da denegación de opinión do noso informe, non podemos obter evidencia de auditoría que proporcione unha base suficiente e axeitada para expresar unha opinión de auditoría sobre a conta xeral.

Somos independentes da entidade de conformidade cos requirimentos de ética, e protección da independencia, que son aplicables á nosa auditoría das contas anuais para o Sector Público en España, segundo o exixido pola normativa reguladora da actividade de auditoría de contas de dito Sector Público.”

O contido do memorándum definitivo de conclusións de data 20 de xaneiro de 2021 é o seguinte:

A. REPRESENTATIVIDAD DE LOS ASPECTOS SIGNIFICATIVOS DE LA CUENTA GENERAL

A estos efectos y para una mayor comprensión de los aspectos relevantes señalados en este memorándum, extractamos a continuación, el Balance y la Cuenta de Resultados integradas en la Cuenta General objeto de la auditoría practicada, así como su comparación con los datos del ejercicio anterior.

Se muestra a continuación, la evolución durante el ejercicio 2019 de la composición de las distintas masas patrimoniales del Activo:

ACTIVO	31/12/2018	31/12/2019	VARIACIÓN RELATIVA
ACTIVO NON CORRENTE	4.256.806,06	4.239.369,21	-0,41%
Inmobilizacións materiais	4.256.806,06	4.239.369,21	-0,41%
Construcións	1.300.422,65	1.266.084,82	-2,64%
Outro inmovilizado material	1.720.658,80	1.737.559,78	0,98%
Inmovilizado en curso e anticipos	1.235.724,61	1.235.724,61	0,00%
ACTIVO CORRENTE	4.264.460,49	4.412.747,99	3,48%
Activos no corrientes mantenidos para la venta	0,00	0,00	-
Existencias	0,00	0,00	-
Debedores	211.693,91	1.693,91	-99,20%
Debedores por operacións de xestiónn	210.000,00	0,00	-100,00%
Outras contas a cobrar	1.693,91	1.693,91	-95,02%
Inversións financeiras a c/p	3.000,00	3.000,00	0,00%
Outras inversións financeiras	3.000,00	3.000,00	0,00%
Efectivo e outros activos líquidos equivalentes	4.049.766,58	4.408.054,08	8,85%
Tesourería	4.049.766,58	4.408.054,08	8,85%
TOTAL ACTIVO	8.521.266,55	8.652.117,20	1,54%



*La partida de “**Tesorería**” recogida en el balance de la Entidad asciende a 537.885,17 euros, de los cuales 539.556,41 euros están depositados en Bancos. Cabe destacar que la Entidad no utiliza dinero en efectivo y, por lo tanto, no hay una caja física.*

En este epígrafe también consta un saldo de -1.671,24 euros contabilizados en la cuenta 557 “Formalización”.

Como parte de nuestro trabajo hemos verificado el importe efectivo en bancos, cuyo saldo a 31 de diciembre de 2019 ascendía a 539.556,41 euros, mediante la confirmación por parte de la Entidad financiera ABANCA.

No hay documentación soporte que valide el importe contabilizado en la cuenta 557 “Formalización”, por lo que recomendamos su cancelación.

⇒ **DEUDORES COMERCIALES Y OTRAS CUENTAS A COBRAR**

*Para dar validez al saldo registrado en el epígrafe “**Deudores por operaciones de gestión**” cuyo importe asciende a 11.101,28 euros., se han realizado los siguientes procedimientos de auditoria:*



- ✓ *Del total de los deudores reflejados en la contabilidad se ha hecho una selección de manera aleatoria, con el objeto de enviarle una carta solicitando el saldo pendiente, si lo hubiera, a cierre del ejercicio.*
- ✓ *Se han revisado los movimientos en las cuentas de dichos deudores para detectar posibles deterioros de valor.*

En el proceso de nuestro trabajo se han detectado saldos con antigüedad superior a 1 año no cobrados a la fecha de nuestro informe, que debieran estar deteriorados. No obstante, no se ha registrado provisión al respecto en contabilidad. Asimismo, los saldos incobrables no se han tenido en cuenta en el cálculo del Remanente de Tesorería.

Por este motivo, recomendamos que a cierre de ejercicio se efectúen las correcciones valorativas necesarias siempre que exista evidencia objetiva de que el valor de un crédito se ha deteriorado como resultado de uno o más eventos que hayan ocurrido después de su reconocimiento inicial y que ocasionen una reducción o retraso en los flujos efectivos estimados futuros.

⇒ **ACREEDORES Y OTRAS CUENTAS A PAGAR**

*Dentro del epígrafe “**Acreeedores y otras cuentas a pagar**” cuyo importe asciende a 46.276,32 euros, constan las siguientes partidas:*

- *Cuenta 400: Operaciones de gestión, con importe de 3.222,00 euros y cuenta 401: Operaciones de gestión, con importe de 3.920,86 euros. Señalar que, al igual que en cado de los deudores, del total de los acreedores/proveedores reflejados en la contabilidad se ha hecho una selección de manera aleatoria, con el objeto de enviarle una carta solicitando el saldo pendiente, si lo hubiera, a cierre del ejercicio. No hubo incidencia alguna.*
- *Cuenta 419: Otros deudores no presupuestarios, con importe de 839,82 euros. Para dar validez se le ha solicitado a Entidad documentación soporte que justifique dicho saldo. No obstante, en la Entidad se nos ha indicado que no consta dicha documentación y que, además, el saldo se arrastra de años atrás, por lo que se recomienda su cancelación*
- *Cuenta 476: Organismos seguridad social, acreedores, con importe de 12.833,55 euros, cuyo saldo se ha validado revisando los RNT y RLC del periodo 2019 presentados por la Entidad.*
- *Cuenta 475: Hacienda pública acreedora por IVA, con importe de -54.735,49 euros, y cuenta 4751: Hacienda pública acreedora por retenciones practicadas, con importe de 80.195,58 euros. Estos saldos se han validado revisando los modelos 111 y 190 del periodo 2019 presentados por la Entidad. Una vez finalizada la revisión, hemos comprobado que la nomenclatura de la cuenta no se corresponde son su finalidad, que se están utilizando varias cuentas para un mismo fin, ya que tanto en la cuenta 475 como en la 4751 se están contabilizando retenciones de IRPF y que a se*



arrastran importes de años anteriores que ya se deberían haber dado de baja. Por lo tanto, se recomienda unificarlas en una sola cuenta, y que se hagan los ajustes y cuadros oportunos para que a cierre de ejercicio haya relación entre los modelos 111 y 190 y la contabilidad.

⇒ **EVOLUCIÓN DEL PATRIMONIO NETO**

Para el análisis del patrimonio neto (2.935.767,97 euros), cuyo importe representa prácticamente la totalidad del pasivo de la Entidad, hemos revisado la evolución de los datos contables comparándolo con la información de las cuentas generales presentadas desde el ejercicio 2015. Los movimientos analizados desde el 2015 en contabilidad son coincidentes con las cuentas generales analizadas.

⇒ **MEMORIA DE LA CUENTA GENERAL DEL EJERCICIO 2019.**

Como parte de nuestro trabajo se ha revisado el contenido de la memoria de la Entidad detectando que incluye el contenido mínimo establecido en la normativa aplicable.

A Comisión informativa de Réxime Interior, Economía, Facenda e Axenda Dixital queda enterada do contido do **informe e memorando definitivo correspondente coa auditoría de contas do Consorcio para o servizo contra incendios e salvamento das comarcas do Deza e Tabeirós-Terra de Montes, do exercicio 2019**, en relación ó disposto no artigo 33 do Real decreto 424/2017, de 28 de abril, polo que se regula o réxime xurídico do control interno das entidades locais.

13. DAR CONTA DO INFORME DA AUDITORÍA DO REXISTRO DE FACTURAS DO EXERCICIO 2019.

A Viceinterventora con data 20 de abril de 2021, elaborou o informe anual de auditoría de sistemas do rexistro contable de facturas do exercicio 2019, onde se deixa constancia do seguinte:

INFORME ANUAL DE AUDITORÍA DE SISTEMAS DO REXISTRO CONTABLE DE FACTURAS

En cumprimento do artigo 12.3 da Lei 25/2013, de 27 de decembro, de impulso da factura electrónica e creación do rexistro contable de facturas no Sector Público, por parte desta intervención e de acordo coas instrucións contidas na Guía para as auditorías dos Rexistros Contables de Facturas publicada pola Intervención Xeral do



Estado, procédese a realizar una auditoría de sistemas para verificar o cumprimento polo rexistro contable de facturas desta entidade das condicións de funcionamento previstas na normativa sobre facturación electrónica

NORMATIVA APLICABLE:

- Real Decreto 424/2017, de 28 de abril, polo que se regula o réxime xurídico do control interno nas entidades do Sector Público Local.
- Texto Refundido da Lei reguladora das Facendas Locais, aprobado por Real Decreto Legislativo 2/2004, de 5 de marzo.
- Lei 25/2013, de 27 de decembro, de impulso da factura electrónica e creación do rexistro contable de facturas no Sector Público.
- Lei 15/2010, de 5 de xullo, de modificación da Lei 3/2004, de 29 de decembro, pola que establecen medidas de loita contra a morosidade nas operacións comerciais.
- Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, de 26 de febreiro de 2014.
- Orde HAP/2082/2014, de 7 de novembro, pola que se modifica a Orde HAP/2105/2012, de 1 de outubro, pola que se desenvolven as obrigas de subministración de información previstas na Lei Orgánica 2/2012, de 27 de abril, de Estabilidade Orzamentaria e Sustentabilidade Financeira.
- Real Decreto 635/2014, de 25 de Xullo polo que se desenvolve a metodoloxía de cálculo do período medio de pago a provedores das Administracións Públicas e as condicións e o procedemento de retención de recursos dos réximes de financiamento, previstos na Lei Orgánica 2/2012, de 27 de abril, de Estabilidade Orzamentaria e Sustentabilidade Financeira, modificado polo Real Decreto 1040/2017, de 22 de decembro.
- Lei 25/2013, de 27 de decembro, de impulso da factura electrónica e creación do rexistro contable de facturas no Sector Público.
- Orde HAP/492/2014, de 27 de marzo, pola que se regulan os requisitos funcionais e técnicos do rexistro contable de facturas das entidades do ámbito de aplicación da Lei 25/2013.
- Orde HAP/1074/2014, de 24 de xuño, pola que se regulan as condicións técnicas e funcionais que debe reunir o PGEFe.
- Orde HAP/1650/2015, de 31 de xullo, pola que se modifican a Orde HAP/492/2014 e a Orde HAP/1074/2014.
- Bases de execución do Orzamento 2020.

CONSIDERACIÓNS

Primeira. Obxectivos e alcance da auditoría.

O obxectivo principal do presente informe céntrase en verificar o grao de cumprimento polo rexistro contable de facturas das condicións de funcionamento previstas na Lei 25/2013 e a súa normativa de desenvolvemento, para iso levaranse a cabo as seguintes accións:

- Análises dos procesos de recepción de facturas electrónicas, da súa anotación no correspondente rexistro contable de facturas e da súa correspondente tramitación en función de se son aceptadas ou rexeitadas.
- Análises dos tempos medios de inscrición de facturas nos rexistros contables de facturas, así como da posible retención nas distintas fases do proceso de facturas.
- Análises das causas e das actuacións do órgano competente en materia de contabilidade en relación coas facturas respecto dos cales transcorreran máis



de tres meses desde que foron anotadas sen efectuarse o recoñecemento da obriga.

- Verificación da correcta implementación dos controis de xestión nas aplicacións informáticas implicadas.
- Revisión da xestión da seguridade en aspectos relacionados coa confidencialidade, autenticidade, integridade, trazabilidade e dispoñibilidade dos datos e servizos de xestión.

En relación ao alcance desta auditoría, cabe destacar que se trata dunha auditoría de sistemas encamiñada exclusivamente á validación dos sistemas de información que xestionan os rexistros contables de facturas, sen existir ningunha conexión entre esta auditoría con outros posibles controis englobados en auditorías operativas que verifiquen a veracidade e consistencia de expedientes.

Segunda. Colaboración do Servizo de Novas Tecnoloxías.

O Servizo de Intervención non dispón de persoal con coñecementos avanzados informáticos, de programación e tecnolóxicos, o que constitúe unha importante limitación ao alcance na realización destes traballos. A estes efectos foi necesario contar coa colaboración do Servizo de Novas Tecnoloxías para a realización de parte das probas obxecto da auditoría. Consta no expediente o Informe asinado polo Programador de Xestión de Expedientes e polo Asesor Xurídico de Novas Tecnoloxías, asinado en data 19/04/2021 (en adiante, Informe do Servizo de Novas Tecnoloxías).

Terceira. Descrición do procedemento e verificación da súa adecuación

3.1. Procedemento legal.

As facturas deben ser rexistradas pola oficina contable no RCF, asignando a cada unha un código de identificación de dita factura no referido rexistro contable, que a acompañará na súa tramitación.

As facturas, tanto electrónicas como en papel, recibidas no RCF, antes da súa distribución aos correspondentes órganos competentes para a súa tramitación, deben ser obxecto de validación. Se se detectan datos incorrectos ou que impidan a súa distribución aos devanditos órganos competentes, ou que as facturas non lle corresponden, debera ser rexeitadas e devoltas ao rexistro administrativo de procedencia con expresión da causa do devandito rexeitamento, quedando constancia no propio RCF.

A oficina contable que efectuase a anotación da factura recibida, electrónica ou en papel, no respectivo RCF a remitirá ao órgano xestor destinatario da mesma, a través da unidade tramitadora correspondente, deixando constancia no RCF da data e hora do acuse de recibo pola unidade tramitadora, que haberá de pronunciarse sobre a conformidade ou devolución da factura recibida, do que se deixará constancia no devandito rexistro. No caso das facturas electrónicas, o RCF poñerá ao dispor das correspondentes unidades tramitadoras as facturas rexistradas, que, se dispoñen dun sistema de xestión económico-orzamentario preparado para iso, recibiran as no seu



respectivo sistema utilizando os servizos que, para ese efecto, prové o rexistro contable de facturas.

A unidade tramitadora destinataria da factura expresará a súa conformidade ou desconformidade coa mesma accedendo directamente ao rexistro contable correspondente ou a través do seu propio sistema de xestión no caso de que este último poida facer uso dos servizos provistos a tal fin polo rexistro contable de facturas.

A tramitación, en caso de conformidade, do recoñecemento da obriga polo órgano xestor e o asento en contabilidade da obrigación recoñecida e da proposta de pago identificarán as facturas obxecto da proposta a través dos correspondentes códigos de identificación asignados no RCF. A contabilización da obrigación recoñecida no Sistema de información contable provocará un cambio de estado automático da factura no rexistro contable de facturas que pasará a estar en estado de obrigación recoñecida.

A anotación no Sistema de información contable do pago material da correspondente operación, igualmente provocará un cambio de estado automático da factura no rexistro contable de facturas que pasará a estar en estado de paga. A oficina contable, a través do RCF, efectuará requirimentos periódicos de actuación respecto a as facturas pendentes de recoñecemento de obrigación, que serán dirixidos aos órganos xestores competentes. Do mesmo xeito, elaborará un informe trimestral coa relación das facturas con respecto aos cales transcorresen máis de tres meses desde que foron anotadas e non se efectuou o recoñecemento da obrigación polos órganos competentes.

3.2. Observacións xerais en materia de procedemento.

A principal salvidade coa que nos atopamos correspóndese coa implantación do Rexistro de facturas no xestor de expedientes sen integración ou interrelación co programa contable (artigo 8.2 da Le 25/2013), de xeito que este rexistro non resulta accesible desde o programa contable.

Cuarta. Probas relacionadas coas facturas en papel

Procedeuse a verificar o cumprimento do artigo 4 da Lei 25/2013 e a aplicación dos criterios desenvolvidos na circular 1/2015, de 19 de xaneiro, da IGAE, sobre obrigatoriedade da factura electrónica a partir do 15 de xaneiro de 2015, comprobándose os seguintes extremos:

- Que todas as facturas en papel que se rexistran no RCF gardan a información citada no artigo 5.3 da Orde HAP/492/2014.
- Que as facturas presentadas en papel non están a incumprir a normativa de obrigatoriedade de facturación electrónica

Para a comprobación de devanditos extremos realizáronse as seguintes probas:

4.1. Comprobación de que o RCF garda a información referida no artigo 5.3 da Orde HAP/492/2014.

- a) Fecha de expedición de la factura.*
- b) Fecha de presentación de la factura en el registro administrativo.*
- c) Número de Identificación Fiscal o número de identificación equivalente del expedidor de la factura.*



- d) Nombre y apellidos, razón o denominación social completa del obligado a expedir factura.
 e) Número de factura y, en su caso, serie.
 f) Importe de la operación, incluido IVA (o impuesto equivalente).
 g) Unidad monetaria en la que está expresado el importe, de acuerdo con la codificación ISO 4217 Alpha-3.
 h) Código de los órganos competentes en la tramitación de la factura así como del órgano o unidad administrativa que tenga atribuida la función de contabilidad, codificado de acuerdo con el directorio DIR3 de unidades administrativas gestionado por la Secretaría de Estado de Administraciones Públicas.

Segundo sinala o Informe do Programador e Xestión de expedientes e Asesor Xurídicos do Servizo de Novas tecnoloxías, a información requirida gárdase nas táboas das bases de datos da plataforma de xestión de expedientes. Estes datos consolídanse en base de datos.

Segundo resulta da documentación, existen discrepancias en canto ao número total de facturas en papel rexistradas entre algúns dos listados.

Revisado o excel de facturas en papel advírtese da existencia de campos en branco ou non cumprimentados nun total de 728 liñas de facturación.

Ao tratarse de facturas de rexistro manual, os campos deben ser completados polos servizos xestores correspondentes. Proponse a adopción de medidas que impidan a continuidade na tramitación ou alerten desta circunstancia.

4.2. Facturas en papel que incumpren a obriga de facturación electrónica.

Obtención do listado total de facturas presentadas en formato papel no período con indicación da denominación do terceiro e do NIF, data factura, data rexistro e importe e centro xestor, co obxecto de detectar aquelas facturas que sexan susceptibles de estar incumprindo a normativa.

Verificarase que se as facturas en papel se corresponden con facturas presentadas por persoas físicas ou no caso de persoas xurídicas, que non superan o importe de 5.000 €.

Consultado o listado de facturas excel en papel facilitado polo Servizo de Novas Tecnoloxías, resultan as seguintes facturas en papel de importe superior a 5.000 €:

2019011180	P3603800H	CONCELLO DE PONTEVEDRA	3/7/2019	3/7/2019 2:23 PM	6567,57	3216933
2019027643	PT513033440	Bonus Itineris Cooperativa de Qualificação Turisitica e Territorial, CRL	4/24/2019	5/9/2019 12:32 PM	5902,42	2019/F2
2019030427	A08701641	RBA PUBLIVENTAS, SA	5/9/2019	5/28/2019 10:07 AM	6776	6121901125
2019032960	36118304R	JOSE ROCHA PINO	6/6/2019	6/6/2019 1:15 PM	7650	9/19
2019036757	B27144674	ARIDOS H. CARBALLIDO SL	6/30/2019	7/1/2019 10:04 AM	5980,39	182/19
2019039004	P3604600A	CONCELLO DE RIBADUMIA	7/18/2019	7/18/2019 2:50 PM	7388,83	000000524771
2019041052	510548687	COLECTIVO CRIATURA, UNIPESSOAL LDA	7/25/2019	8/7/2019 12:18 PM	6198,35	CFR 2019/7
2019048099	P3603800H	CONCELLO DE PONTEVEDRA	8/26/2019	9/18/2019 4:49 PM	18762,76	02102019A100175208
2019052060	B36837516	EVENTOS DEL MOTOR, SL	10/17/2019	10/21/2019 10:43 AM	5989,5	A/382



2019053358	G81718249	FUNDACION EOI	10/30/2019	10/31/2019 9:15 AM	40000	19510023
2019053371	G81718249	FUNDACION EOI	10/30/2019	10/31/2019 9:15 AM	40000	19510024
2019042743	B36743714	CASA PEPE VIGO, SL	7/31/2019		5130,32	19006487
2019018660	P3603800H	CONCELLO DE PONTEVEDRA	2/26/2019		12751,63	02102019A100037988
2019001805	P3603800H	CONCELLO DE PONTEVEDRA	12/26/2018		11552,26	02102018A100243892

Do listado anterior, extráese un novo con descarte das liquidacións tributarias e facturas expedidas por persoas físicas e persoas xurídicas non obrigadas a facturar electronicamente, do que resulta un total de seis facturas achegadas en formato papel que incumpren a obriga de achega en formato electrónico.

2019027643	PT513033440	Bonus Itineris Cooperativa de Qualificação Turística e Territorial, CRL	4/24/2019	5/9/2019 12:32 PM	5902,42	2019/F2
2019030427	A08701641	RBA PUBLIVENTAS, SA	5/9/2019	5/28/2019 10:07 AM	6776	6121901125
2019036757	B27144674	ARIDOS H. CARBALLIDO SL	6/30/2019	7/1/2019 10:04 AM	5980,39	182/19
2019041052	510548687	COLECTIVO CRIATURA, UNIPESOA LDA	7/25/2019	8/7/2019 12:18 PM	6198,35	CFR 2019/7
2019052060	B36837516	EVENTOS DEL MOTOR, SL	10/17/2019	10/21/2019 10:43 AM	5989,5	A/382
2019042743	B36743714	CASA PEPE VIGO, SL	7/31/2019		5130,32	19006487

4.3. Outras observacións

Cómpre destacar que as Bases de Execución do Orzamento 2020 introducen unha modificación en materia de facturación, suprimindo a exención de facturación electrónica por razón da contía e regulando a obriga de facturación electrónica e segundo o disposto nos dous primeiros parágrafos do artigo 4.1 da Lei 25/2013.

Esta modificación permitirá unha importante redución do volume de facturas xestionadas en papel.

Quinta. Probas relacionadas coas facturas presentadas electronicamente

5.1. Probas sobre a anotación das facturas no RCF

Procedeuse a verificar o cumprimento dos artigos 9.1 e 9.2 da Lei 25/2013, comprobándose que todas as facturas remitidas polos Puntos de entrada de facturas electrónicas, PGEFe, son postas a disposición ou remitidas automaticamente ao RCF, que á súa vez, ao recibila, anótaa, xerando un código de identificación de dita factura que é comunicado inmediatamente aos PGEFe. Doutra banda, tal e como recolle o artigo 7 da Lei 25/2013 procedeuse a constatar que o órgano administrativo destinatario da factura debe ser responsable do seu arquivo e custodia, aínda que pode optar por utilizar ao PGEFe como medio de arquivo e custodia.

Segundo sinala o Informe do Servizo de Novas Tecnoloxías o total de facturas electrónicas descargadas no exercicio 2019 foi de 9.189 facturas. Non en tanto,



advírtese da existencia de discrepancias respecto o total de facturas segundo o listado consultado.

5.2. Remisión ao PXEF e dun código automatizado identificador da factura.

Verificar que, de maneira automatizada, ao descargar a factura, o RCF remite ao PXEF e un código automatizado co identificador da factura no RCF. Do mesmo modo, haberá de verificarse que estas se almacenan correctamente.

Realizada a proba polo Servizo de Novas Tecnoloxías, advírtese que non se está informando do identificador da factura no RCF o Informe do Servizo de Novas Tecnoloxías sinala que empezárase a informar a partir do mes de marzo de 2021.

5.3. Facturas retidas

Facturas retidas no PXEF e (FACE): listado de facturas pendentes de descarga no RCF (en circunstancias normais e en atención ao período considerado e data de realización da auditoría, non debería atoparse retida ningunha factura).

Segundo sinala o Informe do Servizo de Novas Tecnoloxías, solicitada ao PXEF informe de auditoría, infórmase da existencia de dúas facturas do ano 2019 pendentes de descarga. Estas facturas correspóndese cunha proba realizada polo Servizo e respecto á segunda se trata dunha factura anulada antes de ser descargada.

5.4. Análise do volcado de facturas rexistradas no RCF: Informe estatístico de tempos medios de inscrición de facturas no RCF.

A proba foi realizada polo Servizo de Novas Tecnoloxías ,con incorporación do resultado ao Informe, e de conformidade co seguinte:

Tempo medio segundos	Tempo medio Horas
88837,99	24,68

O dato resulta acorde coa frecuencia de descarga (24 horas).

5.5. Custodia de facturas polo sistema de información contable que xestione o RCF.

Comprobación por mostreo aleatorio seleccionado ao azar un conxunto de facturas anotadas no RCF e realizando a comprobación de que se pode acceder e visualizar a factura orixinal.

(Táboa de facturas anotadas no RCF. Determinación nº facturas a verificar. Selección aleatoria de facturas).



Polo Servizo de Novas Tecnoloxías realizouse unha comprobación por mostreo aleatorio seleccionando ao azar un conxunto de facturas anotadas no Rexistro de Facturas realizando a comprobación de que se pode acceder e visualizar o contido orixinal.

Cód. expedien.	Código do rexistro	N/REF	Data de creación	Tipo de expediente	Código servizo	Servizo	Cód. tipo de expediente	Código do grupo	Nome do grupo	DNI/CIF	Nome
2019037845	WEB2019023757		10/07/2019 07:05	FACTURA		FAC	TFCOM		Tramitador Facturas Comunicación	B35831925	LIMPEZAS CIES SL
2019005726	WEB2019004595		07/02/2019 07:00	FACTURA		FAC	TFNNTT		Tramitador Facturas NNTT	B41632332	AYTOS SOLUCIONES INFORMATICAS SLU
2019005101	WEB2019004168		05/02/2019 07:02	FACTURA		FAC	TFCPPEL		Tramitador Facturas CP Felipe	B36007409	MERCASH SAR SL UNIPERSONAL
2019004845	WEB2019003975		04/02/2019 07:03	FACTURA		FAC	TFMOU		Tramitador Facturas Mouriscade	A83052407	SOCIEDAD ESTATAL CORREOS Y TELEGRAFOS SA
2019004709	WEB2019003828		01/02/2019 07:02	FACTURA		FAC	TFORAL		Tramitador Facturas ORAL	B87087847	Claro Sol Cleaning s.l.u.

5.6. Probas de validación do contido das facturas

Proba de validacións non asumidas por FACE que deben ser realizadas ao anotar na factura no RCF.

Comprobar que as aplicacións informáticas que procesan as facturas na fase de anotación no RCF realizan estas comprobacións de forma automatizada e rexeitan aquelas facturas que non as superan.

Estas validacións se detallan na Orde HAP/1650/2015.

As probas se detallan nas páxinas 26 a 33 da Guía do Ministerio de Facenda para auditoría dos rexistros contables de facturas.

<https://www.igae.pap.hacienda.gob.es/sitios/igae/es-ES/Contabilidad/rcf/Documents/GuiaparaauditoriasRC.pdf>

O Informe do Servizo de Novas Tecnoloxías sinala os incumprimentos de validación respecto do total de facturas recibidas no ano 2019, de conformidade co seguinte:

Nº Total de facturas recibidas año 2019		9186	
Nº Total de facturas anuladas		1697	
DESCRIPCION	NÚMERO	Porcentaje totales	Porcentaje anuladas
La fecha de anotación en el registro administrativo es mayor que la fecha actual o menor que la fecha de emision de la factura.	4	0,04%	0,24%
Alguno de os importes a nivel de factura tiene más de dos decimales.	0	0,00%	0,00%
El NIF del emisor de la factura y el del cesionario coinciden.	0	0,00%	0,00%
El importe total bruto de la factura no es la suma de los importes brutos de las lineas.	4	0,04%	0,24%



El total importe bruto antes de impuestos no es igual al total importe bruto menos el total general de descuentos mas el total general de cargos.	0	0,00%	0,00%
El importe total bruto antes de impuestos es positivo y el total de impuestos retenidos tiene contenido y es menor que cero.	0	0,00%	0,00%
El coste total de cada línea no es igual a producto del número de unidades por el precio unitario.	18	0,20%	1,06%
Alguno de los importes de las líneas tiene mas de dos decimales.	1	0,01%	0,06%
El código de moneda no es válido	0	0,00%	0,00%
El importe bruto de cada línea debe ser la suma del coste total má la suma de recargos menos la suma de descuentos.	1	0,01%	0,06%

Sexta. Probas relacionadas coa tramitación das facturas

Procedeuse a verificar o cumprimento dos apartados 3 e 4 do artigo 9 da Lei 25/2013, sobre o procedemento para a tramitación das facturas una vez sexan anotadas no RCF e non sexan rexeitadas, tanto no que respecta á súa remisión aos órganos competentes para a súa tramitación e actuacións de recoñecemento da obriga, como no relativo aos códigos de identificación asignados no rexistro contable de facturas. Á súa vez procedeuse a verificar a información respecto das propostas de anulación e subministración de información sobre o estado das facturas, de acordo cos artigos 8 e 9 da orde HAP/492/2014.

Desta forma, procedeuse a constatar:

- a. A correcta tramitación das solicitudes de anulación de facturas.
- b. A correcta evolución de estados internos dunha factura, constatando a actualización correcta e coherente dos estados de tramitación e os tempos medios para alcanzar cada estado.
- c. O recoñecemento da obriga de pago, sendo necesario detectar se existe algunha factura en pago directo que non pase antes do pago polo estado de recoñecemento da obriga.

6.1. Proposta de anulación de facturas



Segundo sinala o Informe do Servizo de Novas Tecnoloxías realizouse a consulta á base de datos para comprobación da axeitada tramitación das solicitudes de anulación das facturas.

A consulta devolveu os seguintes resultados:

Número total Facturas recibidas	9186	
Solicitudes anulación	Número	Porcentaje
Solicitudes anulación remitidas por el PGEFe	41	0,45%
Solicitudes de anulación registradas en RCF	33	0,36%
Solicitudes de anulación registradas en RCF con el texto explicativo del motivo de anulación vacío	0	0,00%
Facturas Anuladas en el RFC	33	0,36%
Porcentaje de facturas anuladas/solicitadas	33	80,49%
Desglose de las solicitudes de anulación de facturas rechazadas	8	
Facturas en estado RECONOCIDA LA OBLIGACION DE PAGO	0	0,00%
Facturas en estado PAGADO	8	100,00%

6.2. Evolución de estados internos

Os tempos medios de cambio de estado das facturas no RCF computados desde a data de rexistro das facturas en FACE (facturas electrónicas) ou no propio rexistro contable de facturas (facturas en papel) obtidos na consulta realizada polo Servizo de Novas Tecnoloxías son os seguintes datos (tempo en horas):

ORDEN	Estado	Facturas electrónicas	Facturas papel
1	SER Pendiente Registro	26,22	94,47
2	SER Rexistrada	113,37	102,07
3	SER Conforme	120,72	117,8
4	INT Autorizado Ok	244,94	231,16
5	TES Pago	648,66	616,12
6	SER Factura Anulada	199,4	262,13

A presentación electrónica das facturas supón unha redución de tempo nos primeiros estados, volcado e rexistro no RCF. Esta redución perde os seus efectos na tramitación, e de acordo cos datos medios obtidos, o tempo medio de pago das facturas electrónicas resulta superior respecto das facturas en papel.

Este resultado pódese xustificar na falta de implementación no exercicio 2019 dun procedemento electrónico de tramitación das facturas, pois aínda que a presentación era electrónica a tramitación e procedemento de pago completábase en tramitación en papel.

No segundo trimestre 2020, ponse en funcionamento o procedemento electrónico para tramitación das facturas, excepto na fase de pagamento, que se tramita en papel hasta o terceiro trimestre. Na actualidade o procedemento é integramente electrónico, excepto no que atinxe ao pagamento das facturas de recoñecemento extraxudicial e validación.



O exame dos datos 2020 e 2021 permitirán unha avaliación da redución dos tempos como consecuencia da implementación da tramitación electrónica.

6.3. Actualización dos cambios de estado das facturas

O Informe do Servicio de Novas Tecnoloxías recolle as correspondencias estados RCF – FACE:

Estado FACE	Estado RCF
1300—Rexistrada en RCF	(FACPENDREX)—SER Pendente de Rexistro
2100 – Recibida en RCF	(VASEGE) --SER Rexistrada
2300 – Conformada	(FISSEGES) --SER Conforme
2400 – Contabilizada	(AUTIN) – Autorización OK
2500 – Pagada	(PAG) -- TES Pago
2600 – Rechazada	(FACANU) – Factura anulada
Gestión de las solicitudes de anulación	
4300 –Aceptacion solicitud de anulación	(FACANU) – Factura anulada
4400 –Rechazo solicitud de anulación	No realiza cambio de estado interno

Respecto aos tempos de comunicación, O informe do servizo de Novas Tecnoloxías amosa os seguintes datos:

ORDEN	Codigo F@ce	Estado RCF	Media Segundos
1	1300	SER Pendiente Registro	10
2	2100	SER Rexistrada	30
3	2300	SER Conforme	13
4	2400	INT Autorizado Ok	147
5	2500	TES Pago	1
6	2600	SER Factura Anulada	4971

En relación co tempo desproporcionado amosado no punto 6 da táboa para o estado “SER Factura Anulada”, o informe do Servizo de Novas Tecnoloxías explica que debeuse a un fallo na comunicación a FACe do cambio de estado a anulado de para catro facturas, que realizouse posteriormente a man, días despois.



Sétima. Probas relacionadas coas obrigas dos órganos competentes en materias de contabilidade e control

Deberase verificar o cumprimento do artigo 10 da Lei 25/2013, comprobándose que o órgano responsable da contabilidade, efectuou requirimentos periódicos de actuación respecto das facturas pendentes de recoñecemento da obriga, elaborándose o correspondente informe trimestral no que se recollan aquelas con máis de tres meses nesa situación.

7.1. Emisión dos informes trimestrais de morosidade e PMP.

O artigo cuarto da Lei 15/2010, do 5 de xullo, de modificación da Lei 3/2004, do 29 de decembro, que establece medidas para combater o atraso no pagamento nas operacións comerciais, determinou a obrigatoriedade das Corporacións locais para elaborar e enviar, aos órganos competentes do Ministerio de Economía e Facenda un informe sobre o cumprimento dos prazos legalmente establecidos para o pagamento das obrigas de cada entidade.

Os estados foron remitidos pola Intervención, previa obtención dos listados polo Servizo de Novas Tecnoloxías.

Ejercicio:

Ejercicio	Periodo	Fecha cierre periodo	Estado	Acciones
2019	Primer trimestre	30/04/2019	Firmado en plazo	
2019	Segundo trimestre	31/07/2019	Firmado en plazo	
2019	Tercer trimestre	31/10/2019	Firmado en plazo	
2019	Cuarto trimestre	31/01/2020	Firmado en plazo	

Fonte: Oficina Virtual Ministerio de Facenda

O período medio de pago (PMP) definido no Real Decreto 635/2014, de 25 de xullo, polo que se desenvolve a metodoloxía de cálculo do período medio de pago a provedores das Administracións Públicas, mide o atraso no pago da débeda comercial en termos económicos, como indicador distinto respecto do período legal de pago establecido na normativa de contratación pública aplicable, e na Lei 3/2004, de 29 de decembro, pola que se establecen medidas de loita contra a morosidade nas operacións comerciais.



Tal e como dispón o artigo 6.2 do referido Real Decreto, as Corporacións Locais deben remitir ao Ministerio de Facenda así como publicar de maneira periódica a información relativa ao seu período medio de pago a provedores, PMP, referido ao mes inmediato anterior.

O PMP 2019 foi calculado mensualmente e comunicado en prazo ao Ministerio pola Intervención Provincial, de acordo cos datos obtidos e facilitados polo Servizo de Novas Tecnoloxías..

Ejercicio: ▼

Ejercicio	Periodo	Fecha cierre periodo	Estado	Acciones
2019	Enero	28/02/2019	Firmado en plazo	  
2019	Febrero	01/04/2019	Firmado en plazo	  
2019	Marzo	30/04/2019	Firmado en plazo	  
2019	Abril	31/05/2019	Firmado en plazo	  
2019	Mayo	01/07/2019	Firmado en plazo	  
2019	Junio	31/07/2019	Firmado en plazo	  
2019	Julio	31/08/2019	Firmado en plazo	  
2019	Agosto	30/09/2019	Firmado en plazo	  
2019	Septiembre	31/10/2019	Firmado en plazo	  
2019	Octubre	30/11/2019	Firmado en plazo	  
2019	Noviembre	31/12/2019	Firmado en plazo	  
2019	Diciembre	31/01/2020	Firmado en plazo	  

Fonte: Oficina Virtual Ministerio de Facenda

7.2. Seguimento das facturas con máis de tres meses desde o rexistro e pendentes de recoñecemento (artigo 10 da Lei 25/2013).

Segundo o disposto no artigo 10 da Lei 25/213:

“Los órganos o unidades administrativas que tengan atribuida la función de contabilidad en las Administraciones Públicas:



1. *Efectuarán requerimientos periódicos de actuación respecto a las facturas pendientes de reconocimiento de obligación, que serán dirigidos a los órganos competentes.*

2. *Elaborarán un informe trimestral con la relación de las facturas con respecto a los cuales hayan transcurrido más de tres meses desde que fueron anotadas y no se haya efectuado el reconocimiento de la obligación por los órganos competentes. Este informe será remitido dentro de los quince días siguientes a cada trimestre natural del año al órgano de control interno”.*

Durante o período auditado realizouse o seguimento das facturas pendentes con maiores prazos de excedido, e requerimento de completar á tramitación ao Servizo correspondente vía email ou teléfono.

Recoméndase un reforzamento destas tarefas cun seguimento mensual e requirimento formal aos servizos respecto das facturas pendentes de recoñecemento, unha vez transcorridos máis dun mes (inicialmente pódese partir dun prazo superior a reducir gradualmente) desde a data de rexistro. Así mesmo debe realizarse un seguimento das obrigas recoñecidas con mais de dez días transcorridos sen realización do pago material.

En canto a elaboración dun informe trimestral con coa relación das facturas con respecto as cales transcorreran máis de tres meses desde que foron anotadas e pendentes de recoñecemento da obriga de gasto (artigo 10.2 da Lei 25/2013), cómpre sinalar que con carácter trimestral e xunto co informe de facturas pagadas e pendentes de pago, no exercicio 2019 incluíse o informe de facturas pendentes de recoñecemento respecto das cales transcorrera máis de tres meses desde a data de rexistro.

7.3. Outras observacións.

- Revisados os listados de facturas advírtese de erros correspondentes con facturas o que aínda que pagadas figuran pendentes e se arrastran ao longo de todo o exercicio. Consultado este dato co Servizo de Novas Tecnoloxías, infórmase que se trata de facturas que ao non ser enlazadas correctamente coas certificacións de obra figuran como pendentes, aínda que foron debidamente recoñecidas e pagadas no ano.

Recoméndase redefinir o sistema de rexistro e procedemento aplicable en materia de rexistro e tramitación de certificacións de obra e facturas asociadas.

- No que respecta á obtención de datos e listados de facturas, a operativa seguida é a de requirilos ao Servizo de Novas Tecnoloxías. Tratándose de funcións propias da Intervención e/ou Tesoureira de carácter ordinario deben habilitarse os mecanismos correspondentes para obtención destes datos



directamente pola Intervención e preferentemente, por ser esta a opción legal, do programa contable.

Oitava. Probas de revisión da seguridade

Polo Servizo de Novas Tecnoloxías, procedeuse ao análise e verificación do cumprimento do artigo 12 da Orde HAP /492/2014 en canto aos requisitos de dispoñibilidade, confidencialidade, integridade e seguridade do rexistro contable de facturas.

Desta forma, procedeuse a constatar:

- a. Que o sistema consta de medidas de redundancia e que se publica a dispoñibilidade horaria do sistema na sede electrónica correspondente.
- b. Que se cumpre coas medidas de seguridade do Real Decreto 1720/2007 para protección de datos de carácter persoal.
- c. Que se cumpre coa política de seguridade do organismo que teña atribuída a función de contabilidade, e que a acreditación de usuarios cumpre cos seus procedementos establecidos, tendo acceso en cada caso só ás facturas que teñan necesidade de coñecer.
- d. Que os sistemas de xestión do RCF axústense ao establecido no Real Decreto 3/2010 polo que se regula o Esquema Nacional de Seguridade.

Para a comprobación de devanditos extremos realizáronse polo servizo de Novas Tecnoloxías as seguintes comprobacións:

1. Verificouse que o sistema consta de medidas de redundancia e que se publica a dispoñibilidade horaria do sistema na sede electrónica correspondente.
2. Constatouse que se cumpre a normativa vixente en materia de protección de datos.
3. Verificouse que se cumpre coa política de seguridade do organismo que teña atribuída a función de contabilidade, e que a acreditación de usuarios cumpre cos seus procedementos establecidos, tendo acceso en cada caso só ás facturas que teñan necesidade de coñecer.
4. Verificouse que os sistemas de xestión do RCF axústense ao establecido no Real Decreto 3/2010 polo que se regula o Esquema Nacional de Seguridade.

RESULTADOS DA AUDITORÍA, RECOMENDACIÓNS E TRAMITACIÓN.

Resultados da auditoría.



Como resultado da auditoría realizada advírtese da falta de disposición dun rexistro de facturas integrado ou interrelacionado coa contabilidade. O rexistro de facturas desenvolveuse no xestor de expedientes sen integrarse ou interrelacionarse co programa contable.

Deste xeito os datos do rexistro non resultan accesibles desde a contabilidade e moitas das consultas e obtención de información ou listados para elaboración dos informes de seguimento non poder ser obtidos directamente polo Servicio de Intervención, precisando da asistencia e remisión dos listados polo Servicio de Novas Tecnoloxías.

Así mesmo, sinalamos a existencia de certas discrepancias en canto ao número de rexistros segundo os listados consultados.

No que atinxe ás probas practicadas, concluímos o seguinte:

1. Sobre o cumprimento do artigo 4 da Lei 25/2013 e a aplicación dos criterios desenvolvidos na circular 1/2015, de 19 de xaneiro, da IGAE, sobre obrigatoriedade da factura electrónica a partir do 15 de xaneiro de 2015, e Bases de Execución do Orzamento Provincial 2019, a tenor das probas practicadas, referidas no punto 4.1 púidose comprobar que o número de incumprimentos desta normativa de obrigatoriedade de facturación electrónica foi reducido.

Respecto da información requirida no artigo 5.3. da Orde HAP/492/2014 constátase a existencia de facturas en papel do RCF nas que non constan todos os campos.

2. Sobre o cumprimento dos apartados 1 e 2 do artigo 9 da Lei 25/2013, a tenor das probas practicadas, descritas no apartado cinco, púidose comprobar a falta de información ao PXEFe do identificador da factura no RCF.
3. Sobre as validacións do contido das facturas, a tenor das probas practicadas, descritas no apartado 5.5, púidose comprobar que, cunha porcentaxe baixa de erro, a facturas electrónicas procesadas cumpriron coas regras de validación da Orde HAP/1650/2015.
4. Sobre a aplicación dos procedementos de tramitación das facturas recollidos nos apartados 3 e 4 do artigo 9 da Lei 25/2013 e os artigos 8 e 9 da orde HAP/492/2014, a tenor das probas practicadas, descritas no punto terceiro, púidose comprobar que, con poucas excepcións se cumpre cos procedementos descritos na Orde HAP/1650/2015.
5. Sobre a emisión dos informes dos artigos 10 da Lei 25/2013, púidose comprobar que se cumpre coa emisión dos citados informes, si ben debe reforzarse o seguimento das facturas pendentes de recoñecemento e requirimentos periódicos aos servizos correspondentes
6. Sobre os requisitos de dispoñibilidade, confidencialidade, integridade e seguridade do rexistro contable de facturas recollidos no artigo 12 da



Orde HAP /492/2014, e segundo reflicte o Informe do Servizo de Novas Tecnoloxía verificouse o seu cumprimento.

Recomendacións

- Como resultado da auditoría realizada e sen prexuízo de melloras e adaptacións no rexistro de facturas, a recomendación principal directamente referida coa salvidade referida no apartado anterior é a implementación dun rexistro de facturas “integrado” ou “interrelacionado” coa contabilidade (artigo 8 da lei 25/2013).
- Todas as facturas deben tramitarse polo Rexistro e deben excluírse documentos como liquidacións tributarias e certificacións por non ter natureza de factura. Isto sen prexuízo da necesidade dun tratamento diferenciado para as certificacións a efectos de enlace coa factura para calculo do PMP e informe de morosidade.
- Recoméndase a introdución de mecanismos que impidan continuar a tramitación e/ou xeneren alerta respecto das facturas en papel con campos obrigatorios incompletos.
- Deben adoptarse as medidas que permitan a obtención dos datos referidos á morosidade e PMP directamente pola Intervención.
- Debe reforzarse o seguimento das facturas pendentes de recoñecemento, con especial referencia aos supostos esixidos legalmente, con transcurso de mais de tres meses desde a data de recoñecemento e das obrigas recoñecidas e pendentes de pago, xunto coa revisión dos listados de pendentes por mostreo para detectar erros de facturas pagadas que poidan aparecer no listado de pendentes repercutindo negativamente nos informes de morosidade e cálculo do PMP.
- En materia de seguridade, o Servizo de novas Tecnoloxías informa do cumprimento da política de seguridade esixible. En todo caso, recoméndase para vindeiros exercicios a realización dun control externo, previa inclusión nunha programación anual de auditoría de funcionamento e seguridade de sistemas polo Servizo de Novas Tecnoloxías desta entidade ou, no seu caso, encargarse a Técnico especializado nestas tarefas.

Tramitación.

Si ben os informes de auditoría están suxeitos ao principio contraditorio, en atención ao procedemento de realización das probas polo Servizo de Novas Tecnoloxías, cuxos resultados reflectisen no presente Informe, e a realización da auditoría pola Intervención, en canto órgano legalmente responsable do funcionamento do rexistro, non se estima necesario o trámite de alegacións, procedéndose á emisión de informe definitivo.



Deste Informe definitivo darase traslado ao Pleno na seguinte sesión ordinaria.

A Comisión informativa de Réxime Interior, Economía, Facenda e Axenda Dixital queda enterada do contido do **informe da auditoría do rexistro de facturas do exercicio 2019**, en relación ó disposto no artigo 12.3 da Lei 25/2013, de 27 de decembro, de impulso da factura electrónica e creación do rexistro contable de facturas no Sector Público.

14. ROGOS E PREGUNTAS.

Non se produciron.

E non habendo máis asuntos que tratar, pola Presidencia dáse por finalizado o acto, sendo as doce horas e nove minutos do día arriba sinalado, do que, como Secretario, dou fe.

O Secretario da Comisión

Asdo.: José Antonio Gulías Varela

(Documento asinado electrónicamente ó marxe)

